



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 24 de xullo de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 24 DE XULLO DE 2024.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2024, de 28 de xuño.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xuño ata o 16 de xullo de 2024.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) para cofinanciar actividades de cultura tradicional, os Premios Mestre Mateo e actividades culturais na rúa.
4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2024.
5. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2024, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e o correspondente convenio de colaboración.
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego no ano 2024.
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2024 na Provincia da Coruña. Dende aquí até acolá, galego xa!".

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

8. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2024 e o correspondente convenio de colaboración.
9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2024: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración.
10. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2024 e o correspondente convenio de colaboración.



Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

11. Aprobación da modificación da cláusula XIII relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza, ata o 31 de outubro de 2025 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños de Caraña e a Veiga", do Concello de Betanzos incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0115.0.

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Borreiros" do Concello de Cee incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0145.0.

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Sinalización e mellora da iluminación do entorno do santuario de Nosa Señora da Barca", do Concello de Muxía incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0355.0.

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios" do Concello de Valdoviño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0295.0.

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colectores de saneamento en Fontao" do Concello de Vedra, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0436.0.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

17. Dación de conta da aprobación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2023.

18. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2023.

19. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2023.

20. Aprobación definitiva dos estados consolidados da Conta Xeral do exercicio 2023.

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2024 de aprobación polo Pleno.

22. Dación de Conta da remisión de información ao Consello de Contas da avaliación do



entorno de control: control interno, contratos e convenios dos exercicios 2021 a 2023.

23. Dación de conta da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2023 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Narón (Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana).

25. Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26. Aprobación inicial do Regulamento da carreira profesional horizontal da Deputación da Coruña.

27. Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2024.

28. Dación de conta da resolución de presidencia número 27520 relativa a persoal eventual.

29. Aprobación da Proposta da Presidencia ao Pleno do 24 de xullo de 2024 sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes de 2024.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

30. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Laracha polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Renovación expositiva do Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte de Golmar".

31. Aprobación da designación de representantes e suplentes da Deputación Provincial da Coruña nas comisións de seguimento dos Plans de Sostibilidade en Destino (PSTD): Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra, Xeoparque Cabo Ortegal, Fragas do Eume, Os Fogóns do Anllóns e Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle.

32. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das Representacións históricas en torno desembarco das tropas do Arcebispo "Rodrigo de Luna" e da loita cos cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457.

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

33. Aprobación da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

34. Aprobación da prórroga do prazo de execución e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a Fundación Paideia Galiza para financiar o proxecto "Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo" no marco do Plan de Emprego Local (PEL).



Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

35. Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da Seguridade Viaria na DP4804 Ponte do Porco a Vilamateo Punto Quilométrico 0+00 - 1+340 (Miño e Paderne) incluído no Plan de Vías Provinciais 2024.

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 24 de xullo de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 24 de xullo de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:09 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bos días. Comezamos a sesión ordinaria de Pleno co primeiro punto da orde do día.



1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2024, de 28 de xuño.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 7/2024, de 28 de xuño.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xuño ata o 16 de xullo de 2024.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de xuño ata o 16 de xullo de 2024.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) para cofinanciar actividades de cultura tradicional, os Premios Mestre Mateo e actividades culturais na rúa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **250.000,00 €**, ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), para cofinanciar as *Actividades de cultura tradicional, os Premios Mestre Mateo e actividades culturais na rúa*, cun orzamento subvencionado de 312.500,00 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de xuño de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.



“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as *Actividades de cultura tradicional, os Premios Mestre Mateo e actividades culturais na rúa.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE)

EXPOÑEN

1.- O Instituto Municipal Coruña Espectáculos é un organismo autónomo local creado ao abeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e adscrito a área do Concello da Coruña que teña atribuídos os servizos de Cultura, e de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, coma entidade de Dereito público, goza de personalidade xurídica propia e independente, plena capacidade xurídica e autonomía económica e administrativa para o cumprimento dos seus fins con subxección ás leis e ao disposto nos seus estatutos.

2.- O obxecto finalista do IMCE, conforme ao artigo 3 dos estatutos, determínase nos seguintes apartados:

- a) Contribuír á defensa e divulgación dos valores socio culturais da cidade.
- b) Potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto.
- c) Levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña, que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade, relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.
- d) Procurar o mellor custo e rendemento das actividades que se programan.
- e) Xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e de animación cultural que poidan dinamizar a oferta cultural.
- f) Xestionar as instalacións, equipamentos municipais do ámbito do espectáculo, que se lle atribúan.
- g) En xeral, cantas outras iniciativas culturais e festivas sexan consideradas de interese.

3.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura crédito destinado a financiar a súa programación.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes



CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE)**, co NIF: Q1500358E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) beneficiaria para o financiamento parcial das **Actividades de cultura tradicional, os Premios Mestre Mateo e actividades culturais na rúa**, que se indica deseguido:

Actividades de cultura tradicional, habitualmente excluídas dos itinerarios de exhibición do contorno musical, que son necesarias para manter a tradición musical e forman parte da cultura popular arraigada. Contarase coa participación de asociacións musicais e/ou culturais sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade cultural na nosa cidade con un grao de implementación social representativo e cunha finalidade clara e exclusivamente artística, musical e de baile, e estarán orientadas á cidadanía en xeral. As actuacións desenvolveranse en distintos espazos ao longo do ano.

Premios Mestre Mateo: XXII edición dos Premios da Academia Galega do Audiovisual Mestre Mateo como recoñecemento ás obras galegas e ós profesionais que traballaron nelas nos seus distintos aspectos técnicos e creativos. Os premios son o resultado da votación por parte dos académicos e académicas e contan con diversas categorías, de produción, de interpretación, guión, dirección, etc. O interese destes premios para a cidade é notorio, xa que son recoñecidos a nivel da comunidade autónoma e tamén no resto de España. No ano pasado se celebraron en Santiago e este ano a gala de premios se realizará no Coliseum o día 23 de marzo.

Actividades culturais na rúa: actividades de artes escénicas destinadas ao público familiar, como espectáculos de maxia, música, danza, teatro, circo ou humor, que se desenvolverán en distintos barrios da cidade durante o verán.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE)

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Contratacións externas:	
ACTIVIDADES DE CULTURA TRADICIONAL	200.000,00
PREMIOS MESTRE MATEO	50.000,00
ACTIVIDADES CULTURAIS NA RÚA	62.500,00
Total orzamento	312.500,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **250.000,00 €**, o que



representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE).

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao IMCE, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o IMCE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o



cumprimento desta obriga do IMCE.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao IMCE unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do IMCE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o IMCE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao IMCE para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao IMCE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade



financeira indicada polo IMCE.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O IMCE deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O IMCE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o IMCE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o IMCE poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o IMCE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o



pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do IMCE serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao IMCE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do IMCE, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.



3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **200.000,00 €**, ao Auditorio de Galicia, para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 250.807,30 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura,



levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18 de xuño de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2024.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- A programación desenvolta polo Auditorio de Galicia excede as marxes do propio concello de Santiago de Compostela. As actividades programadas teñen un carácter supramunicipal, atendendo á configuración de Santiago de Compostela como a capital cultural do país, por iso a área de influencia das programacións excede o ámbito comarcal situándose no ámbito provincial e nacional.

A programación cultural compostelá ten unha clara orientación provincial e nacional.



Sendo un dos seus obxectivos, Compostela como capital do país e núcleo de formación e ocio da provincia, vese reforzada na acollida de cidadáns dos concellos da provincia e orienta, máis ca nunca, as súas políticas turísticas e culturais a eses ámbitos.

5.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio de Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve.

6.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa de actividades do ano 2024*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programa de actividades do ano 2024*, que se indica deseguido:

* Patrimonio C.- A Noite do Patrimonio é un evento cultural único en Europa, coordinado dende o GCPHE, ofrece un programa de actos e actividades que se desenvolven de forma simultánea nas 15 cidades históricas co selo UNESCO. Para Patrimonio C. A Noite do Patrimonio 2024 organizarase unha programación de actividades que buscaban poñer en valor o patrimonio compostelán, dende unha perspectiva ampla, tanto no referente ó patrimonio material e inmaterial, pero tamén ao patrimonio vivo existente na cidade e que se atopa en continuo e constante crecemento.

* Xornadas de ilustración urbana: incluídas no programa Compostela Ilustrada, estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada. Cada autor/a presenta os seus bosquexos e fala sobre a as experiencias, técnicas e achegas persoais arredor do seu traballo.

* Música: o carácter singular da programación musical que elabora o Auditorio recae en dous alicerces: o primeiro o apoio e a estabilidade dunha programación clásica, case única no país con vontade de achegamento do repertorio clásico aos habitantes da provincia. E por outra banda, o apoio das músicas e tendencias de vangarda e actualidade que nos achegan novas vías de enfrontarnos co feito musical artístico:

- Programa de abono: A base de programación de abono do Auditorio de Galicia é a Real Filharmonía de Galicia. Baixo o título “Migracións”, a programación deseñada polo seu director titular Baldur Brönnimann, incluírá 22 concertos -12 deles entre xaneiro e maio de 2024- baixo a dirección, entre outras, do mesmo mestre Brönnimann e da principal directora invitada Joana Carneiro.

- Nova proposta da Real Filharmonía de Galicia que baixo o título de (EN)FOCO recolle 3 concertos dunha hora de duración para as persoas que se achega por vez primeira, un deles un monográfico de Roberto Gerhard, outros no que Stravinski e Schumann compartirá protagonismo con Gaspar e por último, un programa sobre a herdanza africana cos traballos de Kendall, Mazzoli e Price.



- Pensando no público máis novo, artelláronse 3 concertos didácticos e familiares: “Pulcinella”, coa dirección de Javier Fajardo, “O gato con botas”, en colaboración coa compañía Per Poc e “Pleasure Islands”, sobre textos de Cortázar e Kafka. Cada un deles vai dirixido a unha franxa de idade que abrangue dos 6 aos 17 anos.

* Ciclo de Lied: en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago; este ciclo caracterízase pola orixinalidade á hora de presentar cada ano unha visión diferente do xénero musical do lied e a canción de cámara.

* Xornadas de música contemporánea: teñen como obxectivo promover e difundir as últimas tendencias e a innovación da música contemporánea, poñéndooas en valor ao carón dos xa considerados clásicos do século XX. Como en edicións anteriores mantense a colaboración institucional coa Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Galego de Arte Contemporánea. En 2024, as Xornadas volverán contar coa participación da Joven Orquesta Nacional de España para realizar un dos seus Encontros anuais, ofrecendo dous concertos sinfónicos e tres de cámara.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade do proxecto aRi[t]mar atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades de falantes polo mundo. Trátase pois, de achegar e valorar o mellor da canción e da poesía feita en portugués e de espallar o mellor da canción e a poesía feita en galego como unha relación entre iguais.

Un proxecto didáctico-cultural que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galegoportuguesas actuais, aproximando a cultura e a lingua dos dous países. Un certame que consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués que se entregan cunha Gala que organiza o Auditorio de Galicia.

* Outras músicas: Os obxectivos desta liña de programación son os de fomentar a asistencia a programacións de música de públicos máis novos.

Estruturase unha programación que busca formatos e espectáculos que non entren en competencia directa coas salas e promotoras de concertos privados que realizan a súa actividade na cidade.

Apoiarase a música que se fai no concello, así presentaranse no Teatro Principal e no Auditorio os novos traballos discográficos e efemérides de bandas locais. Os concertos de gran formato seguindo a liña de programación de anos anteriores presenta os seguintes artistas: LEILÍA, realizará o seu concerto de despedida dos palcos no Auditorio de Galicia.

* Artes escénicas e de movemento: os espazos escénicos do Concello de Santiago convértense en puntos de chegada e partida dun amplo abano de propostas que entran en diálogo entre si para configurar un programa diverso e dirixido a todo tipo de públicos.

Apoiarémonos nos circuítos habituais sobre os que combinaremos unha programación diversa, ampla e con matices, que abraza toda amplitude de linguaxes escénicos e fortaleza o tecido profesional galego creando sinerxías de traballo e coñecemento en rede coa escena europea.



Os obxectivos de programación que fundamenten a escolla e o axuste nas amplas posibilidades dos distintos circuítos en particular serán:

1. Consolidación de públicos e atracción de novos públicos mediante unha programación de alta calidade
2. Consolidar o Auditorio de Galicia como referente na programación escénica no Estado de espectáculos de grande e medio formato.
3. Manter o equilibrio entre disciplinas da palabra e o movemento (teatro, danza, circo...) e orientación de públicos (infantil/adulto).
4. Fomentar o diálogo entre producións locais e estatais.
5. Ter presente a atención á diversidade de públicos e fomento de creación de novos públicos.

Volve a #POSUNCIÓN: conversas con membros do equipo de cada espectáculo arredor da temática e a experiencia de traballo do mesmo.

* Festival C, configúrase como unha proposta de actividades culturais para o verán compostelán que pretende facer unha mostra de disciplinas artísticas maiormente galegas en espazos ao aire libre: parques, xardíns e prazas intentando crear puntos estables de difusión cultural que garantan a seguridade e esixencias sanitarias para a realización dos espectáculos.

Os espazos estableceranse por disciplinas artísticas:

- C letras. Literatura á fresca (recitais de poesía e roteiros literarios)
- C circo (artes de circo e rúa)
- C escena (artes escénicas e danza)
- C música (música)

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de abono

Deseño e maquetación do programa	3.500,00
Impresión programas	5.000,00
Impresión programas de man	8.000,00
Subministro de augas para concertos	500,00
Dereitos de autor	200,00
Envíos postais	1.000,00
Reparto cartellaría	200,00
Impresión mupis	200,00
Comunicación e difusión na Axenda C	1.500,00
Venda telemáticas de abonos e entradas	3.500,00
Subtotal	23.600,00

Ciclo de lied

Honorarios artistas	21.000,00
Deseño de materias	1.500,00
Impresión cartel e programa	1.500,00
Dereitos de autor	1.000,00
Afinacións	700,00
Subtotal	25.700,00



Xornadas Música Contemporánea

Honorarios e acomodación artistas	20.000,00
Deseño de materiais	1.500,00
Impresións	1.500,00
Dereitos de autor	1.000,00
Afinacións	300,00
Alugueiro material técnico	1.000,00
Subtotal	25.300,00

Gala Arif[t]mar

Contratación artística	5.000,00
Alugueiro de material	2.000,00
Coordinación e produción da Gala	5.000,00
Servizos profesionais	1.000,00
Subtotal	13.000,00

Festival C

Contratacións artísticas	30.000,00
Asistencia técnica	5.000,00
Seguridade e acomodación	2.000,00
Servizo de reparto de entradas	1.500,00
Subtotal	38.500,00

Patrimonio C

Servizos técnicos	20.000,00
Subtotal	20.000,00

Xornadas de Ilustración Urbana

Coordinación e deseño do programa	2.990,00
Contratación de relatores	10.800,00
Impresión de material gráfico	1.210,00
Subtotal	15.000,00

Artes escénicas e do movemento

Gala do Circo	7.260,00
Adictos	15.125,00
Iribarne	6.207,30
Ceibe	7.385,00
Macho Grita	6.655,00
Leilía	9.075,00
Asistencias técnicas	8.000,00
Atención aos públicos	9.000,00
Alugueiro de material	5.000,00
Publicidade e impresión de materiais	5.000,00
Comunicación e difusión na Axenda C	3.000,00
Servizo de venda de entradas	2.500,00
Dereitos de autor	2.000,00
Postfuncions	3.500,00
Subtotal	89.707,30

Total **250.807,30 €**



III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **200.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,7425 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,7425 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.



V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.



A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei



orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; suplementariamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para cofinanciar o Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2024, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e o correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



"1.- Aprobar a concesión da subvención nominativa, por importe de **120.926,27 €**, ao Concello da Coruña para cofinanciar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2024, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)*, cun orzamento subvencionado de 509.712,67 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2024, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM).*

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dña. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dña. _____ en nome e representación do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que "Os concellos



poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente”, e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Coruña no ámbito das súas competencias, ten unha rede municipal de acollida que conta con dous equipamentos de titularidade municipal:

* unha Casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orden do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a rede galega de acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e as e os menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero,

* dous pisos de inclusión e transición a vida Autónoma (PITVA).

A Casa de Acollida e/ou pisos de inclusión e transición a vida autónoma forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero; o art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Coruña ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, P1503000J, para financiar o ***Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma, anualidade 2024, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM)***, por consideralos recursos especializados de carácter supracomarcal e que dan servizo aos concellos da provincia.

II.- CONDICIÓNS XERAIS.

1.- Descrición dos recursos da rede.



A *casa de acollida para mulleres* (CAM) é un recurso especializado de carácter residencial e temporal que ofrece acollida, atención e recuperación ás mulleres e, no seu caso, ás persoas que dependen delas; o tempo de permanencia neste centro non será superior a tres meses, podendo establecerse una prórroga por un período igual, en circunstancias excepcionais.

Os dous *Pisos de Inclusión e Transición a Vida Autónoma* (PITVA) son un recurso especializado de carácter residencial e temporal que posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral ás mulleres e, no seu caso, persoas que dependen delas; o tempo de permanencia no poderá ser superior a un año.

Estes recursos forman parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, regulada pola Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, e pola Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

2.- Perfil e requisitos das persoas usuarias.

Mulleres e persoas que dela dependan, que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Compromisos do Concello da Coruña.

3.1.- Manter o recurso en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do recurso e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que dela dependan.

3.2.- Manter adscrito á *casa de acollida e aos dous pisos de inclusión e transición a vida autónoma* ao seguinte persoal:

- 9 auxiliares
- 1 directora
- 2 educadoras

3.3.- Valorar as condicións de ingreso en cada centro, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.

3.4.- Cumprir as normas e requisitos que se establecen segundo o tipo de recurso, garantir o cumprimento dos regulamentos de réxime interno, seguir as directrices marcadas pola Xunta así como dispor das autorizacións ou permisos pertinentes.

3.5.- Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a tramitación das prazas segundo as directrices no marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e co establecido no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña.

3.6.- Informar á Deputación Provincial da Coruña, sobre calquera modificación do Regulamento de réxime interno da casa de acollida e/ou dos pisos de inclusión e transición a vida autónoma.



3.7.- Comunicar á deputación Provincial da Coruña calquera tipo de cambio no recurso: ampliación ou redución de equipamentos ou das prazas, peche por obras, outras reformas etc.

3.8.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña, en prazo e forma, a solicitude de prórroga do convenio, a memoria anual do recurso, a solicitude de novo convenio, e/ou informes de seguimento, de ser o caso, que se recollan no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña ou sexan solicitadas.

3.9.- Designar a unha persoa responsable do servizo ou sección da que dependan os recursos e a unha persoa responsable ou directora dos recursos para formar parte dunha comisión de seguimento. Esta comisión reunirse anualmente.

3.10.- Asistir ás reunións convocadas pola Deputación Provincial da Coruña.

3.11.- Publicitar no centro de acollida a colaboración da Deputación Provincial da Coruña, o financiamento do recurso a través dunha comunicación escrita colgada no taboleiro ou lugar visible que inclúa o logo da Deputación Provincial da Coruña e de Igualdade.

Así mesmo, estes logos incluíranse nas memorias xustificativas ou en calquera material que se edite.

4.- Obrigas da Deputación da Coruña.

4.1.- Colaborar no financiamento dos gastos de mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición a vida autónoma (gastos de persoal e gastos correntes) do Concello da Coruña.

4.2.- Cooperar na coordinación das dúas entidades que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.

4.3.- Realizar, de acordo co PRAM, o seguimento e coordinación correspondentes coa dirección do recurso e cos servizos do Concello da Coruña, promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.

4.4.- Constituír unha comisión de seguimento para á que designará unha persoa responsable do convenio, e convocar as reunións anualmente con alomenos unha semana de antelación.

4.5.- Convocar calquera outra reunión ou solicitar informes técnicos, en caso de considerarse oportuno.

4.6.- Avaliar os resultados e elaborar un informe anual de resultados e outro cuatrianual.

4.7.- Proporcionar formación anual para o persoal dos recursos, en función das necesidades detectadas sobre intervención en materia de violencia de xénero e xestión emocional.

III.- ORZAMENTO DE GASTOS.

O orzamento de gastos de mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e



transición á vida autónoma do Concello da Coruña é o seguinte:

CONCEPTOS DE GASTO			IMPORTE	
Gastos de persoal da rede		Retribucións	Seguridade Social	455.212,67
	9 Auxiliares	223.200,00	66.600,00	289.800,00
	Directora	52.000,00	13.512,67	65.512,67
	2 Educadoras	75.400,00	24.500,00	99.900,00
		Casa acollida - CAM	Pisos inclusión PITVA's	
Reparacións e mantemento de edificios		5.000,00	1.000,00	6.000,00
Reparación e mantemento de maquinaria		1.400,00	600,00	2.000,00
Subministracións				46.500,00
	Gas	8.350,00	1.650,00	10.000,00
	Alimentos e outros produtos	25.000,00	5.000,00	30.000,00
	Produtos farmacéuticos e outro material sanitario	750,00	250,00	1.000,00
	Outras subministracións	4.450,00	1.050,00	5.500,00
TOTAL				509.712,67

IV.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos de mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición á vida autónoma incluídos no orzamento que figura na cláusula terceira cunha achega máxima de **120.926,27 €** o que representa unha porcentaxe do 23,72440 %.

No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 23,72440 %, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2. Agora ben, aínda que se xustifique gasto suficiente, no caso de que non se mantivese o persoal sinalado no apartado 3.2 da cláusula II, reducirase proporcionalmente a aportación de Deputación Provincial da Coruña, en base ao orzamento achegado polo Concello.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



4. A achega da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

V.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia necesarios para o mantemento da casa de acollida e dos pisos de inclusión e transición a vida autónoma.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1 - A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Concello de Coruña unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

***Certificación** do Concello de que o recurso está en funcionamento.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) establecida na cláusula segunda, apartado 3.11.

* **Memoria xustificativa** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, segundo consta no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero (PRAM).

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ao ano a xustificar.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

VIII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A través do presente convenio fináncianse os gastos de mantemento da *casa de acollida para mulleres-CAM* e os *Pisos de Inclusión e Transición á Vida Autónoma-PITVA's* entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematado o ano, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Coruña.

IX.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial da Coruña determinarase de oficio por esta.

X.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.



1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da achega concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a achega ao Concello de Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2025**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Previa solicitude do Concello da Coruña, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

Coa solicitude de prórroga anual o Concello da Coruña presentará o orzamento previsto.

A prórroga poderá dar lugar a modificacións, tanto da cantidade da achega provincial como da porcentaxe de financiamento, así como do procedemento e protocolo de actuación de ser o caso.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes por causa debidamente xustificada, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación Provincial da Coruña, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a lexislación de contratos do sector público.



2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego no ano 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establécese como obxectivo estratéxico E.09 "*Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos*" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais.

- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 2020-2022 prórroga 2024 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve a MESA, e tendo en conta o grande apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

2. Aprobar o convenio con Mesa pola Normalización Lingüística, G15154610, correspondente á subvención nominativa por importe de 40.000,00 euros co obxecto de



financiar o proxecto A liña do galego no ano 2024. A porcentaxe de financiamento proposta é do 75,90 % de acordo co texto do convenio que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente orzamento.”

ANEXO

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (MESA), CIF G15154610, PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2024

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Mesa pola Normalización Lingüística

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de máis de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

“A liña do galego” é un proxecto necesario, singular e excepcional porque sen negar os evidentes avances, o proceso de normalización non chegou ao seu fin. O obxectivo desta liña é romper a normalidade e impiedade da exclusión do galego. Neste sentido denuncian incumprimento de acordos e lexislación nacionais, estatais e internacionais en relación á lingua.

A liña é un servizo gratuíto dirixido a toda a poboación, dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para Apple e Android para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación para darlles solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.



É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Mesa pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar “A Liña do galego 2024” servizo gratuito que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App para Android e Apple “A liña do galego”, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE



BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

ORZAMENTO DE GASTOS

App A Liña do Galego. Renovación e actualización da App para móbiles e tablets Android e Apple 500,00 euros

Persoal. Nóminas correspondentes a un ano para atención, xestións, asistencia xurídica, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego 45.000,00 euros (soldos e salarios 34.200, Seguridade Social 10.800)

Deseño e impresións. Deseño e impresións do informe da Liña do Galego e da App 1.100,00 euros

Envíos. Distribución do material con información do proxecto a Liña do galego 500,00 euros

Comunicación. Comunicación dos actos relacionados coa Liña do galego 5.600,00 euros

TOTAL 52.700,00 euros

ORZAMENTO DE INGRESOS

A entidade achega con fondos propios 12.700,00 euros

Deputación da Coruña 40.000,00 euros

TOTAL 52.700,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 75,90%. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,90% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a



mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a MESA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación



da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2024** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se *devenguen* dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS



1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **exercicio 2025**, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2025 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da



Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural Correlingua para cofinanciar o proxecto "Correlingua 2024 na Provincia da Coruña. Dende aquí até acolá, galego xa!"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:



a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o capítulo XI.–Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan estratéxico de subvencións establécese como obxectivo estratéxico E.09 "Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos" sendo área ou servizo referente, entre outras Normalización Lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos entidades sociais.
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 2020/2022 - prórroga 2024 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve Asociación Cultural Correlingua, e tendo en conta o grande apoio coa actuación que desenvolve para as súas actividades de defensa dos dereitos lingüísticos e de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

2. Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, correspondente á subvención nominativa por importe de 20.000,00 euros co obxecto de financiar o proxecto "Correlingua 2024 na Provincia da Coruña. Dende aquí até acolá, galego xa!". A porcentaxe de financiamento proposta é do 54,74 % de acordo co texto do convenio que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente orzamento."

ANEXO

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA, CIF G70325683, PARA FINANCIAR O "CORRELINGUA 2024 NA PROVINCIA DA CORUÑA. DENDE AQUÍ ATÉ ACOLÁ, GALEGO XA!"

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN



A Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, organiza coa denominación, que adoptaron, de Correlingua desde 2001 diversas actividades a prol do idioma por Galicia, un proxecto de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

As actividades máis visíbeis para a sociedade son as FESTAS e CARREIRAS que se celebran nas principais cidades do país, o traballo esténdese ao longo de todo o ano, con actividades que teñen por obxecto traballar sobre a lingua de maneira que o Correlingua interactúa cos centros de ensino no curso 2023-2024 e no 2024-2025 e contribúe así á sensibilización co noso idioma e a darlle o protagonismo na preparación de contidos e argumentos ao alumnado participante.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.



A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o "Correlingua 2024 na Provincia da Coruña. Dende aquí até acolá, galego xa!" (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a actividade

GASTOS

1.Organización de actividades 23.776,40 euros

1.1 Actividades nos centros ensino participantes Correlingua 1.090,00 euros

2 Obradoiros escrita Desata a lingua por Lucía Aldao 440 euros

Obradoiro Premio Crealingua 650 euros

1.2 Contratación de profesionais Correlingua 2024, 23.766,40 euros

Presentación Fran Rei na Festa da Coruña 393,25 euros

Mekánika Rolling Band (Cantalingua) na Festa da Coruña 1.300,00 euros

Sonorización e palco Festa da Coruña 3.248,85 euros

Comunicación e redes sociais Merlolab concello Coruña 726,00 euros

Cuarta Xusta (Cantalingua) Festa Santiago de Compostela 1.100,00 euros

Sonorización Festa de Santiago de Compostela 1.778,70 euros

Presentación Isabel Risco Festa de Santiago de Compostela 393,25 euros

Comunicación e redes sociais Merlolab concello Santiago 544,50 euros

Presentacións e dinamización Isabel Risco na Festa de Narón 605,00 euros

A Gramola Gominola (Cantalingua) na Festa de Narón 2.200,00 euros

Comunicación e redes sociais Merlolab resto provincia 1.210,00 euros

Coordinación Correlingua nóminas Helena Torres Blanco 10.266,85 euros

1.3 Desprazamentos alumnado 3.357,00 euros

Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa de Narón 2.257,00 euros

Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa da Coruña 1.100,00 euros



2. Deseño - Edición de material e publicitación 8.322,61 euros

2.1 Deseño imaxe Correlingua 2024 Xulia Pisón 650,00 euros

2.2 Vídeo resumo Correlingua 2024 387,20 euros

2.3 Agasallos para o alumnado 7.078,50 euros 6.500 mochilas agasallo alumnado Correlingua (total da provincia)

2.4 Carteis 206,91 euros

TOTAL GASTOS 36.536,01 euros

INGRESOS PREVISTOS

Deputación de Coruña 20.000,00 euros

Concello de Santiago de Compostela 4.000,00 euros

Concello de Ferrol 2.500,00 euros

Concello de Coruña 10.000,00 euros

Asociación Cultural Correlingua 36,01 euros

TOTAL INGRESOS PREVISTOS 36.536,01 euros

Asociación Cultural Correlingua acredita que dispón de financiamento suficiente para asumir a parte do orzamento da actividade que non estea financiada pola Deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.000,00 euros**, o que representa unha porcentaxe de 54,74 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 54,74 % da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima e a porcentaxe citadas neste apartado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0116/3344/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para



darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a



mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2024** como máximo.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA



1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o **exercicio 2025**, autorice o correspondente orzamento.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2025 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de



xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2024 e o correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **60.000,00 €**, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o *Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 122.183,40 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da



subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 18 de xuño de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2024.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación Provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de Administración Local de Galicia 5/97 artigos 109 a 119, así como na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, artigo 63 a cal establece que as deputacións proporcionaríanlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consorcio As Mariñas**, con CIF: P1500011J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2024*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio As Mariñas.

O Consorcio as Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS		TOTAIS
NOME DO POSTO	SOLDOS E SALARIOS	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL ANUAL



ASESOR/A XURIDICO/A	35.852,28 €	11.519,28 €	47.371,56 €
ASESOR/A XURIDICO/A	35.189,64 €	11.306,28 €	46.495,92 €
AUXILIAR ADMTVO./A	21.454,56 €	6.861,36 €	28.315,40 €
TOTAL GASTO			122.183,40 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 49,10651 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,10651 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministrados necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de



publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Consorcio As Mariñas no ano 2024, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Consorcio As Mariñas.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega anual da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Consorcio As Mariñas unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.



2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de



acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de



convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio As Mariñas, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2024: accións informativas e formativas e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **17.000,00 €**, á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2024: accións informativas e formativas*, cun orzamento subvencionado de 24.285 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 19 de xuño de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2024: accións informativas e formativas.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.



2.- Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza**, con CIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2024: accións informativas e formativas*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)	18.300,00 €
Persoal técnico e administrativo	17.300,00 €
Persoal xestión publicidade e difusión	1.000,00 €
Material difusión físico e online (Prensa dixital, cadernos, bolsas, roll-up..)	2.500,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)	200,00 €
Gastos da actividade (subscrición plataforma dixital on line, difusión en redes sociais e plan de soporte de bases de datos)	1.100,00 €
Gastos xerais:	2.185,00 €
Subministracións (auga e electricidade)	935,00 €
Teléfono e internet:	500,00 €
Limpeza (nóminas e seguridade social):	750,00 €
TOTAL	24.285,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 70,00206 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten



consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o 70,00206 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.



VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable



lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.



1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.



2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2024 e o correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de



subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para *Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2024* cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para *financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2024* .

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Banco de Alimentos de Santiago de Compostela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente os de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón, proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren necesidade e promover a participación do voluntariado que os dous primeiros fins se fagan necesarios.

2.- Os destinatarios finais son as “persoas mais necesitadas”, as persoas físicas, individuos e familias ou agrupacións cunha situación de dependencia social e financeira que estean recoñecida polas autoridades competentes.

3.- As principais actuacións da entidade perseguen os obxectivos da concienciación da sociedade nos problemas derivados da escaseza de alimentos e na falta de recursos necesarios para poder vivir unha vida digna. Para poder cumprir con estes propósitos, durante o ano desenvólvense as actividades de captación e reparto de alimentos e a promoción da sensibilización da sociedade e accións formativas cara a sociedade.

4.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.



5.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela**, con CIF G70450820, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para Financiar o reparto de alimentos na zona sur da provincia da Coruña, ano 2024.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Compra de alimentos	37.500,00 €
Total	37.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de



pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poda corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para



tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle



en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente



xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

11.- Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza, ata o 31 de outubro de 2025 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Betanzos para o cofinanciamento das obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza, ata o 31 de outubro de 2025, cunha achega provincial por importe de 175.958,37 € con cargo á aplicación 0112/1711/76201 do vixente orzamento, o que representa un coeficiente de financiación do 80,00 %, e de acordo cos seguintes antecedentes:



1.- O Concello de **Betanzos o 3 de xuño de 2024 presenta solicitude** relativa á modificación da cláusula XIII **do prazo de vixencia** do convenio referenciado.

2.- Mediante acordo número 13 do Pleno da Corporación en sesión celebrada o día **25 de novembro de 2022** aprobouse a formalización dun Convenio de Cooperación co Concello de **Betanzos** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as **obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza** cunha achega provincial máxima de **175.958,37 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00% dun orzamento de **219.947,97 €**.

3.- O convenio formalizouse en documento administrativo nº **112** de data **2 de decembro de 2022**

4.- A cláusula VII establece o termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

5.- Na cláusula XIII do convenio sinalase a vixencia do mesmo así como a posibilidade da súa prórroga ou modificación:

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.....

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de



vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

6.- O concello de **Betanzos**, o **8 de agosto de 2023** solicitou, dentro do prazo conferido ó efecto, a prórroga do prazo de vixencia do convenio, *xustificándolo no feito de que*
“...Considerando que por problemas organizativos e a carga de traballo do escaso persoal do Concello, non se ten iniciado o expediente de contratación do proxecto “RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS PARA A VECIÑANZA: Mellorar a accesibilidade da Praza de Enrique Riego e hortos urbanos na rúa Concepción Arenal”.

Solicito unha ampliación do prazo de vixencia do convenio ata o 31 de outubro do ano 2024...”

7.- Os art. 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispoñen o seguinte:

Artigo 32 Ampliación

A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, si as circunstancias o aconsellan e con isto non se perxudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

....

Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen perxuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

Así mesmo, o art 49 da Lei 40/2015 do 1 de outubro no que dispón que

“...En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.”

8.- Con data de 3 de xuño de 2024 o concello de Betanzos considerando que a prórroga concedida non lle é suficiente para a execución do convenio, solicita unha revisión da cláusula XIII do convenio relativa a **VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**.

9.- Dados os antecedentes expostos, este Servizo de Patrimonio e Contratación entende que a cláusula XIII do texto do convenio quedaría redactada do seguinte modo:

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado



e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.....

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

10.- O órgano competente para aprobar a ampliación da vixencia do convenio será o Pleno da Corporación Provincial

11.- Existe crédito por importe de 175.958,37 € na aplicación 0112/1711/76201 do vixente orzamento, no documento contable AD con núm. de operación 220240010997, para facer fronte ao presente gasto.

Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posteriormente ao exercicio actual, deberá condicionarse á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario xa que, noutro caso, sería de aplicación o artigo 173.5 do TRLRFL aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, cuxo teor literal é o seguinte: *“No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar.”*

Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

2º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN



NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS PARA A VECIÑANZA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Betanzos**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Betanzos** considera de primeira necesidade as obras de *recuperación de espazos públicos para a veciñanza*

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...A actuación que se pretende cos hortos urbanos na Rúa Concepción Arenal ten a súa orixe na proposta xurdida de asociacións veciñais de Betanzos e da súa intención de levar a cabo proxectos de divulgación do coñecemento das actividades agrícolas entre os nenos e mozos así como potenciar con iso o fomento das relacións interxeracionais. Esta demanda encaixa co obxectivo de favorecer un novo modelo territorial baseado nunha



maior interacción entre o medio ambiente natural e o medio urbano e, ademais, pode considerarse unha actividade paralela relacionada coa creación de hortos urbanos autoxestionados que o concello pretende impulsar. Actualmente a zona da parcela onde se pretende actuar presenta un certo grao de abandono e empregase para depositar restos de poda, roza e depósito de materiais de obras. Por todo o exposto, potenciar o fomento de hortos urbanos na zona é unha opción interesante, con fins educativos, de relación interxeracional o de achegamento ao medio natural, tende en conta coma vantaxes a accesibilidade da parcela, a súa proximidade a un taller de formación e o moderado custo do acondicionamento necesario....”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Betanzos** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Betanzos con CIF P1500900D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Recuperación de espazos públicos para a veciñanza”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro Oscar Sanmartín Abad (ECCP) Núm.Col.22.570

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	152.752,25 euros
Gastos xerais 13,00%	19.857,79 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	9.165,14 euros
IVE (21%)	38.172,79 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	219.947,97 euros



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **175.958,37** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1711/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o



procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2024, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.



2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII**.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.



3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.



1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un



novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.....

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños de Caraña e a Veiga", do Concello de Betanzos incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia



municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0115.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Betanzos do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños de Caraña e a Veiga", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0115.0 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia de deputación número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Betanzos cos seguintes datos

Tendo en conta que o Concello de Betanzos, o día 9 de febreiro de 2023, adxudicoulle a obra á empresa BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L.. por un importe de 179.683,02 €, e que a día de hoxe está parcialmente executada e xustificada, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Betanzos 2022.2000.0115.0	Deputación	164.970,11	164.970,11	0,00	113.648,00	51.322,11
	Concello	15.879,03	14.712,91	1.166,12	10.135,74	4.577,17
	Total	180.849,14	179.683,02	1.166,12	123.783,74	55.899,28

Logo de presentar o Concello de Betanzos un proxecto técnico modificado desta obra, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto inicial, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, así como o resto da documentación administrativa e técnica necesaria e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación do día 4 de xullo de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente



modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños de Caraña e a Veiga", do Concello de Betanzos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, co código 2022.2000.0115.0, que foi aprobado polo concello, cun orzamento de contrata de 180.849,14 €, que non implica unha variación da súa finalidade nin tampouco do seu orzamento aínda que supón a redefinición das actuacións previstas inicialmente, a introdución de novas partidas e a variación de medicións, toda vez que na fase de execución xurden problemáticas sobrevidas

Concello de Betanzos 2022.2000.0115.0	ORZAMENTO DE CONTRATA PROXECTO INICIAL	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN PROXECTO INICIAL	ORZAMENTO DE CONTRATA PROXECTO MODIFICADO	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN PROXECTO MODIFICADO
Deputación	164.970,11	164.970,11	164.970,11	164.970,11
Concello	15.879,03	14.712,91	15.879,03	14.712,91
Total	180.849,14	179.683,02	180.849,14	179.683,02

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Betanzos para os efectos oportunos."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Saneamento en Borreiros" do Concello de Cee incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0145.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado denominado "Saneamento en Borreiros" do Concello de Cee incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0145.0 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES



Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cee	2022.2000.0145.0	Saneamento en Borreiros	49.652,43	0,00	49.652,43

Logo de ver que o Concello de Cee mediante Resolución da Alcaldía do 10 de novembro de 2022, adxudicoulle a obra a JUAN LAGO CONSTRUCCIÓN, S.L.U, co NIF B15932049, e actualmente a obra está parcialmente executada.

Logo de aprobar o Concello de Cee un proxecto modificado deste investimento redactado en marzo de 2024 e asinado dixitalmente o 7 de xuño de 2024 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, e polo adxudicatario do investimento o 13 de xuño de 2024 en proba da súa conformidade coa acta de prezos contraditorios, cun orzamento de contrata superior ao do proxecto incluído no Plan que ascende a 57.610,60 euros e que foi redactado coa única finalidade de modificar a profundidade da instalación do colector de augas fecais recollida no proxecto para permitir a correspondente conexión por gravidade das vivendas ás que se pretende dar servizo, dadas as características específicas que presenta cada unha delas, o que supón unha variación do trazado en alzado da rede proxectada inicialmente, e que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables así coma cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC) por importe de 7.718,03 euros asinado dixitalmente pola Intervención do concello o 10 de maio de 2024, para o financiamento do incremento deste proxecto modificado de 7 de xuño de 2024

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Saneamento en Borreiros” do Concello de Cee, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 co código 2022.2000.0145.0, que foi aprobado polo Concello de Cee mediante acordo plenario previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade



da empresa adxudicataria, e que presenta un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Cee, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Saneamento en Borreiros Concello de Cee: 2022.2000.0145.0				
Axentes financeiros	Proxecto Inicial		Proxecto Modificado	
	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación
Deputación	49.652,43	48.154,19	49.652,43	48.154,19
Concello	0,00	0,00	7.958,17	7.718,03
Total	49.652,43	48.154,19	57.610,60	55.872,22

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Cee asume integramente o incremento do financiamento que experimenta o proxecto con motivo da súa modificación, segundo consta no documento contable de Retención de crédito (RC) por importe de 7.718,03 euros remitido polo concello.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee para os efectos oportunos."

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Sinalización e mellora da iluminación do entorno do santuario de Nosa Señora da Barca", do Concello de Muxía incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0355.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Muxía do proxecto modificado do investimento denominado "Sinalización e mellora da iluminación do entorno do santuario de Nosa Señora da Barca", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0355.0, no que se acreditan os seguintes.

ANTECEDENTES



Logo de ver que o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia desta Deputación número 24870 do 24 de agosto de 2020, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ Adicional 2/2020 no que figura, entre outros, o investimento do Concello de Muxía denominado “Sinalización e mellora da iluminación do entorno do santuario de Nosa Señora da Barca”, co código 2020.2102.0355.0 aprobada de maneira condicionada á presentación das autorizacións da Demarcación de Costas do Estado en Galicia e do Servizo de Urbanismo- Costas-Xunta.

Tendo en conta que mediante Resolución de Presidencia desta deputación número 42438 de 22 de decembro de 2020, levantáronse as condicións ás que quedara sometido este investimento e aprobouse definitivamente dentro do Plan, toda vez que o concello presentara a documentación xustificativa do seu cumprimento.

Tendo en conta que o Concello de Muxía, o día 25 de outubro de 2021, adxudicoulle a obra á empresa Construcciones y Excavaciones Germán Mouzo, S.L. por un importe de 133.100,00 €, que minoran a achega provincial inicial e que actualmente se atopa parcialmente executada, tal e como se indica na seguinte táboa:

		Contrata	Adjudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Muxía	Deputación	160.441,75	133.100,00	27.341,75	92.579,29	40.520,71
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	160.441,75	133.100,00	27.341,75	92.579,29	40.520,71

Logo de presentar o Concello de Muxía un proxecto técnico modificado desta obra, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto inicial, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, así como o resto da documentación administrativa e técnica necesaria e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación do día 27 de maio de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2020, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión do 25 de outubro de 2019 e publicadas no BOP número 208 de 31 de outubro de 2019 e modificadas posteriormente para a regulación do POS Adicional 1 e POS Adicional 2 por acordo do Pleno provincial do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP número 66 do 5 de maio de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Sinalización e mellora da iluminación do entorno do santuario de Nosa Señora da Barca”, do Concello de Muxía, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0355.0, que foi aprobado polo concello, cun orzamento de contrata de 160.441,75 €, que non implica unha variación da súa



finalidade nin tampouco do seu orzamento aínda que supón a redefinición das actuacións previstas inicialmente, a introdución de novas partidas e a variación de medicións, toda vez que na fase de execución xurden problemáticas sobrevidas.

Concello de Muxía "Sinalización e mellora da iluminación do entorno do santuario de Nosa Señora da Barca" 2020.2102.0355.0	ORZAMENTO DE CONTRATA PROXECTO INICIAL	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN PROXECTO INICIAL	ORZAMENTO DE CONTRATA PROXECTO MODIFICADO	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN PROXECTO MODIFICADO
Deputación	160.441,75	133.100,00	160.441,75	133.100,00
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	160.441,75	133.100,00	160.441,75	133.100,00

2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Muxía para os efectos oportunos."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios" do Concello de Valdoviño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0295.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado denominado "Pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios", do Concello de Valdoviño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0295.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, adoptado na sesión ordinaria realizada



o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Valdoviño denominado “Pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios”, co código 2021.2000.0295.0.

Logo de ver que o Concello de Valdoviño, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de decembro de 2021, adxudicoulle a obra á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A, co CIF A15352735, por un importe de 243.544,89 €, que foi declarado resolto, estando a obra totalmente pendente de executar:

		Contrata	Adxudicación (contrato resolto)	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Valdoviño Código: 2021.2000.0295.0: “Pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios”	Deputación	200.227,77	200.227,77	0,00	0,00	200.227,77
	Concello	48.287,43	43.317,12	4.970,31	0,00	43.317,12
	Total	248.515,20	243.544,89	4.970,31	0,00	243.544,89

Logo de aprobar o Concello de Valdoviño un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 6 de xuño de 2024, que presenta un incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan, incremento que é asumido integramente polo concello

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2021 aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Pista polideportiva e dúas pistas de padel no espazo deportivo de Atios”, do Concello de Valdoviño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0295.0, asinado dixitalmente o 6 de xuño de 2024, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, logo da resolución por mutuo acordo do contrato coa empresa adxudicataria, que foi modificado coa finalidade de adecuar o proxecto inicial ao novo marco normativo e axustalo aos prezos actuais da obra dadas ás circunstancias e ao tempo transcorrido dende a súa redacción inicial, tendo o proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Valdoviño, tal como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con resolución de contrato Concello de Valdoviño	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
--	------------------	------------------------	-----------



“Pista polid. e 2 pistas padel espazo deport. Atios ” Código 2021.2000.0295.0	Contrata	Adxudicación (contrato resolto)		
Deputación	200.227,77	200.227,77	200.227,77	0,00
Concello	48.287,43	43.317,12	162.459,17	114.171,74
Total	248.515,20	243.544,89	362.686,94	114.171,74

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Valdoviño para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colectores de saneamento en Fontao" do Concello de Vedra, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023 co código 2023.2102.0436.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colectores de saneamento en Fontao", do Concello de Vedra incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0436.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario

Logo de aprobar a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 por maior achega provincial, mediante Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 32169, do 18 de agosto de 2023, logo da entrada en vigor do EMC 2/2023 e no que se incluía este investimento

Logo de aprobar o Concello de Vedra un proxecto modificado deste investimento, asinado pola arquitecta técnica municipal Clara María Lema Rodríguez o 27 de maio de 2024, redactado co obxectivo de modificar o seu trazado e o seu orzamento, que está



adxudicado e parcialmente certificado, cun incremento do seu orzamento que é asumido polo concello, segundo se reflicte máis adiante nas táboas de financiamento da obra.

Constando no expediente o informe de supervisión favorable emitido o día 11 de xuño de 2024 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Colectores de saneamento en Fontao”, do Concello de Vedra, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0436.0, asinado o día 27 de maio de 2024 pola arquitecta técnica municipal Clara María Lema Rodríguez, que foi aprobado polo concello, estando a obra parcialmente executada, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que foi redactado para modificar o seu trazado e orzamento, sendo o seu orzamento de contrata de 131.307,91 €, o que supón un incremento de 9.308,15 € con respecto do importe de contrata do proxecto inicial e de 9.121,09 € con respecto do importe de adxudicación da obra que era de 119.548,00 €, incremento que é asumido integramente polo concello, segundo se indica na seguinte táboa:

Proxecto Modificado “Colectores de saneamento en Fontao” Concello de Vedra Código: 2023.2102.0436.0				
		Contrata	Adxudicación	Baixa
PROXECTO INICIAL	Deputación	121.999,76	119.548,00	2.451,76
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	121.999,76	119.548,00	2.451,76
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	121.999,76	119.548,00	2.451,76
	Concello	9.308,15	9.121,09	187,06
	Total	131.307,91	128.669,09	2.638,82
INCREMENTO	Deputación	0,00	0,00	0,00
	Concello	9.308,15	9.121,09	187,06
	Total	9.308,15	9.121,09	187,06

2.- Na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vedra para os efectos oportunos."

17.- Dación de conta da aprobación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2023.

Dáse conta da aprobación das Contas Anuais do exercicio 2023 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).



18.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2023.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2023, na que se incluíu o informe definitivo de auditoria sobre as contas anuais do 2023 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

19.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2023.

2.- Remitila ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional."

20.- Aprobación definitiva dos estados consolidados da Conta Xeral do exercicio 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente os estados consolidados da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2023.

2.- Remítilos ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web



institucional."

21.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 4/2024 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2024 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 27.294.066,94 € que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	3.813.490,29	Remanente tesourería	8.134.645,86
SC. Suplementos de crédito:	23.480.576,65	Baixas	19.159.421,08
Total aumentos:	27.294.066,94	Total financiamento:	27.294.066,94

B) RESUMO POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00	1 Impostos directos	0,00
2 Gastos correntes	1.038.250,00	60.000,00	2 Impostos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	3.597.312,30	0,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Investimentos reais	3.260.000,00	0,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	19.398.504,64	19.099.421,08	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	8.134.645,86



9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	27.294.066,94	19.159.421,08	TOTAL:	8.134.645,86

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2024 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente



á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

22.- Dación de Conta da remisión de información ao Consello de Contas da avaliación do entorno de control: control interno, contratos e convenios dos exercicios 2021 a 2023.

Dase conta da remisión da información ao Consello de Contas da avaliación do entorno de control: control interno, contratos e convenios dos exercicios 2021 a 2023.

23.- Dación de conta da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2023 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

Dáse conta da remisión dos resultados da actividade de control interno económico - financeiro do exercicio 2023 á oficina independente de regulación e supervisión da contratación pública (OIReScon).

24.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Narón (Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordadas polo Concello de Narón en relación coa seguinte materia:

Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial



da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

25.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 1º semestre de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26.- Aprobación inicial do Regulamento da carreira profesional horizontal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“O presente regulamento ten por obxecto a regulación da carreira profesional horizontal do persoal que conforma o emprego público da Deputación Provincial da Coruña, por medio da implantación dun sistema voluntario e consolidable de carreira profesional horizontal cun réxime ordinario e outro extraordinario de recoñecemento de graos, de acordo co marco previsto no capítulo II do título III do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e desenvolvido, por unha banda, pola Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, na sección 1ª do capítulo II do título VI, e por outra, polo RDL 6/2023 de 19 de decembro, validado o 10 de xaneiro polo Congreso dos Deputados, no título III do seu libro segundo. Para o contemplado neste acordo tívose en conta tamén o establecido nos artigos 90.2, 92.1 e 93 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As partes representadas neste acordo son plenamente conscientes de que o persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña contribuíu, de maneira notable e directa, á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos polo goberno en materia de consolidación do gasto público, soportando unha parte importante do esforzo de austeridade levado a partires da crise económica anterior á pandemia.

Unha vez que se constatou unha redución significativa do déficit público e o inicio da mellora da economía, o goberno provincial iniciou un proceso paulatino de recuperación da mellora das condicións en materia de persoal, acorde coas posibilidades financeiras, centrándose naqueles aspectos que se poden considerar máis sensibles para o persoal da Deputación, dignificando o papel e as condicións do persoal empregado público e, á vez, contribuíndo á modernización das administracións. Este proceso iniciou o seu



desenvolvemento a través dalgunhas das medidas contempladas no Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2017-19. De este modo desenvolveuse a valoración de postos de traballo incluída como Medida 4 no Plan, iniciada co Complemento Específico, e finalizada fai pouco máis dun ano co Complemento de Destino. No devandito Plan incluíase como Medida 6 o desenvolvemento da carreira profesional horizontal como unha das modalidades de carreira profesional, sendo a única das medidas contempladas que quedou pendente de execución.

A recente aprobación do RD 6/2023 de 19 de decembro, é a súa posterior validación no Congreso dos Deputados, como desenvolvemento da Compoñente 11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que constitúe o fío fundamental das liñas estruturais da política do Estado para os vindeiros anos, contribúe a que este sexa un momento moi adecuado para o desenvolvemento desta medida ao establecer no apartado III da súa introdución:

Esta norma parte da base de que o noso país precisa nos próximos anos dunha función pública competente e eficaz para manter a confianza da cidadanía nas Administracións Públicas. Ademais, considerando ao persoal empregado público como a punta de lanza de calquera avance na Administración contemporánea, a función pública ha de ser proactiva e innovadora, implicada en calquera proceso de cambio e en continua aprendizaxe. Ao mesmo tempo, a función pública ha de ser inclusiva e plural, reflexo da diversidade da sociedade á que serve e representa.

Doutra banda, a lei fundaméntase en que para modernizar a Administración Pública non basta con dotar de investimentos, senón que é preciso reconverter e redefinir os procesos e procedementos internos para lograr unha mellor xestión.

A todos estes elementos, engádesse a conveniencia de avanzar cara a un modelo de xestión baseado en competencias para garantir que as habilidades do persoal empregado público requiridas para o desempeño dos postos de traballo adáptense ás demandas da sociedade...

En terceiro lugar, ponse o acento na avaliación do desempeño, introducindo unha cultura da responsabilidade na xestión que debe servir para que o persoal empregado público desenvolva o seu labor cun claro compromiso de servizo público e exerza de estímulo para que o cumpra con eficacia e eficiencia.

Como complemento a esta cultura de responsabilidade e profesionalización da xestión, a carreira horizontal constitúe un dos aspectos máis novos deste real decreto-lei, deseñado como un modelo complementario á estrutura por niveis dos postos de traballo, baseado na progresión nun itinerario de tramos sen necesidade de que se produza un cambio de posto de traballo...

Por último cabe dicir que a LEPG establece na sección 1ª do Capítulo V, no seu artigo 137, unha modificación profunda do sistema de retribucións complementarias que aínda está pendente de desenvolvemento normativo, e que entre outras cuestións ten unha estreita vinculación co sistema de carreira profesional. É por ese motivo que falamos dun sistema transitorio de carreira horizontal en tanto non se implante o novo sistema de retribucións complementarias establecido no artigo 137 da LEPG.

MARCO NORMATIVO.

1.1. O vixente texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante



TREBEP) aprobado por Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, regula no capítulo II do título III o dereito á carreira profesional e á promoción interna, establecendo ese dereito e as modalidades que poden darse, entre outras, de carreira profesional, no seu artigo 16 “Concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios de carreira”:

1. *Os funcionarios de carreira terán dereito á promoción profesional.*
2. *A carreira profesional é o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade. A tal obxecto as Administracións Públicas promoverán a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos seus funcionarios de carreira.*
3. *As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto regularán a carreira profesional aplicable en cada ámbito que poderán consistir, entre outras, na aplicación illada ou simultánea dalgunha ou algunhas das seguintes modalidades:*
 - a) *Carreira horizontal, que consiste na progresión de grao, categoría, chanzo ou outros conceptos análogos, sen necesidade de cambiar de posto de traballo e de conformidade co establecido na letra b) do artigo 17 e no apartado 3 do artigo 20 deste Estatuto.*
 - b) *Carreira vertical, que consiste no ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos no capítulo III do título V deste Estatuto.*
 - c) *Promoción interna vertical, que consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional no caso de que este non teña Subgrupo, a outro superior, de acordo co establecido no artigo 18.*
 - d) *Promoción interna horizontal, que consiste no acceso a corpos ou escalas do mesmo Subgrupo profesional, de acordo co disposto no artigo 18.*

1.2 O mesmo TREBEP, no seu artigo 17 “ Carreira horizontal dos funcionarios de carreira”, dispón:

As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do presente Estatuto poderán regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira, podendo aplicar, entre outras, as seguintes regras:

- a) *Articularase un sistema de graos, categorías ou chanzos de ascenso fixándose a remuneración a cada un deles. Os ascensos serán consecutivos con carácter xeral, salvo naqueles supostos excepcionais nos que se prevexa outra posibilidade.*
- b) *Deberase valorar a traxectoria e actuación profesional, a calidade dos traballos realizados, os coñecementos adquiridos e o resultado da avaliación do desempeño. Poderán incluírse así mesmo outros méritos e aptitudes por razón da especificidade da función desenvolvida e a experiencia adquirida.*

1.3. A disposición final cuarta do TREBEP determina que o establecido entre outros, no Capítulo II do Título III, no que se regula a carreira profesional, producirá efectos a partir da entrada en vigor das leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.

1.4. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (en adiante, LEPG) ten por obxecto a regulación do réxime xurídico da función pública galega e a determinación das normas aplicables a todo o persoal ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación, en exercicio das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de autonomía e en desenvolvemento do Estatuto básico do empregado público, segundo establece o seu artigo 1. e explicitamente, o seu artigo 4. Ámbito de aplicación, no seu punto 1 inclúe ás entidades locais galegas:

A presente lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) *A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- b) *As entidades locais galegas. (...)*



1.5. A mencionada LEPG no seu artigo 75 a) recolle o dereito, xa recoñecido polo TREBEP á promoción profesional do persoal funcionario a través de distintas modalidades de carreira profesional, sendo unha delas a carreira horizontal.

Neste sentido, o artigo 77, aínda que remite á regulación do seu desenvolvemento a través dun regulamento, establece os principios polos que se rexerá esta carreira profesional horizontal, en desenvolvemento do artigo 17 do TREBEP, esixindo como requisitos para o ascenso, a antigüidade e a avaliación positiva do desempeño profesional, podendo ademais valorarse os coñecementos adquiridos e outros méritos e aptitudes en razón á especificidade da función desenvolvida e a experiencia.

1.6. Tanto o TREBEP no seu artigo 20.5, como subsidiariamente a LEPG, no seu artigo 77 d), supeditan expresamente a aplicación da carreira profesional horizontal á introdución previa do sistema de avaliación do desempeño dos empregados públicos (a Deputación da Coruña teno introducido por acordo plenario de outubro de 2016)

1.7. O TREBEP prevé no seu artigo 24 que *a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros, aos seguintes factores:*

a) *A progresión alcanzada polo funcionario dentro do sistema de carreira administrativa.*
(...)

1.8. A LEPG recolle na sección 1ª do Capítulo V, no seu artigo 137, unha modificación profunda do sistema de retribucións complementarias que aínda está pendente de desenvolvemento normativo, e que entre outras cuestións ten unha estreita vinculación co sistema de carreira profesional. Para resolver o problema que isto supón, as disposicións transitorias sétima, oitava e novena prevén manter provisionalmente o réxime dos actuais complementos de destino, específico e de produtividade.

1.9. A Xunta de Galicia asina un acordo cos sindicatos CCOO E UXT no ano 2019 que, entre outras cuestións, inclúe o establecemento dun sistema ordinario e extraordinario de carreira horizontal para o persoal funcionario e laboral da administración autonómica, que implica o seu pago a través dun complemento de carreira adicional ao complemento de destino, que habilita para os funcionarios da Comunidade Autónoma por medio do engadido á LEPG dun novo punto, o 4, á Disposición adicional oitava.

1.10. O Libro Segundo do vixente RDL 6/23 do 19 de decembro do Medidas urxentes en materia de función pública, no seu artigo 122, contempla unha serie de principios reguladores da carreira profesional horizontal, cumprindo así coa esixencia do desenvolvemento lexislativo da carreira horizontal contemplado no artigo 17 do TREBEP, en principio para a súa aplicación na Administración Xeral do Estado (AGE); e tamén co establecido na súa disposición final cuarta que, entre outras cuestións, supedita a posibilidade de implantación da carreira horizontal á entrada en vigor das leis de Función Pública que se diten no seu desenvolvemento.

1.11. O RDL 6/2023, no antedito artigo 122, no seu parágrafo 7 dispón o seguinte:

“A progresión alcanzada no sistema de carreira profesional recollido neste artigo retribuirase mediante un complemento de carreira, cuxa contía será a mesma para todo o persoal funcionario do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación profesional que teña recoñecido o mesmo tramo.”

1.12. A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LBRL) establece no seu artigo 92.1 que *os funcionarios ao servizo da Administración*



local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.ª da Constitución.

1.13. Da regulación contida na LBRL con respecto á Función Pública Local podemos entender que a lexislación mencionada nos puntos 10 e 11, en principio referida ao persoal da AGE, é de aplicación subsidiaria á Administración Local segundo o artigo 92.1 mencionado no punto anterior; e para reforzar esta tese, faremos mención tamén ao artigo 90.2, parágrafo 2: *Corresponde ao Estado establecer as normas conforme as cales haxan de confeccionarse as relacións de postos de traballo, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente polo que se refire á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores.*

1.14. Tamén a LBRL, no seu artigo 93, determina que: *As retribucións complementarias ateranse, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.*

1.15. A Constitución Española, no seu artigo 137 recoñece a potestade regulamentaria das Entidades Locais: *gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses, polo que debe recoñecerse ás mesmas, potestade regulamentaria, para exercer as súas competencias.*

1.16. Por último, a LBRL tamén recoñece, no seu artigo 4.1, a potestade regulamentaria das entidades locais: *Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios, as provincias e as illas:*

a) As potestades regulamentaria e de autoorganización...

Artigo 1. Concepto y sistemas ordinario y extraordinario.

1. A carreira profesional horizontal consiste no recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal funcionario de carreira, interino e persoal laboral, sen necesidade de cambiar de posto de traballo, mediante a súa progresión a través do ascenso nun sistema de graos, definidos como as etapas sucesivas dentro de cada grupo ou subgrupo de clasificación, que son resultado dunha avaliación obxectiva e regrada.

2. A carreira profesional horizontal implantárase por medio dun procedemento que será transitorio ata a instauración do novo modelo retributivo contemplado no artigo 137 da LEPG, e constará dun sistema ordinario e un sistema extraordinario.

3. A carreira profesional horizontal iniciarase co sistema extraordinario no que se procederá de forma excepcional á progresión na mesma mediante o recoñecemento de antigüidades pasadas do persoal, e durante o mesmo se avanzará progresivamente no pago dos dereitos económicos asociados á carreira do conxunto do persoal hasta alcanzar o 100% nun período inicialmente previsto de 6 anos, salvo que a falta de dispoñibilidade orzamentaria esixa a prolongación do devandito período.

4. Unha vez alcanzado o 100% dos dereitos económicos finalizará o sistema extraordinario e desde ese momento a progresión do persoal na carreira profesional horizontal será por medio do sistema ordinario.



CAPÍTULO I. SISTEMA ORDINARIO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL.

Artigo 2. Obxectivos da carreira profesional horizontal.

Son obxectivos do sistema de carreira profesional horizontal os seguintes:

- a) Recoñecer a achega do persoal de esta entidade á mellora da calidade dos servizos públicos que presta a Deputación da Coruña.
- b) Distinguir ao persoal, outorgándolle un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional individual.
- c) Xerar máis corresponsabilidade do persoal e fomentar a cultura do compromiso co sistema público, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.
- d) Lograr un maior nivel de motivación do persoal que persista e que se reforce ao longo da súa vida laboral e, con iso, propiciar a mellora da xestión dos servizos públicos.

Artigo 3. Características da carreira profesional horizontal.

A carreira profesional horizontal caracterízase por ser:

- a) Voluntaria: corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos distintos graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos.
- b) Personalizada: o recoñecemento do grao ten carácter persoal e individual, e farase considerando o cumprimento dos requisitos esixidos para o recoñecemento de cada un deles alegado polas persoas interesadas nas súas solicitudes, de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- c) Progresiva: o acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de forma que o acceso ao grao superior só será posible alegando o recoñecemento do grao inmediatamente inferior e tras un período de permanencia nel, coa excepción do disposto para o sistema extraordinario.
- d) Avaliable: o sistema fundaméntase na avaliación, suxeita a baremo, dos méritos e permanencia no servizo, segundo o establecido neste acordo.
- e) Transparente: os elementos e criterios de avaliación serán públicos.
- f) Consolidable: a progresión no recoñecemento dos graos terá carácter consolidable, incluso no caso de prestación sucesiva de servizos en diferentes postos, corpos, escalas o categorías de distinto grupo ou subgrupo de clasificación.
- g) Irreversible: a progresión no recoñecemento dos graos terá carácter irreversible, salvo nos casos de sanción disciplinaria de demérito.
- h) Homologable: o sistema deséñase consonte a criterios xerais de homologación, e incorporará mecanismos para o recoñecemento dos graos de carreiras profesionais acadados noutras administracións públicas.
- i) Independente do posto de traballo que se ocupe: obter un grao de carreira determinado ou acceder a outro non implica cambiar de posto de traballo nin da actividade que a persoa interesada desenvolva.
- j) Orientada á prestación de servizos públicos de calidade á cidadanía, así como ao mellor cumprimento dos obxectivos da Deputación da Coruña.
- k) Actualizable: o valor do complemento de carreira profesional horizontal será actualizado anualmente na mesma porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 4. Ámbito de aplicación.

1. O establecido neste regulamento sobre a carreira profesional horizontal será de aplicación ao persoal funcionario de carreira, interino e laboral da Deputación Provincial da Coruña afectado polos acordos da súa Mesa Xeral de Negociación, ata o momento en que se faga efectiva a súa xubilación, coa seguinte excepción:

Queda exceptuado da aplicación deste regulamento o persoal docente dos centros de ensino da Deputación Provincial da Coruña, cuxa carreira profesional horizontal réxese actualmente polo mesmo sistema de sexenios que a do persoal docente da Xunta de Galicia, en tanto non se aprobe expresamente a súa integración neste sistema e, o persoal eventual .

2. Será de aplicación tamén ao persoal funcionario doutras administracións públicas que, mediante os sistemas de concurso, permuta, libre designación ou comisión de servizos, preste servizos na Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 5. Estrutura do sistema e número de graos.

1. En cada grupo ou subgrupo de clasificación o sistema de carreira profesional horizontal comenza cun grao inicial (g.i.) que será o que se lle recoñeza ao persoal de novo ingreso que así o solicite.

2. Ademais do grao inicial, haberá catro grados máis en cada grupo ou subgrupo de clasificación (g.I, g.II, g.III, g.IV).

3. Dentro de cada grupo ou subgrupo os ascensos de grao se producirán de forma consecutiva, e esixirán, para poder ascender ao grao inmediatamente superior, con carácter xeral, un período mínimo de cinco anos de servizos efectivos no caso do acceso dende o grao inicial ao primeiro e de seis anos nos seguintes, sempre que se cumpran o resto dos requisitos establecidos.

4. No caso do persoal laboral terase en conta as equivalencias, establecidas entre as categorías laborais do persoal laboral e os grupos/subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario.

5. Estrutura da carreira profesional horizontal:

AP					C2					C1					B					A2					A1				
g.i.	g.I	g.II	g.III	g.IV	g.i.	g.I	g.II	g.III	g.IV	g.i.	g.I	g.II	g.III	g.IV	g.i.	g.I	g.II	g.III	g.IV	g.i.	g.I	g.II	g.III	g.IV	g.i.	g.I	g.II	g.III	g.IV
5a.	6a.	6a.	6a.	6a.	5/6a	6a.	6a.	6a.	6a.	5/6a	6a.	6a.	6a.	6a.	5/6a	6a.	6a.	6a.	6a.	5/6a	6a.	6a.	6a.	6a.	5/6a	6a.	6a.	6a.	6a.

Artigo 6. Computo do tempo de permanencia nos graos do sistema.

Terase en conta para a asignación de graos e para o computo do tempo nun determinado grao:

a) Para os efectos do cumprimento dos períodos mínimos de permanencia nun tramo de carreira, computarase o tempo que permaneza o persoal funcionario nas situacións de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares, por razón de violencia de xénero, por razón de violencia terrorista, sen prexuízo da necesidade de dar cumprimento aos restantes requisitos esixidos para o ascenso de tramo.

b) Cando unha persoa cambie de adscrición a un grupo ou subgrupo de clasificación a través de promoción interna antes de consolidar un tramo de carreira horizontal, estarase ao establecido no artigo 9 deste regulamento e ao artigo 122. 4 do RDL 6/ 2023, de 19 de



decembro.

c) O desempeño de postos de traballo con xornadas de traballo inferiores á ordinaria, non afectará ao cómputo do tempo de servizos prestados, sen prexuízo da redución do complemento que lles corresponda na porcentaxe de redución de xornada.

d) O empregado ou empregada en situación de incapacidade temporal terá dereito ao cómputo do tempo na devandita situación, a efectos de carreira profesional horizontal.

e) O tempo de permanencia en suspensión de funcións declarada firme como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario non computara aos efectos do tempo de permanencia nun determinado grao.

f) Será computable a antigüidade recoñecida noutras administracións públicas nos termos establecidos no artigo 13 deste regulamento.

Artigo 7. Requisitos xerais de acceso ao sistema de carreira profesional horizontal.

1. Para acceder ao sistema de carreira profesional horizontal a través do ingreso no grao inicial dun grupo ou subgrupo de clasificación deberanse cumprir os seguintes requisitos xerais no último día de prazo de presentación de solicitudes de recoñecemento de grao:

a) Estar incluído no ámbito de aplicación establecido no artigo 4.

b) Estar en situación de servizo activo ou en calquera outra das situacións administrativas establecidas no punto 4 deste artigo coa peculiaridade recollida no mesmo.

c) Presentar a solicitude no prazo que se estableza na convocatoria correspondente, agás no caso de acceso ao grao inicial por cambio de grupo en que se estará ao establecido no artigo 9.2.

2. A data de efectos do recoñecemento do grao inicial será a que se solicite a partir de:

a) A data de toma de posesión para o persoal funcionario de novo ingreso, salvo homologacións de carreira profesional horizontal de persoal con servizos previos noutras administracións.

b) A data de inicio do contrato en caso de persoal laboral de novo ingreso, salvo homologacións de carreira profesional horizontal de persoal con servizos previos noutras administracións.

No caso de acceso ao grao inicial por cambio de grupo ou subgrupo será a data indicada no artigo 9.2 deste regulamento, sen necesidade de solicitude.

c) Para o persoal interino terase en conta o tempo recoñecido pola Deputación.

3. Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario, sempre que esta sexa firme.

4. Realizaranse recoñecementos na progresión da carreira administrativa soamente con efectos administrativos nos seguintes supostos:

a) Persoal pertencente á Deputación da Coruña que non se atope en servizo activo desempeñando algún posto de traballo na entidade.

b) Persoal funcionario na situación de servizos especiais que non desempeñe un cargo ou posto de traballo na Deputación da Coruña.

c) Persoal funcionario en excedencia por coidado de familiares, excedencia por violencia de xénero ou por violencia terrorista.

d) Persoal funcionario da Deputación da Coruña en situación de servizo noutras administracións públicas.

e) Persoal funcionario da Deputación da Coruña en situación de incapacidade temporal.

O grao do complemento de carreira recoñecido soamente con efectos administrativos producirá efectos económicos trala reincorporación do persoal á situación de servizo activo ou servizos especiais desempeñando un cargo ou posto de traballo na Deputación da Coruña, para o que a persoa interesada deberá presentar a solicitude correspondente



dirixida ao Servizo de Recursos Humanos. No caso contemplado no punto e), os efectos económicos serán automáticos coa incorporación do traballador tras a finalización da situación de incapacidade temporal.

Artigo 8. Progresión na estrutura de graos do sistema ordinario de carreira profesional horizontal.

1. O sistema ordinario iniciarase ao finalizar o sistema extraordinario regulado na artigo 16.
2. Os requisitos para acceder ao grao I dun grupo ou subgrupo serán:
 - a) Ter recoñecido o grao inicial do grupo ou subgrupo.
 - b) Encontrarse nalgunha das situacións administrativas reflectidas no artigo 7.
 - c) Permanencia de polo menos cinco anos no grao inicial, segundo o establecido no artigo 6, excepto no caso indicado no artigo 9.3.
 - d) Ter unha avaliación de desempeño positiva.
 - e) Acreditar as horas de formación recibida ou impartida sinaladas na táboa 1.
3. Os requisitos para acceder ao grao II dun grupo ou subgrupo serán:
 - a) Ter recoñecido o grao I do grupo ou subgrupo.
 - b) Encontrarse nalgunha das situacións administrativas reflectidas no artigo 7.
 - c) Permanencia de polo menos seis anos no grao I, segundo o establecido no artigo 6.
 - d) Ter unha avaliación de desempeño positiva.
 - e) Acreditar as horas de formación recibida ou impartida sinaladas na táboa 1.
4. Os requisitos para acceder ao grao III dun grupo ou subgrupo serán:
 - a) Ter recoñecido o grao II do grupo ou subgrupo.
 - b) Encontrarse nalgunha das situacións administrativas reflectidas no artigo 7.
 - c) Permanencia de polo menos seis anos no grao II, segundo o establecido no artigo 6.
 - d) Ter unha avaliación de desempeño positiva.
 - e) Acreditar as horas de formación recibida ou impartida sinaladas na táboa 1.
5. Os requisitos para acceder ao grao IV dun grupo ou subgrupo serán:
 - a) Ter recoñecido o grao III do grupo ou subgrupo.
 - b) Encontrarse nalgunha das situacións administrativas reflectidas no artigo 7.
 - c) Permanencia de polo menos seis anos no grao III, segundo o establecido no artigo 6.
 - d) Ter unha avaliación de desempeño positiva.
 - e) Acreditar as horas de formación recibida ou impartida sinaladas na táboa 1.
6. A avaliación realizada de conformidade co Acordo Plenario do 28 de outubro de 2016, considerárase positiva cando iguale ou supere a porcentaxe do 50%.
7. En canto á formación recibida ou impartida.
 - a) Valoraranse cursos impartidos ou homologados por administracións públicas ou por outras entidades do sector público ou impartidos no ámbito da formación para o emprego ou acordos de formación continua, ou por universidades ou colexios profesionais:
 - Cursos cuxo contido estea relacionado coas funcións propias dos postos de traballo, os que teñan como meta o mantemento e mellora da competencia profesional, coa finalidade de mellorar o servizo público, ou o desenvolvemento persoal do persoal empregado público e por tanto axuden na consecución dos obxectivos da Deputación.
 - Cursos de coñecemento da lingua galega non esixible (só se valorará o nivel máis alto de formación).
 - Cursos de materias consideradas transversais polo seu interese para todos os postos, como os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao



ciudadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral, ou os de contido ofimático.

- No caso de cursos de similar contido, só valorarase o de maior número de horas.

b) Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, simposios ou similares, as materias que formen parte dunha titulación académica, nin os cursos nos que non quede acreditada a súa duración.

c) Para a valoración das horas de formación deberá presentarse a correspondente certificación de asistencia, superación ou impartición.

d) As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos.

Táboa 1: horas de formación para o ascenso aos distintos graos, segundo o grupo ou subgrupo de clasificación no sistema ordinario

	Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
Grupo A1	40	80	120	160
Grupo A2	37	74	111	148
Grupo B	34	68	102	136
Grupo C1	31	62	93	124
Grupo C2	28	56	84	112
Agrupacións Profesionais	25	50	75	100

No caso do persoal laboral terase en conta as equivalencias, establecidas entre as categorías laborais do persoal laboral e os grupos/subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario.

Artigo 9. Integración dos sistemas de carreira horizontal e promoción vertical. Acceso a un novo grupo ou subgrupo.

1. O persoal funcionario que acceda a un novo grupo ou subgrupo e teña recoñecido algún grao nun grupo ou subgrupo anterior non perderá o grao ou grados que teña recoñecidos, podendo acumular grados en distintos grupos e subgrupos.

2. A este persoal, que manterá os dereitos económicos dos graos recoñecidos nun grupo ou subgrupo anterior, daráselle por recoñecido o grao inicial do grupo ou subgrupo ao que acceda. A data de efectos do recoñecemento do grao inicial no novo grupo ou subgrupo, a partir do que accederá aos seguintes graos, será a data do seu último recoñecemento de grao no grupo ou subgrupo anterior, sempre que exista continuidade na prestación de servizos.

3. No caso do persoal que acceda a outro grupo ou subgrupo e manteña os dereitos económicos do recoñecemento do grao I nun grupo ou subgrupo anterior, o tempo de permanencia no grao inicial esixido para o acceso ao grao I do novo grupo ou subgrupo será de seis anos en lugar dos cinco establecidos con carácter xeral, de xeito que sempre sexan necesarios 23 anos para acadar os catro graos que teñen efectos económicos (artigo 10.2).

4. Aplicarase a integridade de este artigo no caso do persoal laboral que acceda a corpos e escalas de persoal funcionario ou cando se trate de procesos de integración de persoal laboral en corpos e escalas de persoal funcionario.

Artigo 10. Cálculo e aboamento do complemento de carreira.

1. O grao inicial da carreira profesional horizontal non terá aparelhada retribución.



2. Os seguintes graos dende o grao I ao grado IV aboaranse mediante o complemento de carreira establecido como retribución complementaria de carácter fixo. Para o cálculo do importe anual do devandito complemento de cada persoa se sumarán as retribucións dos seus graos recoñecidos no correspondente grupo ou subgrupo segundo a táboa 2, ata un máximo de catro graos. En caso de recoñecemento de graos en distintos grupos ou subgrupos se sumarán os graos cunha maior retribución.

Táboa 2: complemento de carreira por grupo ou subgrupo

Grupo de Clasificación	Complemento de Carreira
Grupo A1	2.500 €
Grupo A2	2.250 €
Grupo B	2.000 €
Grupo C1	1.750 €
Grupo C2	1.500 €
Agrupacións Profesionais	1.250 €

No caso do persoal laboral terase en conta as equivalencias, establecidas entre as categorías laborais do persoal laboral e os grupos/subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario.

3. Este complemento será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial dos funcionarios públicos en tanto non se implante o modelo retributivo establecido na LEPG para os funcionarios incluídos no seu ámbito de aplicación, en base ao establecido na devandita lei, no TREBEP, no RDL 6/2023 e na LBRL.

4. As contías anuais que se perciban por este complemento pagaranse en 14 mensualidades .

5. Estas contías serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos do estado para a retribución do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Artigo 11. Procedemento.

1. A solicitude de recoñecemento de grao presentárase polas persoas empregadas da Deputación da Coruña durante o prazo establecido para este fin na correspondente convocatoria de carácter anual.

2. A solicitude de recoñecemento de grao da carreira profesional horizontal establecido neste acordo será voluntaria e nela deberá indicarse expresamente a data desde a que solicita a aplicación da carreira profesional, e o grao ou graos do grupo ou subgrupo correspondente que o persoal solicita que se lle recoñezan. En ningún caso recoñeceranse máis graos de carreira que os solicitados polas persoas interesadas.

3. Publicarase unha convocatoria anual, no segundo semestre do ano.

4. A convocatoria establecerá a data de inicio e fin do prazo de presentación de solicitudes, que estarán comprendidas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada exercicio. Este prazo non poderá ser inferior a un mes nin superior a dous.



5. A convocatoria notificarase a todo o persoal a través do correo corporativo.
6. Os requisitos para acceder ao grao solicitado deberán cumprirse na data que se estableza na correspondente convocatoria.
7. Habilitarase o enlace necesario para presentar as solicitudes e achegar a documentación acreditativa a través da plataforma corporativa da Deputación Provincial da Coruña.
8. A información incluída nas ditas solicitudes presentadas polas persoas interesadas será obxecto de comprobación polo Servizo de Recursos Humanos, e a resolución sobre o recoñecemento do grao ditarase no prazo máximo de 1 mes desde á finalización do prazo de presentación das solicitudes.
9. Os graos recoñecidos mediante este procedemento terán efectos económicos segundo o establecido na disposición final deste regulamento.
10. No caso de que o resultado dunha solicitude supoña a negativa ao recoñecemento do grao solicitado por non cumprir os requisitos esixidos, mesmo tras a reclamación ou recurso que procedese, a persoa afectada poderá presentar unha nova solicitude na seguinte convocatoria.

Artigo 12. Efectos da carreira profesional horizontal.

1. O recoñecemento de graos de carreira outorgará ao persoal da Deputación da Coruña, entre outros, os seguintes dereitos:
 - a) Á súa constancia para os efectos do currículo.
 - b) A facer constar publicamente o grado de desenvolvemento que teña acadado.
 - c) A acceder ao grao superior sempre que se acrediten os demais requisitos esixidos.
 - d) Á percepción do complemento de carreira, nos termos establecidos neste regulamento e nas contías establecidas para os grados recoñecidos en cada grupo ou subgrupo.
 - e) Aqueles previstos nas disposicións de desenvolvemento da normativa de emprego público de Galicia.

2. Outros efectos:

O recoñecemento da progresión no sistema de carreira profesional horizontal implicará variacións de clasificación profesional e retributivos pero non cambios xerárquicos nin funcionais.

Artigo 13. Homologación e recoñecemento dos servizos prestados do persoal procedente doutras administracións públicas.

1. Para a homologación dos graos de carreira horizontal que puideran ter recoñecidos as persoas empregadas procedentes doutras administracións públicas que sexan nomeadas na Deputación da Coruña, estarase ao establecido nos convenios ou noutros instrumentos de colaboración subscritos e vixentes entre a Deputación e a administración de orixe.
2. No caso de non existir convenio ou outro instrumento coa administración de orixe para o recoñecemento directo do grao alcanzado e/ou que o número de graos e anos de permanencia nos mesmos non sexan equivalentes e polo tanto homologables directamente, se recoñecerá o grao que corresponda no sistema de carreira horizontal da



Deputación da Coruña, ao numero da anos de antigüidade en cada grupo ou subgrupo de clasificación que supoñan o grao máis alto que teña recoñecido na administración de orixe.

3. A solicitude de homologación ou recoñecemento comparado de grao por esta vía presentárase por rexistro dirixida ao Servizo de Recursos Humanos achegando a documentación acreditativa do grao de carreira profesional horizontal recoñecido na Administración de procedencia. Os efectos administrativos e económicos do recoñecemento, no seu caso, se retrotraerán á data de ingreso nesta Deputación.

4. Se tras a conversión de grao correspondente existen anos sobrantes dos graos xa recoñecidos na administración de orixe, estes se computarán directamente en futuras convocatorias.

5. Ao persoal que ingrese na Deputación da Coruña procedente doutras Administracións públicas onde non estea implantado o sistema de carreira administrativa horizontal, ou que estando implantado non chegasen a acceder a ningún grao, ou con respecto aos anos de exceso sobre o último grao recoñecido nelas, poderánselle computar os anos de servizo na súa administración de orixe dentro do grupo ou grupos de clasificación nos que estivese encadrado, aos efectos de recoñecemento de graos actuais ou futuros, sempre que cumpran os requisitos de avaliación de desempeño favorable e formación establecidos neste acordo. No caso de administracións de procedencia nas que non estea implantado sistema de avaliación de desempeño, poderánselle computar os anos de servizo sempre que vaian unidos polo menos a unha avaliación de desempeño positiva na Deputación, e se cumpra o requisito de formación.

6. Os servizos prestados noutras Administracións Públicas que o persoal queira facer valer para o recoñecemento de grao, deberán indicarse na solicitude de recoñecemento nos termos establecidos en cada convocatoria e serán avaliados polo Servizo de Recursos Humanos a efectos da homologación, equivalencia e correspondencia cos servizos prestados na Deputación da Coruña.

7. Calquera homologación ou recoñecemento dos previstos neste artigo requirirán a solicitude expresa da persoa interesada coa achega da documentación necesaria para acreditar todos os aspectos a ter en conta, a tramitación do correspondente procedemento administrativo e a emisión dunha resolución polo órgano competente en materia de persoal da Deputación da Coruña.

8. Os resultados destes procedementos serán comunicados polo Servizo de RRHH á Comisión de avaliación e seguimento prevista no artigo seguinte deste regulamento.

Artigo 14. Comisión de avaliación e seguimento do sistema de carreira profesional horizontal.

1. Constitúese unha comisión de avaliación e seguimento coas funcións de seguimento e interpretación da implantación e aplicación do sistema de recoñecemento da progresión na carreira profesional horizontal na Deputación da Coruña.

2. Corresponde á comisión realizar as seguintes funcións:

a) Avaliación permanente da xestión da implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal na Deputación da Coruña, para os efectos de realizar propostas de mellora.

b) Emisión de ditames interpretativos sobre a aplicación do sistema de recoñecemento da



progresión na carreira profesional horizontal na Deputación da Coruña .

c) Tomar coñecemento das avaliacións e recoñecementos de grao previstos neste regulamento.

3. A comisión de avaliación e seguimento estará composta polos seguintes membros:

a) Unha presidencia, que recaerá na persoa titular da Comisión delegada en materia de persoal da Deputación da Coruña ou persoa en que delegue.

b) Unha secretaría, que recaerá nunha persoa funcionaria do Servizo de RRHH, con voz, pero sen voto.

c) Vogais:

- Pola parte social, un designado por cada unha das seccións sindicais con representación na Mesa Xeral de negociación da Deputación da Coruña.

- Pola Corporación os nomeados polo Presidente da Deputación no número necesario para que a comisión sexa paritaria.

CAPÍTULO II. SISTEMA EXTRAORDINARIO DE CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL.

Artigo 15. Finalidade do sistema extraordinario de carreira profesional horizontal.

O sistema extraordinario ten por finalidade adiantar os tempos para o acceso excepcional aos distintos graos do sistema de carreira profesional horizontal mediante o recoñecemento dos anos de servizo anteriores a implantación do sistema, de xeito que lle permita ao persoal acceder anticipadamente aos distintos graos en función da súa antigüidade previa, e que entren no sistema cun tratamento diferencial respecto ao persoal de novo ingreso.

Artigo 16. Procedemento do sistema extraordinario de carreira profesional horizontal.

1. A implantación da carreira profesional horizontal se iniciará co sistema extraordinario que finalizará cando se alcance o 100% no pago dos dereitos económicos asociados á mesma, nun período inicialmente previsto de seis anos, salvo que a falta de dispoñibilidade orzamentaria esixa a prolongación do devandito período.

2. No prazo máximo dos 15 días hábiles posteriores á publicación deste acordo tramitarase unha convocatoria de acceso excepcional aos distintos graos de progresión no sistema extraordinario da carreira profesional horizontal, que suporá o recoñecemento de graos para os exercicios 2024 e 2025.

3. Poderá participar neste sistema extraordinario o persoal da Deputación da Coruña que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar incluído no ámbito de aplicación definido no artigo 4 deste regulamento.

b) Cumprir o resto dos requisitos xerais de acceso a carreira profesional horizontal indicados no artigo 7.

c) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao, por medios electrónicos, de acordo co establecido en cada convocatoria.

d) Cumprir os seguintes requisitos adicionais de antigüidade para cada grao:

- Para o acceso ao grao inicial: ningún requisito adicional.

- Para o acceso ao grao I: posuír na data indicada na convocatoria cinco anos de antigüidade computados no correspondente grupo ou subgrupo, excepto no caso indicado no artigo 9.3.

- Para o acceso ao grao II: posuír na data indicada na convocatoria seis anos máis de



antigüidade computados no correspondente grupo ou subgrupo a partir dos 5 que dan lugar ao recoñecemento do grao I.

– Para o acceso ao grao III: posuír na data indicada na convocatoria seis anos máis de antigüidade computados no correspondente grupo ou subgrupo a partir dos 11 que dan lugar ao recoñecemento do grao II.

– Para o acceso ao grao IV: posuír na data indicada na convocatoria seis anos máis de antigüidade computados no correspondente grupo ou subgrupo a partir dos 17 que dan lugar ao recoñecemento do grao III.

Para os efectos de computo destes períodos de tempo para o recoñecemento de cada grao, estarase ao establecido no artigo 6 deste regulamento para o sistema ordinario de carreira horizontal.

f) Ter unha avaliación de desempeño positiva, e dicir, cun resultado igual ou superior ao 50%.

g) Cumprir co requisito das horas de formación esixidas na seguinte táboa.

Táboa 3: horas de formación para o ascenso aos distintos graos, segundo o grupo ou subgrupo de clasificación no sistema extraordinario

	Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
Grupo A1	15	30	45	60
Grupo A2	14	28	42	56
Grupo B	13	26	39	52
Grupo C1	12	24	36	48
Grupo C2	11	22	33	44
Agrupacións Profesionais	10	20	30	40

No caso do persoal laboral terase en conta as equivalencias, establecidas entre as categorías laborais do persoal laboral e os grupos/subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario.

4. Os méritos sinalados no punto anterior acreditaranse na forma establecida na correspondente convocatoria.

5. Os resultados dos recoñecementos de grao serán tratados na Comisión de avaliación e seguimento prevista no artigo 14 deste regulamento.

6. No suposto de que se cumpran os requisitos para o recoñecemento de graos retribuídos en distintos grupos/subgrupos de clasificación profesional, percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos solicitados e recoñecidos, ata o límite de catro graos, que serán os de maior contía.

7. A partir desta primeira convocatoria realizaranse convocatorias anuais para a solicitude de recoñecemento dos seguintes graos non acadados na convocatoria anterior do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira profesional horizontal de carácter extraordinario ao longo de todo o tempo de vixencia de dito sistema extraordinario, segundo os prazos establecidos no artigo 11 de este Regulamento para o sistema ordinario. A primeira de estas sucesivas convocatorias será a que se realizará no segundo semestre do 2025, para o recoñecemento de graos que terán efecto económico no 2026. Para estas convocatorias posteriores á inicial teranse en conta os anos sobranceiros dos recoñecementos anteriores, e procederase ao recoñecemento dos graos I a IV a aqueles traballadores que o soliciten e cumpran cos requisitos ao longo dese



período, e do grao inicial ao persoal de novo ingreso ou que non o solicitara en anteriores convocatorias, na convocatoria que o solicite. Este procedemento tramitarase por medios electrónicos.

8. Os efectos económicos da homologación de graos por servizos prestados noutras administracións públicas durante o sistema extraordinario terán a mesma progresión que as do resto do persoal.

Disposición adicional primeira.

En todo o non establecido de forma expresa neste regulamento para a o sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal será de aplicación o establecido para o sistema ordinario.

Disposición transitoria primeira. Aboamento progresivo.

1. O aboamento deste complemento adicional ao complemento de destino derivado do recoñecemento dos graos correspondentes dentro do sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira profesional horizontal producirase de forma progresiva nun período previsto de seis anos, salvo que a falta de dispoñibilidade orzamentaria esixa a prolongación do devandito período.

2. En recoñecemento aos servizos prestados, e tendo en conta o pouco tempo que gozarán dos efectos económicos da súa progresión no sistema de carreira profesional horizontal, establececese durante o período de vixencia do sistema extraordinario un sistema paulatino de aceleración na progresión do aboamento dos graos acadados que establece una progresión distinta por proximidade a idade de xubilación do persoal, que se aplicará en función da dispoñibilidade orzamentaria.

3. O aboamento progresivo dos graos recoñecidos no sistema extraordinario de carreira profesional horizontal producirase segundo as porcentaxes indicadas na distribución recollida na seguinte táboa para cada ano en función da idade do persoal no ano de aplicación.

Táboa 4: porcentaxe de aboamento do complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos por ano e idade do persoal

Idade (anos)	2024	2025	2026	2027	2028	2029
E ≥ 61	100%	100%	100%	100%	100%	100%
61>E≥60	90 %	90 %	90 %	90 %	90 %	100%
60>E≥59	80 %	80 %	80 %	80 %	80 %	100%
59>E≥58	70 %	70 %	70 %	70 %	80 %	100%
58>E≥57	60 %	60 %	60 %	60 %	80 %	100%
57>E≥56	50 %	50 %	50 %	60 %	80 %	100%
56>E≥55	40 %	40 %	40 %	60 %	80 %	100%
55>E≥54	30 %	30 %	40 %	60 %	80 %	100%
E<54	20 %	20 %	40 %	60 %	80 %	100%

4. En caso de que nalgún dos anos durante o período de vixencia do sistema extraordinario de carreira profesional horizontal, a dispoñibilidade orzamentaria sexa



insuficiente para acadar o aboamento establecido na táboa do punto anterior, cubrirase en primeiro lugar o aboamento da porcentaxe mínima establecida para o ano en cuestión para todo o persoal, e distribuirase a cantidade sobrante entre o persoal dos distintos tramos de idade proporcionalmente á diferenza entre a porcentaxe que lles correspondería segundo a táboa e a porcentaxe mínima establecida para dito ano.

5. O persoal que queira acollerse a este proceso de aceleración na progresión do aboamento dos graos acadados no sistema de carreira horizontal terá que incluír esa circunstancia na súa primeira solicitude de recoñecemento de grao dentro do sistema extraordinario na que queira que se aplique esa circunstancia, aportando a documentación correspondente. En solicitudes sucesivas durante o período de vixencia do sistema extraordinario de recoñecemento de graos o proceso de aceleración aplicarase de forma automática.

Disposición transitoria segunda.

Para lograr unha implantación o máis rápida posible do sistema de carreira profesional horizontal no inicio do seu período extraordinario habilitase a posibilidade de publicar a convocatoria do primeiro prazo de solicitude de recoñecemento de graos unha vez prodúzase a aprobación inicial do presente regulamento. A devandita convocatoria quedará sometida á condición suspensiva da aprobación definitiva do regulamento. En ningún caso as solicitudes que se presenten nesta convocatoria xerarán ningún dereito a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Disposición transitoria terceira. Recoñecemento da progresión acadada e computo dos anos excedentes do sistema extraordinario ao inicio de sistema ordinario.

No momento do inicio da aplicación do sistema ordinario de carreira profesional horizontal considerárase o número de graos recoñecidos no sistema extraordinario; e para o computo dos anos nun determinado grao como requisito para acadar o seguinte, teranse en conta os anos excedentes transcorridos durante o período de vixencia do sistema extraordinario no último grao recoñecido do grupo de clasificación actual.

Disposición transitoria cuarta.

No momento en que se produza a implantación do modelo retributivo establecido no artigo 137 da sección 1ª do Capítulo V da LEPG, terase en conta o establecido no apartado 3 da Disposición transitoria oitava da mencionada LEPG: *En todo caso, garantirase ao persoal afectado o nivel retributivo con que conte no momento de implantación do novo sistema.*

Disposición final. Entrada en vigor e efectos económicos.

1. O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

2. O complemento retributivo asociado ao recoñecemento do grao de progresión no sistema extraordinario da carreira administrativa da convocatoria do ano 2024 terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte ao momento en que se firmen as correspondentes resolucións de recoñecemento de graos.

3. Os efectos económicos do complemento retributivo do recoñecemento dos graos de



progresión no sistema transitorio extraordinario da carreira administrativa horizontal das sucesivas convocatorias serán o 1 de xaneiro do ano seguinte.

4. Os efectos económicos do complemento retributivo do recoñecemento dos graos de progresión no sistema transitorio ordinario da carreira administrativa horizontal das sucesivas convocatorias serán o 1 de xaneiro do ano seguinte.

5. A contía da dotación orzamentaria estará suxeita á Lei de orzamentos xerais do Estado e aos obxectivos da regra de gasto e estabilidade orzamentaria.”

ACORDASE

1º Aprobar inicialmente o Regulamento da Carreira Profesional Horizontal da Deputación da Coruña.

2º Someter el presente acordo a exposición pública no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos e na web desta Deputación durante trinta días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia para exame do expediente e presentación de reclamacións polas persoas interesadas.

3º Entender definitivamente aprobado o presente acordo no caso de que non houberse reclamacións, en caso contrario someter a novo acordo plenario para a resolución das mesmas.

4º Publicar o contido integro consolidado do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, despois da aprobación definitiva, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.”

27.- Aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

”En relación co acordo plenario do 31 de maio de 2024 de aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e organigrama 2024 e as alegacións formuladas contra el, dentro do prazo legal, e tendo en conta os seguintes

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na sesión plenaria celebrada o día 2 de febreiro de 2024, a Deputación Provincial aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo do ano 2024, publicándose no Boletín Oficial da provincia número 28 do 7 de febreiro de 2024. Nesta



Relación de Postos figuraban:

- A Xefatura do servizo de patrimonio e contratación, cuxa forma de provisión era o concurso específico e aberto a outras administracións públicas.
- A Xefatura do servizo de promoción económica, turismo e emprego, cuxa forma de provisión era o concurso específico e sen estar aberto a outras administracións públicas.
- A Xefatura do servizo de acción social, cultura e deportes, cuxa forma de provisión era o concurso específico e sen estar aberto a outras Administracións públicas.

Dento do total do postos publicitados nesta relación, constaban sete postos abertos a outras Administracións públicas no sistema de provisión.

Segundo.- O 3 de maio de 2024 o Deputado delegado en materia de persoal formula a proposta de modificación da relación de postos dos tres indicados no antecedente anterior, de xeito que o primeiro pase na forma de provisión a ser de libre disposición (código LD) e os tres abertos a outras Administracións Públicas (código A3). Entón dos sete postos que estaban abertos á outras Administracións se pasan a contabilizar nove postos.

Terceiro.- Na reunión da Mesa Xeral de Negociación do día 10 de maio de 2024, se negocia a aprobación da modificación da relación de postos de traballo obtendo votos a favor do sindicato CIG, votos en contra do sindicato CSIF e abstención dos sindicatos UXT e CC.OO.

Cuarto.- Por informe de Fiscalización, malia ser favorable, se recolle que "(...) non consta que se teñan asinados convenios ou instrumentos de colaboración con ningunha administración pública, en cumprimento do principio de reciprocidade (...)" para a apertura de postos a outras Administracións públicas. Respecto á modificación da forma de provisión do posto da Xefatura do servizo de patrimonio e contratación polo sistema de libre designación que "non se xustifica no expediente nin a natureza especial das funcións do posto, tendo en conta que as observacións do posto que figuran na Relación de postos de traballo vixente e que non se modifican, son as mesmas que as de outras xefaturas de servizo: xornada especial dedicación- incompatibilidade total- dispoñibilidade total".

Quinto.- O Deputado delegado fai unha nova proposta para darlle mellor respaldo á modificación da relación de postos de traballo, apoiándose en dúas sentenzas do Tribunal Supremo de 31 de xullo e 12 de novembro de 2012 facendo tres fitos:

- (1) O carácter transversal do Servizo de patrimonio e contratación, que debe dirixir a persoa seleccionada require dun perfil profesional que permita un desenvolvemento eficaz do posto de traballo, en tanto que é preciso afrontar con carácter inmediato unha remodelación do servizo que permita acadar unha tramitación de contratación máis áxil e así alcanzar niveles de execución orzamentaria moito máis elevados, á vista da porcentaxe do orzamento que depende da contratación, e polo tanto acadar un cumprimento de obxectivos máis elevado que redunda finalmente no interese público.
- (2) A Xefatura do Servizo de patrimonio e contratación tamén ostenta a presidencia do Comité Anti-fraude a Deputación provincial da Coruña, que realiza a análise do riscos de todos os expedientes que teñan financiamento dos fondos Next Generation así como o tratamento das denuncias recibidas pola canle de denuncias tanto para a Deputación como para os máis de 50 concellos adheridos da provincia.

A designación do Xefe do Servizo de patrimonio e contratación como Presidente deste órgano responde tanto á valía profesional experiencia e probada



honestidade do seu titular actual, como a que a xefatura dese servizo se lle presume un excepcional coñecemento nesa materia, pois a meirande parte dos expedientes sometidos a análise de riscos son expedientes de contratación. Todas estas características tamén deben poder predicarse da persoa que ocupe ese posto no futuro.

- (3) A Xefatura do Servizo de patrimonio e contratación tamén forma parte da mesa de contratación da Fundación EMALCSA do Concello da Coruña, colaboración solicitada desta Deputación provincial polos mesmo motivos que a presidencia do Comité Anti-fraude (rigor, coñecementos e contrastada honestidade no desenvolvemento das súas funcións) pero que denotan a necesidade de seleccionar un perfil profesional que cumpra con estas responsabilidades especiais”.

Sexto.- No informe do Secretario xeral accidental se reflicte que “sen prexuízo da recomendación da Intervención xeral de asignar convenios ou instrumentos de colaboración con outras Administracións públicas, a condición imposta no artigo 208 da Lei de emprego de Galicia impona a Lei para abrir postos de traballo da comunidade autónoma a funcionarios das entidades locais, aínda que non ao contrario, debendo ter en conta o referido artigo 38 do mesmo texto que cita a Secretaria xeral no seu informe referido, que permita a cada entidade local a través da súa RPT facer esa apertura e respectando o límite do 7% salvo convenio atendendo a criterios de reciprocidade, de modo que si é exixible ese instrumento de colaboración se o que se pretende é aumentar esa porcentaxe. Por certo, non consta no expediente o cumprimento dese límite do 7%”.

Sétimo.- Na sesión plenaria celebrada o día 31 de maio de 2024, a corporación provincial acorda aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do ano 2024, publicándose o acordo no Boletín Oficial da provincia número 110 do 7 de xuño, abrindo á exposición ao público na Secretaría Xeral polo prazo de 20 días. Dentro dese prazo polo sindicato CSIF se presenta escrito de data 5 de xuño de 2024, co número de rexistro 2024999900060885 no que se insta o acceso ao expediente, e verificado o anterior, en data 5 de xullo de 2024 os dous delegados sindicais Rosa Torre Janeiro e Jacinto Pampín Pampín da sección sindical da CSIF solicitan: 1) a nulidade do acordo de aprobación inicial da modificación da relación de postos no atinente á provisión da Xefatura do Servizo de patrimonio e contratación a través do sistema de libre designación, así como no atinente á apertura de postos a outras administracións públicas; 2) subsidiariamente, a anulabilidade do referido acordo; e 3) a suspensión do proceso de provisión aberta a outras administracións públicas doutros postos da Xefatura de Servizo de promoción económica, turismo e emprego, da Xefatura de Servizo de Acción social, cultura e Deportes e da Xefatura de Servizo de patrimonio e contratación, e esta polo sistema de libre designación, no suposto de que non prospere a nulidade ou anulabilidade – anteriormente solicitadas- da relación de postos de traballo do ano 2024 da Deputación da Coruña, que prexudicarían a promoción do persoal interno.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- *Da figura da libre disposición como modo de provisión*

O primeiro argumento no que se sustenta a reclamación presentada á modificación da relación de postos de traballo xira en orde a elección do sistema de provisión mediante a libre designación baixo a rúbrica da normativa de aplicación. Para iso se citan o artigo 168 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, os artigos 78, 79 e 80 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigos 89, 91 e 92 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. Engade dúas sentenzas, unha do



Tribunal Constitucional de 25 de febreiro de 2008 da que reproduce o parágrafo que di “Tamén temos dito que o artigo 23 da Constitución española actúa non só no momento do acceso á función pública, senón tamén durante a vixencia da relación funcional e, polo tanto, é de aplicación aos actos relativos á provisión de postos de traballo (SSTC 75/1983, 15/1988 e 47/1989)”, e outra do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 15 de febreiro de 2017, ditada no recurso de apelación 216/2016, onde ao seu entender o alto tribunal autonómico “fixa como doutrina a aplicación preferente da lexislación básica estatal en relación á provisión de postos para as entidades locais (inclusive Xefaturas de Servizo), e polo ende o concurso como sistema selectivo ordinario para estes fins”.

Ao respecto cabe recordar que o artigo 101 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, se remite para a provisión ás normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, que evidentemente son as básicas do estatuto básico do empregado público.

Hai que ter en conta que, en todo caso, o desenvolvemento normativo local debe de facerse dentro do marco constitucional da reserva de Lei que establece o artigo 103.3 da Constitución. A xurisprudencia constitucional (SSTC 99/1987, 37/2002, e 1/2003) ten sinalado que esta reserva de Lei na función pública comprende o estatuto funcional (dereitos e obrigas, responsabilidade e réxime disciplinario), modos de provisión de postos de traballo (delimitación do funcional e do contractual laboral), situacións administrativas, adquisición e perda da relación de servizo e as condicións de promoción da carreira administrativa.

Máis especificamente en relación con funcionarios da Administración Local, a sentenza do Tribunal Constitucional 235/2000, de 5 de outubro, declarou no seu fundamento xurídico quinto, que a “competencia que lle asiste ao Estado ex artigo 149.1.18 da Constitución lle permite establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos e dentro deste réxime se atopan, sen dúbida, os sistemas de provisión de postos de traballo”.

Descontado que esta administración provincial nunca abeirou ou deixou ao marxe a aplicación do réxime estatal, cómpre citar con especial atención o auto do Tribunal Constitucional 176/2016, de 18 de outubro, porque reitera a natureza básica dos artigos 79 e 80 da Lei 7/2007 que son hoxe os mesmos artigos do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de modo que o concurso é o sistema ordinario e a libre designación, en consecuencia, o sistema excepcional.

E dicimos con especial atención o auto 176/2016, porque os delegados sindicais reclamantes din literalmente *“é certo que o artigo 80.2 do propio Estatuto Básico do Empregado Público dispón que as Leis de Función Pública de desenvolvemento -como a galega- poderían determinar que concretos postos, pola súa especial responsabilidade e confianza, eran susceptibles de ofertarse polo procedemento de libre designación con convocatoria pública, pero nunca “laminar” o precepto básico, convertendo a excepción en regra*”. Este parágrafo forma parte dun suposto real xurdido no concello da Coruña o 24 de setembro de 2014 sobre o sistema de provisión das xefaturas de servizo e da xefatura do departamento de control financeiro, pero como postos convocados ao acubillo do artigo 30 do Real Decreto Lexislativo galego 1/2008, vixente no momento da convocatoria (posteriormente derogada pola Lei 2/2015, de emprego de Galicia), pois este precepto dicía que en todo caso, mediante o procedemento de libre designación, se proverían as xefaturas de servizo ou equivalentes, de modo que a literalidade era clara no sentido de que todas e cada unha das xefaturas de servizo debían ofertarse mediante o sistema de libre designación sen excepción. É dicir, aí estaba que a excepción se convertía en regra, e apoiándose naquela observación de “laminar o precepto básico” o Tribunal superior de Xustiza de Galicia presentou unha cuestión de inconstitucionalidade mediante o auto de 31 de marzo de 2016.



A cuestión de inconstitucionalidade non se admitiu a trámite no referido auto 176/2016, o cal comezaba poñendo de manifesto que "aquele artigo 30 do Decreto Lexislativo 1/2008 non se atopa xa en vigor, tendo sido derogado pola Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego de Galicia", e pese a que conclúe dicindo que "aquele precepto non é contrario á Constitución nin á lexislación básica que se contén nos artigos 79 e 80 da Lei 7/2007 e Real Decreto Lexislativo 5/2015", ao non ser aplicable ao réxime de provisión de postos de traballo dos funcionarios de carreira da Administración local, "non cabe entender que os acordos impugnados vulneren o mencionado precepto do Decreto lexislativo 1/2008". Polo tanto, a existencia de que uns postos de traballo (no caso a xefatura do Servizo de patrimonio e contratación) se cubra polo sistema de libre designación, non implica eliminar o carácter excepcional deste sistema de provisión. Decae así o primeiro motivo de impugnación esgrimido pola sección sindical do CSIF.

Segundo.- Da concorrencia da especial responsabilidade, do carácter excepcional e da natureza especial das funcións do posto da xefatura do Servizo de patrimonio e contratación

De adverso se esgrime polos delegados sindicais asinantes que "a tenor do contemplado no catálogo de funcións dos postos da Deputación da Coruña, se observa; 1) a existencia de postos directivos dos que dependen as diferentes xefaturas de servizo da Deputación; Secretaría Xeral, Oficial maior, Interventor Xeral, Vicesecretario xeral, Interventor adxunto, Tesoureiro, e Viceteseureiro; 2) as funcións incluídas no citado catálogo son idénticas para todas as xefaturas de servizo da Deputación provincial da Coruña, sen que se estableza singularización algunha respecto das funcións da Xefatura do servizo de patrimonio e contratación respecto do resto das xefaturas de servizo; 3) as funcións que desenrolan as xefaturas de servizo non son de carácter directivo senón de desenvolvemento administrativo, proposta, supervisión, planificación, asesoramento, preparación e xestión, impulso e outras similares, ningunha de elas responde ás propias dun posto directivo; 4) o posto de Xefe de servizo de patrimonio e contratación depende dun posto directivo que figura na organización da Deputación, en concreto, depende do posto responsable da Secretaría xeral, esta circunstancia reforza a imposibilidade de considerar á citada xefatura non só como posto directivo senón dotado dunha especial responsabilidade".

A verdade é que resulta moi difícil participar da idea de que unha xefatura de servizo non teña facultades directivas, pois dada a estrutura organizativa e a organización xerárquica da administración, unha xefatura de servizo sempre implica a actividade de coordinación e mando sobre os postos de traballo que integran o servizo administrativo, con independencia de que existan outros niveis directivos superiores. Cousa distinta é que esta nota estea presente en todas as xefaturas, o que obviamente non permite comunicar o sistema de provisión de libre designación para todas elas polo feito de ter facultades directivas. Tampouco se trata de indagar na causa pola que a Deputación considera que unha xefatura se ha de dotar polo sistema de libre designación e outras non, senón que sexa a Deputación quén a explique e o faga en termos susceptibles de control dentro da documentación na que se sustenta a modificación da relación de postos de traballo a través da súa exposición ao público. Para cumprir con este deber é cando se sinala; a) o carácter transversal do Servizo de Patrimonio e contratación que require dunha persoa que o dirixa cun perfil profesional que permita un desenvolvemento eficaz; b) a presidencia do Comité Anti-fraude da deputación; c) o requisito do coñecemento excepcional en materia de contratos para analizar os riscos; d) e formar parte da mesa de contratación da Fundación EMALCSA do Concello da Coruña.

O plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación provincial da Coruña (Plan PREMADECOR) foi aprobado polo Pleno ordinario do día 23 de xuño de 2022 e publicado no Boletín Oficial da provincia número 125 do 4 de xullo de 2022. A este o segue a Resolución de presidencia número 34223/2022, de 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial



da Coruña (cadecor) publicado no Boletín Oficial da provincial número 152 do 11 de agosto de 2022. No nomeamento do presidente deste Comité, na persoa do xefe do Servizo de patrimonio e contratación, se destaca que o nomeamento é "en atención á súa responsabilidade dun Servizo troncal e pola súa dilatada experiencia e capacidade". Dentro do Plan PREMADECOR se observa que o servizo de patrimonio e contratación ten un trato diferenciado e singularizado fronte aos demais servizos, pois por unha banda está a actividade de contratación, que solo se concentra neuralxicamente neste servizo, e por outra banda está a actividade subvencional e de cooperación municipal se espalla a todos aqueles servizos que fan estes cometidos. Dito con outras palabras, para un caso o control do fraude se focaliza nun servizo e noutros casos nunha actividade, e en boa medida isto é así, porque o plan anti-fraude vén a dar cumprimento a Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2017 cando persigue tratar de maneira eficaz o fraude na contratación mediante unha disposición específica. Neste carácter diferenciado polo propio lexislador comunitario é onde se atopa o carácter troncal do servizo de contratación.

A valía profesional, a experiencia e a probada honestidade do titular actual da xefatura do Servizo de patrimonio e contratación, aparte de responder ao recoñecemento da evidencia demostrada, tamén é causa que xustifica a súa continuidade do cargo, ou que a confianza en el depositada se siga mantendo, ademais de servir como punto de partida para a elección do futuro empregado público que o releve, pois co paso do sistema de provisión por concurso ao sistema de libre designación o que se está facendo é o tránsito admitido polo ordenamento xurídico, pasar dun procedemento de selección por concorrencia competitiva a un procedemento de selección por concorrencia comparativa. No escrito de impugnación presentado polos delegados da sección sindical CSIF se di que "a experiencia e solvencia profesional son importantes pero non suficientes, pois por si solas non enervan a dúbida que pode xerar a dependencia que suxire a forma designación por libre designación respecto do cargo político que pode cesar discrecionalmente a quen foi nomeado para o posto por este sistema de provisión".

Chegados a este punto, vista a anterior manifestación, non está de máis discernir entre a confianza política na designación de órganos directivos e a confianza que inspira a libre designación mediante convocatoria, como forma que é de provisión de postos de traballo. A primeira poderá inspirarse prioritariamente na afinidade política cos titulares dos órganos superiores, sen obviar a capacidade profesional do nomeado; na segunda o peso da designación está na confianza na idoneidade, capacidade ou valía profesional que ten quen designa no designado, o que aprecia libremente, xuízo que pondera as cualidades do candidato como funcionario de carreira. Tal xuízo de idoneidade se relaciona coas funcións e requisitos esixidos para o desempeño dun posto caracterizado por esa especial responsabilidade que xustifica a súa clasificación como de libre designación, sentenza do Tribunal Supremo de 30 de setembro de 2021, habida conta de que no se pode confundir a natureza dun cargo coas eventuais sospeitas de irregularidade na designación ou no cese do mesmo. Para despexar estas sospeitas xa existen mecanismos de control a actividade discrecional da administración como son a verificación dos elementos regrados e a limitación da desviación do poder. Un acto de nomeamento de persoal por libre designación non é un acto de imperio, segue a ser un acto de xestión, e como tal, admite o recurso contencioso-administrativo.

Terceiro.- Incumprimento da utilización do sistema e ferramentas aprobadas pola Deputación provincial da Coruña

Este terceiro motivo de reclamación se centra no incumprimento da utilización do sistema e ferramentas aprobadas pola Deputación Provincial de A Coruña e vixentes para valorar os postos de traballo e as súas funcións consistentes nun manual de valoración e nunha matriz dos postos de traballo e un catálogo de funcións e un órgano para a súa interpretación e desenrolo, a Comisión de Valoración de Postos de Traballo.



Os anteriores instrumentos son documentos internos, ad intra, e por debaixo da lexislación aplicable, é dicir de xerarquía normativa inferior. Os cales quedan afastados das exixencias que a lexislación en cuestión impón, pois poderían servir nun momento previo e con carácter unicamente auxiliar, para perfilar a singularidade dunha praza fronte as demais, ou para apoiar a xustificación de que non se acuda ao sistema de provisión por concurso específico, pero non serven para identificar a clase de méritos que se han de ter en conta para decidir a preferencia determinante do nomeamento porque isto só se pode facer a posteriori despois da convocatoria e unha vez presentados os candidatos. Como aqueles recursos ou ferramentas funcionan en fases distintas, resulta que a súa inobservancia non ten repercusión substantiva.

Cuarto.- Inexistencia de cumprimento do límite do 7% en relación á apertura de postos de traballo ao persoal funcionario doutras administracións.

Que non conste expresamente no expediente de modificación da relación de postos de traballo o cumprimento desta porcentaxe do 7% non quere dicir que haxa un incumprimento, ou que en efecto se teñan aberto a outras administracións un número de postos que sexa superior á citada porcentaxe. A súa constatación é relativamente sinxela na medida de que se trata dunha mera fórmula aritmética. Se contabilizamos todos os postos que conforman a relación publicada e conformada por uns oitocentos vinte só había sete abertos a outras administracións, e coa modificación aquel número de sete pasa a ser de nove postos. Segue igual a estar por debaixo da porcentaxe proscriba.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 33.2.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a probación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ACÓRDASE

1.- Rexeitar integramente as alegacións presentadas por Rosa Torre Janeiro e Jacinto Pampín Pampín como delegados sindicais da sección sindical do CSIF, contra a aprobación inicial da Modificación da Relación de Postos de Traballo do ano 2024, aprobada inicialmente polo pleno da Corporación do 31 de maio de 2024.

2.- Procede a aprobar definitivamente a Modificación da Relación de Postos de Traballo, cadro de persoal e organigrama para o ano 2024 nos termos do acordo plenario do 31 de maio de 2024, dando traslado da referida aprobación definitiva aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

28.- Dación de conta da resolución de presidencia número 27520 relativa a persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 27520 de 28 de xuño de 2024 relativa a persoal eventual.

29.- Aprobación da Proposta da Presidencia ao Pleno do 24 de xullo de 2024 sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes de 2024.



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

O mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados/as e dos/as empregados/as públicos, circunstancia que non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 30 de agosto, o que aconsella retrasar esa data.

Xa que logo, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023,

PROPOÑO AO PLENO, previo ditame da Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2024 celebrarase o día 13 de setembro, venres, a partir das doce horas".

30.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Laracha polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Renovación expositiva do Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte de Golmar"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas



excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O proxecto RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR, pretende actualizar os contidos expositivos do centro de interpretación, que se encontran totalmente obsoletos.

A idea principal é readaptar os contidos expositivos recollidos anteriormente, para ofrecer unha lectura máis certa, adaptada a todos os públicos, e cunha museografía máis actual, accesible e inclusiva: unha museografía que ofrezca unha ponte entre o público xeral e o patrimonio, subliando o valor divulgativo e pedagóxico da exposición. Realizarase unha mellora da súa imaxe gráfica, creando unha identidade corporativa propia, que sexa coherente co resto de elementos museográficos e sinalización e actuarase neste punto para mellorar a atención ao visitante, guiando ao público desde a entrada cun panel cos horarios, identificativo do centro, ademais de diferentes elementos sinaléticos no interior

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DA LARACHA con CIF P1504200E , para financiar o “RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR” cun orzamento total de 48.279,00€

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 38.623,20 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:



Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DA LARACHA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DA LARACHA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

EXPOÑEN

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DA LARACHA consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR ", coa finalidade de actualizar e modernizar a musealización do centro de interpretación dos muíños, mellorando e potenciando este recurso patrimonial e turístico do concello.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DA LARACHA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DA LARACHA, con CIF P1504200E , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CAPITULO 1 TRABALLO DOCUMENTAL E CONTIDOS

Coordinación	2.500,00 €	
Traballo de campo e documentación	1.700,00 €	
Relato expositivo e selección material	3.900,00 €	
Redacción de textos	4.000,00 €	12.100,00 €

CAPITULO 2 IDENTIDADE CORPORATIVA E DESEÑO



Deseño gráfico e artes finais	5.800,00 €	
Manual de identidade corporativa	2.500,00 €	
Contidos audiovisuais	4.600,00 €	12.900,00 €

CAPÍTULO 3 MOBILIARIO, GRÁFICA E EQUIPAMENTO

Subministración de elementos expositivos e mobiliario	4.500,00 €	
Escenografías	900,00 €	
Gráficas, artes finais	3.500,00 €	
Renovación da instalación da iluminación expositiva	3.000,00 €	
Transporte, instalación e montaxe	3.000,00 €	14.900,00 €

RESUMO DE CAPÍTULOS

TRABALLO DOCUMENTAL E CONTIDOS	12.100,00 €
IDENTIDADE CORPORATIVA E DESEÑO	12.900,00 €
MOBILIARIO, GRÁFICA E EQUIPAMENTO	14.900,00 €
BASE	39.900,00 €
IVE 21%	8.379,00 €
TOTAL	48.279,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 38.623,20 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DA LARACHA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DA LARACHA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DA LARACHA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DA LARACHA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DA LARACHA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DA LARACHA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DA LARACHA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DA LARACHA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.



O CONCELLO DA LARACHA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DA LARACHA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DA LARACHA da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA LARACHA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DA LARACHA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se debeñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DA LARACHA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DA LARACHA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DA LARACHA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DA LARACHA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DA LARACHA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DA LARACHA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DA LARACHA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de marzo do 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do 2025.

2. O CONCELLO DA LARACHA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de abril de 2025.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE LARACHA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de abril de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE LARACHA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que



xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DA LARACHA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de _____. E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DA LARACHA,

A Secretaria Provincial

31.- Aprobación da designación de representantes e suplentes da Deputación Provincial da Coruña nas comisións de seguimento dos Plans de Sostibilidade en Destino (PSTD): Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra, Xeoparque Cabo Ortegal, Fragas do Eume, Os Fogóns do Anllóns e Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"ANTECEDENTES

A designación do Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Xosé Regueira Varela, como representante da Deputación da Coruña na comisión de seguimento tal e como se indica en cada un dos Convenios de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para a execución dos PSTDs, foi aprobada por Acordo Plenario nas seguintes datas:

- PSTD Eume e Xeoparque Cabo Ortegal: o 23/06/2022, ratificado posteriormente a data 30/09/2022 designando a Xosé Luís Penas Corral, Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, como suplente do representante.



-PSTD Fogóns do Anllóns e Vía Verde Compostela – Tambre – Lengüelle: o 29/09/2023 e con data de 27/10/2023 a designación de Rafael María Díaz- Aguado Jalón, Xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, como segundo representante da entidade local e como suplentes na mesma ao deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, Xosé Luís Penas Corral e María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico.

Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución dos convenios de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para financiar os 5 Plans de Sostibilidade Turística en Destinos anteriormente citados, queda constituída a comisión de seguimento desde a firma de cada un dos convenios e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

A devandita comisión, que terá carácter paritario, estará integrada polos seguintes membros:

1. Dous representantes da Comunidade Autónoma
2. Dous representantes da entidade local.

Con motivo da xubilación do Xefe de Servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego, requírese a designación dunha nova persoa representante da entidade local, neste caso como segundo representante, na súa substitución, así como o suplente desta.

Polo que visto o exposto, acórdase:

1. Designar a Dona María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Turismo, como segunda representante da entidade local e a Paula Cabado Brea, técnica de proxectos de xestión de proxectos da Sección de promoción e desenvolvemento turístico como a súa suplente, quedando as Comisións de Seguimento de cada un dos plans integrada polos seguintes membros:

- Dous representantes da entidade local:

Primeiro representante: Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Xosé Regueira Varela.

Suplente: Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, Xosé Luis Penas Corral

Segundo representante: María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Turismo.

Suplente: Paula Cabado Brea. Técnica de xestión de proxectos da Sección de promoción e desenvolvemento turístico."

32.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da



Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das Representacións históricas en torno desembarco das tropas do Arcebispo "Rodrigo de Luna" e da loita cos cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A actividade a financiar consiste nunha representación do desembarco que se leva a cabo a finais do mes de Xullo no que Corcubión volve a ser invadido dende o mar, pero a diferenza do ano 1457, esta vez con carácter lúdico e co fin de recordar o desembarco das tropas do arcebispo Rodrigo de Luna que en dita data, intentou conquistar a vila. Época na que Corcubión era una vila próspera, onde recalaban os barcos de mercadores italianos que comercializaban con Flandes e o norte de Europa, e o referido arcebispo, que era tamén señor de Fisterra e Muxía, enviou as súas tropas a conquistar a capital corcubionesa. Pero encontrouse co heroe Gomes de Riobó e con Dona Xoana de Castro, que lles fixeron fronte. Todo elo será reflexado na representación que será unha maneira de retroceder no tempo para encontrarse coa historia e tradición de Corcubión e da comarca.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o



importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

- Incumprimento do disposto no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións ao non xustificarse as razóns de interese público que dificultan ou impiden a súa inclusión no Plan Único POS.

4º Apobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CORCUBIÓN con CIF P1502800D , para financiar as “REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO "RODRIGO DE LUNA" E DA LOITA COS CABALEIROS DOS "CONDES DE ALTAMIRA" EN CORCUBIÓN NO ANO 1457” cun orzamento total de 18.029,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 14.423,20 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80.00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das “REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CORCUBIÓN

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 " consistente nunha representación do desembarco que se leva a cabo a finais do mes de Xullo no que Corcubión volve a ser invadido dende o mar, pero a diferenza do ano 1457, esta vez con carácter lúdico e co fin de rememorar o desembarco das tropas do arcebispo Rodrigo de Luna que en dita data, intentou



conquistar a vila. Época na que Corcubión era una vila próspera, onde recalaban os barcos de mercadores italianos que comercializaban con Flandes e o norte de Europa, e o referido arcebispo, que era tamén señor de Fisterra e Muxía, enviou as súas tropas a conquistar a capital corcubionesa. Pero encontrouse co heroe Gomes de Riobó e con Dona Xoana de Castro, que lles fixeron fronte.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CORCUBIÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CORCUBIÓN, con CIF P1502800D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

DESCRIPCIÓN	PRECIO	TOTAL
Guionización e coordinación	2.800,00 €	2.800,00 €
Actuacións teatrais	5.900,00 €	5.900,00 €
Son	1.800,00 €	1.800,00 €
Iluminación	1.500,00 €	1.500,00 €
Tirada piromusical	1.000,00 €	1.000,00 €
Decoracion, escenografía	1.900,00 €	1.900,00 €
Base Imponible		14.900,00 €
IVA 21 %		3.129,00 €
Total		18.029,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 14.423,20 €, o que representa unha porcentaxe do 80.0000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o



80.0000 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CORCUBIÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CORCUBIÓN. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CORCUBIÓN, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE CORCUBIÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CORCUBIÓN.



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CORCUBIÓN, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CORCUBIÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CORCUBIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORCUBIÓN da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CORCUBIÓN na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.



VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CORCUBIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CORCUBIÓN poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CORCUBIÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total



dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CORCUBIÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CORCUBIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xaneiro de 2025.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE CORCUBIÓN non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de xaneiro de 2025, deberá



solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CORCUBIÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CORCUBIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE CORCUBIÓN,

A Secretaria Provincial"

33.- Aprobación da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)



ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"PRIMEIRO: Aprobar con carácter provisional a Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña coa seguinte redacción:

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Segundo a célebre definición de JORDANA DE POZAS, a acción de fomento que realiza a Administración pública ten por obxecto promover aquelas actividades, establecementos ou riquezas que, xeradas pola iniciativa particular, resulte conveniente apoialas por satisfacer necesidades públicas ou seren de utilidade xeral, sen utilizar a coacción nin crear un novo servizo público. Deste xeito, a acción de fomento vén a distinguirse claramente da realización de actividades ou servizos pola propia administración, xa que nesta segunda a iniciativa parte sempre dela mesma, na execución directa das competencias que ten asumidas, namentres que na primeira, a iniciativa ou ben provén do sector privado ou ben doutra administración pública, para logo ser fortalecida e mellorada polo pulo económico da acción de fomento, mediante a concesión de subvencións ou outras achegas.

Tal como moi ben explica a exposición de motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, unha parte significativa da actividade financeira das administracións públicas recibe canle a través das subvencións, dando apoio e resposta a demandas sociais e económicas de entidades públicas e privadas. Neste ámbito, a Deputación da Coruña dirixe a súa acción, por unha banda, cara aos concellos que conforman provincia e demais entidades locais, cooperando primordialmente na mellora das infraestruturas e servizos municipais básicos; pola outra, procura o desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia, cooperando coas entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no noso territorio e, desde datas máis recentes, tamén coas empresas privadas, axudando a mellora do tecido produtivo e a creación de emprego.

Para levar a cabo a súa acción de fomento, a Deputación aproba anualmente o seu orzamento dotando os créditos necesarios nos capítulos IV e VII do estado de gastos, no marco e con pleno respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, co obxectivo de que esta parte tan significativa do gasto público aprobado polo Pleno da Corporación teña un efecto multiplicador na economía provincial e xere riqueza no conxunto do territorio. Para este fin, a posterior execución destes créditos debe administrarse co maior rigor xurídico e procurando a máxima eficiencia económica. O primeiro límite da xestión atópase, xa que logo, no estrito cumprimento do Principio de legalidade, ao que administración está vinculada positivamente mediante unha lei habilitante ("*Quae non sunt permissa prohibita intelliguntur*"). Neste senso, calquera programa de subvencións ten que estar debidamente ancorado nalgunha das competencias que lle atribúe ás deputacións o artigo 36 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, coa importante reforma levada a cabo pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, que precisamente pretendeu darlle



un pulo de reforzamento ás deputacións.

Pero o respecto ao marco competencial invocado e demais lexislación aplicábel non abonda para conseguir a consecución dos obxectivos ao menor custo, isto é, a consecución da eficiencia económica. Para o cumprimento deste segundo principio ou límite da xestión, devén conveniente e mesmo necesaria a aprobación dun plan estratéxico, no que previamente estean definidos os obxectivos que se pretenden conseguir; agora ben, sendo vontade desta Corporación a redacción e aprobación deste plan, considerouse prioritario articular unha norma propia que aplique e concrete para a nosa organización a lexislación de carácter xeral nesta materia.

Coa finalidade exposta, a presente ordenanza regula aqueles apartados que precisan dun desenvolvemento regulamentario, non só pola esixencia legal de que as bases reguladoras se aproben a través dunha ordenanza xeral ou específica de cada modalidade (artigo 17.2 da Lei xeral de subvencións), senón tamén coa ansia de conseguir maior seguridade xurídica, outorgándolle carácter normativo a aquelas prácticas e criterios seguidos por esta administración na aprobación das convocatorias, actos de concesión e formalización de convenios, xustificación e control das subvencións pagadas nos derradeiros anos.

Por outra banda, como é ben coñecido, ata o de agora o Pleno da Corporación xa lle dera a súa aprobación a unha Ordenanza provincial reguladora do control financeiro e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP número 116, do 22 de xuño de 2015), desenvolvemento regulamentario parcial que se considerou necesario – especialmente en materia sancionadora-, logo da experiencia acadada no exercicio do control financeiro que vén realizando con medios exclusivamente propios o persoal funcionario da Intervención dende o ano 2006. Pero, aínda sendo de recente aprobación, xa dende o primeiro momento da súa aplicación observáronse algúns apartados que poden ser obxecto dunha maior concreción, particularmente no ámbito da graduación das sancións. Igualmente, a posterior aprobación e entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así coma do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, veu derrogar de xeito tácito e pola aplicación do principio de xerarquía normativa algunhas das súas disposicións, polo que xa non resultan de aplicación no momento presente.

Centrándose agora no texto articulado que se desenvolve deseguido, cómpre advertir de antemán que se ten seguido unha técnica normativa propia do ámbito tributario estatal e tamén común na lexislación europea, consistente en darlle só regulación a aqueles apartados, requisitos ou trámites sobre os que non existe disposición similar de rango legal ou regulamentario de carácter xeral, evitando na medida do posible reproducir literalmente as disposicións xa contidas naquelas normas de rango superior, sendo o texto resultante unha norma aclaratoria e de adaptación a esta administración, sen pretender en ningún caso abranguer e codificar de xeito integrador e sistemático toda a normativa sobre as subvencións. Por tal razón, tanto os operadores xurídicos que teñan que aplicar este texto coma os seus destinatarios, deberán incardinar cada un dos preceptos no marco da regulación xeral contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no regulamento desta lei aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (a meirande parte dos seus preceptos son de carácter básico e, xa que logo, de preferente aplicación á lexislación autonómica) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (que vén a reproducir case na súa totalidade a lei estatal básica).

Logo das disposicións xerais de carácter introdutorio (capítulo I), este texto normativo



céntrase nos procedementos de concesión das subvencións, fixándose os criterios e trámites propios para o outorgamento daquelas no réxime ordinario de concorrencia competitiva, así coma o réxime singular e excepcional para o outorgamento directo das chamadas subvencións nominativas, estremando o rigor e as esixencias procedementais para evitar a falla de motivación e mesmo a arbitrariedade (sección segunda). Seguidamente regúlase no capítulo III o réxime de xustificación, concretando especialmente os requisitos formais da documentación xustificativa que se veñen esixindo nesta Deputación, así como regulando con precisión o concepto de coeficiente de financiamento e a fórmula para a súa determinación. Tamén se incorporan a este capítulo as disposicións que acomodan os prazos de xustificación ao principio de imputación temporal dos créditos contido no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na normativa orzamentaria e contable de desenvolvemento.

O capítulo IV regula o procedemento de control financeiro, modificando as disposicións contidas na ordenanza en vigor para adaptalas ao Regulamento do réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local (RD 324/2017, do 29 de abril). Igualmente, mellórase o actual texto normativo delimitando con precisión as competencias do órgano interventor e a súa desconcentración, a distribución de funcións e, no apartado procedemental, introducindo a posibilidade de que se insten probas complementarias polas persoas interesadas no trámite de alegacións.

O capítulo seguinte é moi breve e está adicado ao procedemento de reintegro, limitándose a atribuír ao órgano interventor a súa instrución e precisando a distribución de funcións. Esta atribución xa fora realizada por resolución de Presidencia, ao seren tanto este procedemento coma o sancionador, procedementos derivados que se instrúen na meirande parte dos supostos a consecuencia da conclusión obtida nos procedementos de control financeiro, polo que resulta máis operativo e funcional que sexa persoal da propia Intervención o que execute os seus propios informes. Neste mesmo senso, un anteproxecto de modificación da Lei xeral de subvencións que se coñeceu no ano 2016 xa tiña previsto tamén esta atribución dos reintegros á Intervención Xeral do Estado.

No capítulo VI desenvólvese a potestade regulamentaria no exercicio da potestade sancionadora nesta materia, tal como habilita especialmente o artigo 64 da Lei xeral de subvencións. Con pleno respecto ao principio de reserva de lei nesta materia, o presente texto normativo só introduce concreción nas condutas que poden ser constitutivas de infraccións leves, sen que nada novo se regule con respecto ás condutas que poden ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves. Logo, no apartado de sancións, dado que se require a concreción dos criterios de gradación, a ordenanza limitase a regulalos, para que a actuación do instrutor do expediente estea debidamente regulada, limitándose a aplicar automaticamente estes criterios normativos. Dado que as sancións graves e moi graves poden ter contías certamente significativas e de moi difícil asunción e pagamento por parte das persoas beneficiarias de subvencións (especialmente as entidades non lucrativas) aprovéitase tamén este texto normativo para aumentar as porcentaxes de redución das sancións para os casos nos que a persoa infractora recoñeza a súa responsabilidade e proceda ao pagamento voluntario da sanción imposta, renunciando a presentación de recursos en vía administrativa e se comprometa ao pagamento inmediato, tal como permite o artigo 84 da Lei 39/2015. As porcentaxes mínimas do 20 por cento elévanse ata o 30 por cento, polo que o recoñecemento da responsabilidade e o pago en período voluntario suporá unha redución do 60 por cento do importe da sanción.

Finalmente, considérase conveniente aproveitar este texto normativo para establecer normas regulamentarias respecto á xestión, pagamento e posterior control de achegas



económicas que non son propiamente subvencións, segundo o concepto legal establecido no artigo 2 da Lei xeral de subvencións, pero que teñen natureza análoga ao seren transferencias correntes ou de capital que se outorgan sen contraprestación directa da persoa beneficiaria. Así regúlanse neste derradeiro capítulo as cotas de socio e transferencias correntes e de capital a entidades nas que está integrada esta Deputación ou poida integrarse no futuro, de xeito que tamén con respecto a estas achegas de diñeiro se lles poidan aplicar aqueles obxectivos de rigor procedemental no seu outorgamento, eficiencia na súa aplicación e sometemento ao debido control.

En virtude destas consideracións, de conformidade coa atribución conferida ao Pleno no artigo 33.2, apartado b), da Lei 7/85, de bases de réxime local, preséntase para a súa aprobación, logo do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, o seguinte texto normativo de

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS E TRANSFERENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

II. TEXTO ARTICULADO.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Habilitación legal.

1. No exercicio da potestade regulamentaria que lle confire ás deputacións provinciais o artigo 4.1 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e consonte á habilitación legal específica que se permite neste ámbito de acción administrativa nos artigos 17.2, 64 e disposición adicional décimo cuarta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regúlanse a través desta ordenanza o desenvolvemento normativo necesario para a concesión, xestión, fiscalización e pagamento de subvencións e outras achegas sen contraprestación, así como os procedementos de control financeiro, de reintegro e os que se tramitan para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Con pleno respecto ao principio de xerarquía normativa establecido no artigo 9.3 da Constitución, os preceptos desta ordenanza serán de aplicación en todo o non disposto e regulado especificamente na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu Regulamento de desenvolvemento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. A presente ordenanza será de aplicación a todas as subvencións que conceda a Deputación Provincial da Coruña, sexan achegas en diñeiro ou en especie e con independencia do procedemento específico que se siga para o seu outorgamento. Igualmente, a regulación contida nos capítulos IV, V e VII resultará de aplicación as transferencias, cotas de socio e demais achegas sen contraprestación que se poidan acordar.
2. A aprobación, xestión e modificación dos plans de obras e servizos e doutros plans especiais que teñan coma beneficiarios os concellos que integran a provincia, rexeráse polas súas disposicións específicas; non obstante, resultarán de plena aplicación ao control dos fondos as disposicións contidas nos capítulos IV e V, referidos respectivamente aos procedementos de control financeiro e de reintegro.



3. Na xestión de subvencións e axudas que poidan concederse e que estean financiadas pola Unión Europea ou por outras administracións públicas aplicárase, as normas recollidas nesta ordenanza terán carácter supletorio respecto da normativa específica que resulte de aplicación, ben sexa procedente da Unión Europea ou da administración da que procedan os fondos.
4. Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario regularanse polas bases específicas aprobadas para este efecto.
5. As subvencións que teñan coma finalidade a cooperación internacional ao desenvolvemento regularanse polas súas normas específicas, de conformidade co disposto na disposición adicional décimo oitava da Lei xeral de subvencións, aplicándose con carácter supletorio as normas contidas nesta ordenanza.
6. As disposicións reguladoras do procedemento de control financeiro (capítulo IV) e do procedemento de reintegro (capítulo V) resultarán igualmente de aplicación aos procedementos de tal natureza que instrúa o órgano interventor da Deputación, en virtude da delegación que poida ser acordada polos concellos da provincia. As disposicións relativas ao exercicio da potestade sancionadora e procedemento sancionador contidas no capítulo VI só resultarán de aplicación aos procedementos desta natureza que instrúa o órgano interventor, en virtude da delegación conferida polos concellos da provincia, cando estes non tiveran disposición específica aprobada nesta materia.

Artigo 3. Órganos competentes.

1. Compételle ao Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento da Deputación, mediante a aprobación dun plan estratéxico plurianual e a través da aprobación do orzamento anual, no que se doten os créditos necesarios para levar a cabo tal acción nos ámbitos de cooperación coa prestación dos servizos públicos municipais e desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia. Tamén lle compete a este órgano o exercicio da potestade regulamentaria nesta materia, mediante a aprobación, modificación ou derogación de ordenanzas xerais ou sectoriais, así coma a concesión con carácter excepcional de subvencións directas de carácter nominativo, cando aprecie circunstancias de singularidade ou excepcionalidade que imposibiliten ou dificulten a súa convocatoria pública e logo de seguirse o procedemento regulado na sección segunda do capítulo II desta ordenanza.
2. A aprobación das convocatorias de subvencións, resolucións de concesión ou modificación, aprobación da xustificación e ordenación do pago ou, se é o caso, declaración da perda do dereito ao cobro, son atribucións que lle corresponden á Presidencia, sen prexuízo das delegacións que se poidan acordar en cada momento a prol da Xunta de goberno ou de calquera persoa deputada.
3. Baixo a dirección e impulso da Presidencia ou órgano no que poida delegar, a instrución de todos os expedientes é tarefa propia dos servizos administrativos aos que lles corresponda por razón da materia, que actuarán baixo a dirección do persoal funcionario que desempeñe a xefatura de cada un deles, a quen lle corresponderá a redacción e sinatura de todos os informes e propostas de acordo, sen prexuízo do asesoramento legal preceptivo atribuído legalmente á Secretaría Xeral e da fiscalización interna exercida polo órgano interventor.
4. O exercicio do control financeiro, tanto das subvencións e transferencias coma as dos concellos que deleguen esta competencia na Deputación, é atribución do órgano interventor, ao que lle corresponde a planificación desta tarefa segundo



unha análise previa de riscos, e a posterior instrución dos expedientes, dándolle conta ao Pleno da Corporación do plan aprobado e dos resultados obtidos. Coa finalidade de acadar maior operatividade e eficacia, tamén se lle atribúe ao persoal deste órgano a instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores nesta materia.

Artigo 4. Os proxectos ou actividades subvencionadas.

1. Co fin de darlle estrito cumprimento ao apartado c) do artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os proxectos ou actividades subvencionadas han de estar perfectamente descritos nos documentos técnicos ou memorias que acheguen as persoas solicitantes, debendo diferenciarse da actividade xeral que leven a cabo aquelas e explicando a utilidade pública ou interese social que se pretende acadar.
2. Ao proxecto ou actividade para a que se solicita a subvención deberán atribuírselle gastos e recursos específicos ou afectados que, malia que estean integrados no orzamento xeral da persoa solicitante, deberán ser obxecto dun seguimento contable específico. Igualmente, deberase detallar un cronograma para a súa execución ou desenvolvemento.

Artigo 5. As persoas beneficiarias: requisitos necesarios.

1. Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que vaia realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.
2. As persoas físicas beneficiarias deberán ter capacidade de obrar ou, noutro caso, actuar por medio da persoa que exerza a súa patria potestade, tutela ou curatela. As persoas xurídicas que formen parte do grupo dunha administración pública deberán acreditar a inscrición no inventario ao que se refire o artigo 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e as persoas xurídicas privadas a inscrición dos seus estatutos no rexistro público correspondente. Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 socios de pleno dereito, agás as fundacións, federacións, asociacións de concellos, agrupacións de voluntarios de protección civil e aquelas outras entidades singulares que se rexerán pola súa normativa específica.
3. Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica, as persoas beneficiarias das subvencións, transferencias ou achegas provinciais, deberán contar cos seguintes requisitos adicionais:
 - a) Ter o domicilio na provincia da Coruña ou acreditaren que as actividades e investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.
 - b) Dispor dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións necesarias.
 - c) As persoas que ocupen a presidencia, tesourería e secretaría da entidade e quen a represente perante a Deputación -no caso de ser distinta das anteriores-, deberán dispor de certificado dixital que lles permita a sinatura electrónica de documentos.



4. Só poderá concederse, para o mesmo obxecto, unha subvención anual por persoa beneficiaria. Só por razóns extraordinarias ou urxentes serían compatibles as subvencións de concorrencia competitiva cunha concesión directa por persoa beneficiaria para diferentes obxectos.

Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só unha persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Artigo 6. As obrigas xerais de carácter formal: publicidade, contabilidade e arquivo da documentación.

1. Ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persoa beneficiaria e as súas actividades, en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer a colaboración da Deputación da Coruña.

Esta obriga entenderase, como mínimo, desde a data de concesión e ata o pagamento da subvención, e no caso de investimentos durante o período de adscrición obligatoria do ben á finalidade da subvención.

2. As persoas beneficiarias deberán levar a contabilidade segundo a normativa que lles resulte aplicable, de xeito que quede garantido o rexistro dos gastos subvencionables e de todos os ingresos obtidos, diferenciando entre os recursos xerais e os afectados especificamente ao financiamento do proxecto ou actividade subvencionada. En todo caso, deberán contar polo menos coa seguinte información contable:

- Rexistro cronolóxico de ingresos e gastos ou cobros e pagamentos, que deberá estar debidamente conciliado cos cargos e abonos das contas bancarias. Ao final de cada exercicio o documento ou libro que se forme pola agrupación destes rexistros deberá estar dilixenciado polas persoas que exerzan os cargos de presidencia, secretaría e tesourería da persoa xurídica.
- Liquidación anual de ingresos e gastos, cun apartado específico para os ingresos e gastos imputables ao proxecto ou actividade subvencionada. Este documento deberá ser obxecto de aprobación pola asemblea, padroado ou órgano similar, deixándose constancia en acta das magnitudes ou resultados obtidos.
- Libro de inventario, no que se rexistren axeitadamente todos os bens e dereitos da persoa xurídica, así coma a rectificación anual por altas e baixas que se produzan, que deberá ser obxecto de aprobación pola asemblea, padroado ou órgano similar e dilixenciado polas persoas que exerzan a presidencia, secretaría e tesourería da entidade.

3. As persoas beneficiarias teñen a obriga de archivar e conservar a documentación xustificativa da subvención ou achega recibida, así coma os rexistros e libros contables aos que se refire o apartado anterior, polo menos durante un período de catro anos desde que se cobrara o importe da subvención ou recibira a achega ou, no caso de subvencións para a construción, adquisición ou mellor de



inmovilizado, durante o tempo de afectación do ben á finalidade pública ou interese social fomentado. Se neste período de tempo se producira un cambio do persoal directivo da persoa xurídica, deberá constar expresamente en acta a entrega ou traspaso desta documentación dos cargos saíntes ás persoas que tomen nova posesión da directiva, padroado ou órgano similar.

Artigo 7. O financiamento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

1. Con carácter xeral e agás regulación específica prevista nas bases ou convenio regulador, as subvencións que conceda a Deputación serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidade privada, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do límite regulado no apartado seguinte.
2. O importe que se perciba por cada subvención, illadamente ou en concorrencia con outros ingresos públicos ou privados obtidos para a mesma finalidade, non pode superar en ningún caso o custo da actividade ou proxecto subvencionado. Para o efecto de aplicación desta norma, a contabilidade da persoa beneficiaria deberá permitir distinguir os ingresos afectos á actividade ou proxecto subvencionado dos restantes recursos xerais dos que dispoña para o seu financiamento.

Artigo 8. Protección de datos persoais

1. Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.
2. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento. Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.
3. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.
4. As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.



CAPÍTULO II: OS PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN E XESTIÓN DAS SUBVENCIONS.

Artigo 9. O procedemento ordinario e a excepcionalidade das subvencións de concesión directa.

1. Con carácter xeral e ordinario a Deputación da Coruña concederá as subvencións en réxime de concorrencia competitiva, mediante procedementos baseados na publicidade da convocatoria e nos principios de transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Igualmente procurarase a maior eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos.
2. Só de xeito singular e excepcional, cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario que imposibiliten a convocatoria pública e como tal estean acreditadas nunha memoria emitida polo servizo competente, poderá acordar o Pleno da Corporación a concesión dunha subvención directa ou de carácter nominativo.

Sección primeira. O procedemento en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 10. Iniciación.

- 1 O procedemento de concorrencia competitiva iníciase sempre de oficio, mediante a convocatoria aprobada polo órgano competente, no marco regulador desta ordenanza e de toda a normativa estatal e autonómica de superior xerarquía.
- 2 A convocatoria deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial da Provincia. O seu contido mínimo será o seguinte:
 - a) Invocación inicial da normativa de xeral aplicación, coa indicación expresa de que esta ordenanza reguladora ten o carácter de bases reguladoras.
 - b) Contía máxima do gasto e crédito orzamentario ao que se imputa. Aplicarase a normativa orzamentaria e contable vixente reguladora dos gastos orzamentarios anticipados.
 - c) Fundamento competencial no que se encadra a acción de fomento, no marco do plan estratéxico de subvencións ou orzamento anual, explicándose a finalidade de utilidade pública ou interese social que se pretende acadar.
 - d) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos e documentos que deberán achegarse, coa indicación expresa de que todo o procedemento será tramitado por medios electrónicos a través da Plataforma SUBTEL ou calquera outra que a substitúa, incluídas as notificacións, requirimentos e, se é o caso, tramitación dos procedementos posteriores de control financeiro, reintegro e sancionador.
 - e) Cadro de gastos que puideran resultar subvencionables, indicando as contas contables ás que resulten imputables, seguindo para tal efecto o Plan xeral de contabilidade, Plan de entidades non lucrativas ou calquera outra adaptación sectorial que resulte aplicable.
 - f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
 - g) A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



- h) Criterios de valoración das solicitudes, nos termos que se regulan seguidamente.
- i) Contía máxima e mínima de cada subvención que se vaia conceder fixada tanto en termos absolutos como porcentuais, mediante o establecemento dun límite superior e, se é o caso, inferior, ao coeficiente de financiamento do gasto que resulte subvencionable.
- j) Prazo de presentación de solicitudes.
- k) Período de execución da actividade ou proxecto, indicando o prazo máximo para o seu remate e a posibilidade de pedir prórroga.
- l) Publicidade que debe dar a persoa beneficiaria á subvención, con indicación dos medios posibles que ha utilizar para tal fin.
- m) Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ou aboamentos a conta, así coma o réxime de garantías que, se é o caso, se teñan que presentar.
- n) De ser o caso, incompatibilidade con outros ingresos ou achegas para a mesma finalidade.
- o) Prazo e forma de xustificación, indicando a documentación que se terá que presentar.

Artigo 11. Os criterios de valoración das solicitudes.

1. As bases reguladoras fixarán os criterios obxectivos para o outorgamento e cuantificación de cada subvención, fixándose a ponderación relativa atribuída a cada un destes.
2. Os criterios establecidos poderán modificarse cando se acrediten circunstancias novas que así o requiran.

Artigo 12. As solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse de xeito telemático no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTeL. A presentación por este medio producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán en conta as solicitudes presentadas noutros rexistros.
2. Os prazos de solicitude serán os que establezan de xeito particular cada unha das convocatorias específicas, que serán contados desde a publicación do anuncio na Base de Datos Nacional de Subvencións, que tamén será publicado no Boletín Oficial da Provincia.
3. A documentación que se ha presentar será detallada nas bases reguladoras.
4. No caso de que a documentación achegada fose incorrecta ou insuficiente estarase ao disposto na normativa de xeral aplicación.

Sección segunda.- O procedemento de concesión directa.

Artigo 13. A solicitude de persoa interesada.



1. Cando unha persoa interesada considere que unha actividade ou proxecto deba ser obxecto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando unha memoria detallada con datos técnicos, xurídicos, orzamentarios e temporais, na que se xustifique:
 - a. As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuir economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.
 - b. O orzamento da actividade ou proxecto e o importe solicitado.
2. Ademais, deberá de achegarse a documentación seguinte:
 - a. Documentación económico financeira que poña de manifesto a falta de financiación propia: contas anuais do último exercicio económico, liquidación do imposto de Sociedades, salvo en caso de estar exentas da súa presentación, consonte o artigo 124 da Lei do Imposto de Sociedades, o balance de comprobación de sumas e saldos emitido á data da solicitude. No caso de entidades públicas, deberá aportar un estado de execución do orzamento, emitido á data da solicitude.
 - b. Certificado do acordo da assemblea de socios, padroado ou claustro, e, no caso de que o solicitante sexa un concello ou entidade local, certificado do acordo do Pleno da Corporación ou órgano competente nos concellos en réxime de gran poboación, no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial. Neste acordo deberá facerse constar o importe da subvención solicitada e do coeficiente de financiación proposto.-

Artigo 14. A instrución do expediente e o acordo de concesión.

1. Recibida a solicitude e documentación complementaria, o servizo competente por razón da materia emitirá un informe no que se pronuncie sobre o cumprimento dos requisitos previstos no apartado anterior e, se é o caso, a proposta de acordo correspondente, na que se indicará a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto.
2. Logo do informe do servizo competente, emitirá un informe xurídico a Secretaría Xeral, procedéndose seguidamente ao sometemento do expediente á fiscalización do órgano interventor.
3. Á vista dos informes emitidos e o ditame previo da comisión informativa correspondente, corresponderalle ao Pleno da Corporación a adopción do acordo que proceda.
4. As solicitudes recibidas que carezan de fundamento ou motivación serán non admitidas a trámite mediante resolución de Presidencia, logo do informe emitido polo servizo correspondente.

Artigo 15. A formalización da subvención mediante a sinatura do convenio regulador.

1. Logo da aprobación polo Pleno da Corporación, a formalización da subvención, impoñéndosele á persoa beneficiaria todos os compromisos e obrigas establecidos legalmente e nos artigos desta ordenanza que regulan a concesión e



xustificación das subvencións en concorrencia competitiva, outorgarase un convenio de cooperación, ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O borrador deste documento deberá figurar no expediente tramitado para a concesión, seguindo para a súa preparación os modelos-tipo que estean aprobados polo Pleno da Corporación.

2. O convenio será asinado pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, acreditando previamente a Secretaría Xeral que está facultado para este outorgamento, e polo titular da Presidencia da Deputación ou persoa deputada na que delegue, dando fe do acto o Secretario Xeral da Corporación. O outorgamento deste documento supón a aceptación da subvención por parte da persoa beneficiaria, así como a asunción de todos os compromisos e obrigas establecidos.

CAPÍTULO III: A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

Artigo 16. Regras xerais da xustificación.

1. A xustificación, actuación obrigatoria da persoa beneficiaria, deberá realizarse mediante a presentación da conta xustificativa, na modalidade xeral ou simplificada, segundo se concrete en cada convocatoria xeral ou convenio regulador, co contido que se detalla nos apartados seguintes.
2. Con carácter xeral, a conta xustificativa deberá incorporar os seguintes apartados:
 - a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas, describindo a actuación realizada, con indicación dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias. Este documento deberá estar asinado pola persoa física que desempeñe a representación legal da persoa beneficiaria.
 - b) Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.
 - c) Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.
 - d) Unha declaración responsable dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria ou convenio, achegando unha proba documental ao respecto.



Artigo 17. O orzamento subvencionado que se ha xustificar: o coeficiente de financiamento.

1. O coeficiente de financiamento defínese xa no momento de presentar a solicitude de subvención e resulta ser o cociente entre o importe da subvención solicitada e o orzamento de gastos estimados pola persoa solicitante, salvo as excepcións que se poidan prever nas bases ou convenio regulador.
2. O orzamento subvencionado para xustificar será o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.
3. En todo caso o importe que se ha de aboar non pode ser de tal contía que en concorrencia con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da dita actividade ou investimento.

Artigo 18. Os gastos subvencionables.

1. Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención ou que se detallou no convenio regulador, sempre que resultaran estritamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria ou convenio regulador.
2. O importe de cada gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable segundo as normas contábeis nin o prezo de mercado. De ningún xeito serán subvencionables os gastos suntuarios nin os que correspondan a consumos que poidan resultar nocivos para a saúde das persoas ou contribuíran a producir unha infracción das normas reguladoras da ordenación do territorio, o medio ambiente ou o patrimonio histórico-artístico. No caso de indemnización por gastos de locomoción ou manutención, o importe subvencionable non superará as contías que, segundo a lexislación vixente en cada momento, estean exentas de tributación.
3. No caso de que as bases ou convenio regulador admitan os gastos xerais como subvencionables, estes non poderán exceder do 15% do importe dos gastos admitidos como subvencionables.

Artigo 19. A contratación cos provedores de bens e servizos para executar o proxecto ou actividade subvencionada.

1. Os beneficiarios/as terán que realizar por si mesmos a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando ditos medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios, sen que poida utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo que non poden prover por eles mesmos, aumentando así o prezo final facturado.

De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade subvencionada.



Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Para determinar a existencia de subcontratación atenderase ao obxecto social da entidade solicitante concretado nos epígrafes do IAE, prevalecendo este último en caso de discrepancia.

Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida prover por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social.

Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do **40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar**, sumando os importes de todos os subcontratos.

En ningún caso o beneficiario poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursoas nalguna das prohibicións do artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- Persoas ou entidades que perciban outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que este pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as circunstancias dispostas no punto 2 deste artigo.
- Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obteñan subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

Para todo o non previsto neste apartado, será de aplicación o disposto no artigo 29 da Lei 38/2023, do 17 de novembro, xeral de subvención.

2. Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento, sen prexuízo de que as bases específicas recollan as adaptacións necesarias de acordo co obxecto da subvención.

No caso de que o solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, segundo o disposto no artigo 29.7.d) da Lei xeral de subvencións, **deberá cumprir os seguintes requisitos:**

- Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación, por resolución da Presidencia.
- A solicitude de autorización deberá presentarse coa solicitude de subvención. No caso de non estar prevista a operación vinculada no



momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.

- Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.
- Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do **40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar** sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas polos propios beneficiarios/as non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se atean aos convenios colectivos en vigor.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

3. No caso de que o beneficiario sexa unha entidade de dereito privado deberán solicitar polo menos, tres ofertas de distintas empresas provedoras no caso de que o gasto sexa superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. As ofertas recibidas deberán achegarse coa documentación xustificativa.

No caso de que o beneficiario sexa unha entidade de dereito público deberá adecuarse á normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.

Artigo 20. Os xustificantes dos gastos subvencionables.

1. Os gastos que se incorporen á relación clasificada regulada no apartado b) do artigo 19.2 terán que estar acreditados cos seguintes documentos:
 - a) A execución de obras: certificación de obra expedida por técnico competente e factura. Ademais achegarse unha fotografía dilixenciada por técnico competente.
 - b) Subministracións: albará de entrega e factura. No caso de adquisición de vehículos, igualmente deberá disporse do documento acreditativo da inscrición da titularidade a prol da persoa beneficiaria no rexistro público correspondente.
 - c) Servizos: factura e, de ser o caso, declaración-liquidación das retencións practicadas e ingresadas a prol da Axencia Tributaria.
 - d) Gastos de persoal propio: contratos de traballo ou nomeamento de persoal funcionario, nóminas dos meses correspondentes, boletíns de cotización á Seguridade Social e declaración-liquidación das retencións practicadas; se é o caso, *finiquitos* de liquidación.
 - e) Gastos derivados de impartir relatorios ou conferencias: folla de liquidación cos datos fiscais da persoa receptora e declaración-liquidación acreditativa da retención practicada e da súa declaración e ingreso a prol da Axencia Tributaria.



- f) Indemnizacións por manutención ou gastos de locomoción: folia de liquidación cos datos fiscais da persoa perceptora e coa descrición detallada do desprazamento realizado, achegando factura dos servizos de restauración e, se é o caso, aloxamento, da persoa perceptora.
 - g) Alugueiros: contrato de alugueiro, recibos mensuais de pagamento e declaración-liquidación das retencións practicadas e do seu ingreso a prol da Axencia Tributaria.
 - h) Adquisición de bens inmobles: escritura pública do contrato e inscrición correspondente no Rexistro da Propiedade a prol da persoa beneficiaria.
2. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación ou mellora de bens inmobles, adquisición de vehículos ou mobles, nas convocatorias ou no convenio regulador deberá fixarse o período de adscrición á finalidade pública para a que se concedeu a subvención. Se o ben resulta susceptible de inscrición nun rexistro público, deberá anotarse naquel o importe da subvención concedida e a afección do ben ao pagamento do reintegro, no caso de incumprimento da obriga de destino.

Artigo 21. O pagamento dos gastos subvencionables.

- 1. A persoa beneficiaria deberá pagar aos provedores de bens e servizos, así como ás persoas traballadoras, nos prazos establecidos legal ou regulamentariamente e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde que teña cobrado o importe da subvención concedida.
- 2. O cumprimento desta obriga, que se comprobará de ser o caso nun procedemento de control financeiro posterior, deberá quedar acreditado mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo ou persoas traballadoras), o importe e a data de pago, coas seguintes matizacións:
 - a. O pago de parte dun gasto concreto en efectivo invalidará a totalidade dese gasto.
 - b. Admitiránse os pagamentos en metálico para gastos que non excedan de 150€. Nestes casos abondará co recibín do perceptor inserido no propio documento de gasto.

Artigo 22. Prazo de xustificación.

- 1. A conta xustificativa deberá presentarse no prazo previsto na correspondente convocatoria ou, se é o caso, convenio regulador. Con carácter xeral, o prazo de xustificación non excederá de tres meses desde a finalización do período para realizar a actividade ou proxecto subvencionado.
- 2. Por solicitude previa da persoa beneficiaria presentada como mínimo un mes antes de que venza o prazo inicialmente establecido, mediante resolución poderase conceder unha ampliación deste que non exceda da metade do prazo inicial, sempre que en ningún caso se poida prexudicar dereitos de terceiro.
- 3. Se no prazo previsto non se tivera presentado a conta xustificativa, de inmediato a unidade xestora emitirá e notificará un requirimento á persoa beneficiaria



concedéndolle un prazo improrrogable de quince días para que proceda á correspondente presentación e advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro desta. En calquera caso, a presentación da conta xustificativa fóra de prazo dará lugar a incoación de expediente sancionador, impoñéndose a sanción que proceda de acordo co previsto no capítulo VI desta ordenanza.

Artigo 23. Comprobación das subvencións: trámites e informes.

1. Unha vez recibida a conta xustificativa, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación desta, nos termos previstos na presente ordenanza e nas correspondentes bases ou convenio regulador. Para este efecto, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada ou, se é o caso, inicio de expediente de anulación e perda de dereito ao cobro, con proposta de reintegro no caso de que se realizara algún pagamento anticipado.
2. Completada a documentación e emitido o informe-proposta favorable ao pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Artigo 24. Pagamento da subvención.

1. Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro. Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola persoa beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.
2. O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de catro meses desde que a persoa beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa.
3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable.
4. Cando se subvencionen investimentos cuxa execución se estenda por máis dun ano, poderán realizarse ata dous pagamentos fraccionados en función do ritmo de execución da obra ou instalación, aboándose en cada pagamento o importe que resulte de aplicar o coeficiente de financiamento ao importe de gasto debidamente certificado e xustificado.

CAPÍTULO IV: O PROCEDEMENTO DE CONTROL FINANCEIRO.

Artigo 25. Órgano competente e persoal actuario.

1. Consonte ao disposto na disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións e de acordo co establecido no Regulamento de réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (Real decreto 424/2017, do



28 de abril), correspóndelle ao órgano interventor o exercicio de control financeiro das subvencións, cotas de socio e demais transferencias correntes, como modalidade de control diferenciada da función interventora, e realizada “a posteriori” e plenamente integrada no modelo de control interno que teña aprobado este órgano.

2. A planificación das actuacións mediante a aprobación do correspondente plan anual, a orde de incoación pola apreciación de riscos singulares, por denuncia ou por ampliación de actuacións competeralle á persoa titular da Intervención Xeral. Tamén lle corresponderá a emisión do informe-resumo ao que se refire o artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico de control interno das entidades do sector público local. Do plan aprobado e das súas modificacións darase conta á Presidencia e, a través de tal órgano, ao Pleno da Corporación.
3. A comunicación de inicio de actuacións, requirimentos de información, actos de ampliación de prazos, suspensións ou aprazamentos, así como a emisión dos informes de control financeiro corresponderalle ao persoal interventor con habilitación de carácter nacional que participa no exercicio de funcións reservadas nesta materia, segundo o exercicio desconcentrado de funcións que dispoña en cada momento o titular da Intervención xeral e con plena suxeición ao principio de xerarquía.
4. As actuacións coas persoas interesadas en cada expediente, a análise da documentación achegada e mesmo a sinatura das dilixencias de comparecencia que se estendan para documentalas corresponderalle ao persoal actuario adscrito ao Negociado de control financeiro que se designe para este cometido, correspondéndolle tamén as restantes actuacións de trámite das que se deixe constancia no expediente mediante dilixencia estendida para o efecto. En todo caso, este persoal deberá desempeñar a condición de funcionario da subescala técnica e para a súa designación deberá acreditarse que dispón da formación axeitada en Dereito administrativo e financeiro, contabilidade e técnicas de auditoría.

Artigo 26. A colaboración das autoridades e persoas físicas e xurídicas.

1. Cando sexa necesario obter información ou realizar algunha actuación concreta, as autoridades de calquera administración pública e todas as persoas que exerzan funcións públicas deberán prestar a debida colaboración e apoio ao persoal que exerza calquera das actuacións ás que se refire o artigo anterior, contestando nos prazos que se fixen os requirimentos de información e autorizando o acceso a esta. Igualmente, deberán emitir os informes que, atendendo as funcións e coñecemento técnico do asunto, lles sexan solicitados.
2. Toda persoa, sexa física ou xurídica, estará obrigada a proporcionar a información que lle poida ser solicitada respecto das relacións económicas, profesionais ou financeiras que poidan ter transcendencia nas actuacións de control financeiro. Para tal efecto, o persoal do órgano interventor emitirá o requirimento de información, debendo ser contestado no prazo máximo de quince días hábiles desde a súa notificación, sen prexuízo de que se poida solicitar a súa ampliación atendendo a dificultade técnica para remitir a información requirida.



Artigo 27. As formas de inicio dos procedementos de control financeiro.

1. Con carácter xeral, o procedemento iniciárase sempre de oficio, na execución do Plan de control financeiro aprobado polo órgano interventor e remitido ao Pleno da Corporación para efectos informativos. Unha vez aprobado este plan e feita a selección dos expedientes que compoñan a mostra, procederáse á comunicación de inicio de actuacións en cada expediente en función da planificación do traballo e dos efectivos de persoal dos que se dispoña en cada momento.
2. Sen prexuízo da propia iniciativa do órgano interventor para realizar modificacións do Plan de control financeiro cando o estime necesario, poderán incoarse expedientes que non estean na mostra obtida en execución deste plan nos seguintes casos:
 - a) Por solicitude motivada dalgún órgano dos que compoñen a Corporación.
 - b) Por petición razoada doutros órganos, servizos ou unidades administrativas, pertencen ou non a esta administración.
 - c) En virtude de denuncia, sempre que esta cumpra cos requisitos dispostos no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - d) Por ampliación de actuacións a outros expedientes, logo de terse emitido un informe definitivo de desconformidade con proposta de reintegro total ou parcial.

Artigo 28. A notificación de inicio de actuacións.

1. O inicio de actuacións de control financeiro sobre as persoas beneficiarias de subvencións ou doutras achegas efectuarase mediante a notificación a aquelas, seguindo para tal efecto as disposicións contidas nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Nesta notificación indícarase a natureza e alcance das actuacións que se van desenvolver, a data de presentación dos actuarios de ser o caso, a documentación que terá que pórse a disposición deles e demais elementos que se consideren necesarios.
2. Cando o destinatario da notificación sexa unha persoa xurídica, ademais da notificación no domicilio social da propia entidade que conste no expediente, remitirase outra á persoa que desempeñara a representación legal daquela no momento de xustificación da subvención, para o efecto de non xerar indefensión ningunha no caso de que a consecuencia do expediente de control financeiro se tiveran que derivar a responsabilidades subsidiarias dispostas nos artigos 40 e 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Xuntamente coa notificación de inicio de actuacións, achegarase un documento informativo dos dereitos e obrigas dos interesados, así coma unha indicación respecto da posibilidade de actuar por medio de representante, que poderá designarse “apud acta” perante o persoal actuario, mediante comparecencia electrónica na sede electrónica ou a través da inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos (unha vez que este medio estea operativo).



Artigo 29. Tipos de procedementos.

1. En función da forma de obter a evidencia razoable de que a actividade ou investimento se realizou consonte á finalidade prevista na concesión e co cumprimento de todos os requisitos legais e regulamentarios, establécense dous tipos de procedementos:
 - a) Procedemento ordinario (PO): Logo da notificación de inicio de actuacións procederase a comparecencia do persoal actuario no domicilio social da entidade, verificándose neste lugar a documentación orixinal xustificativa da correcta aplicación dos fondos, as operacións contables rexistradas e, se é o caso, a comprobación material da obra, instalación ou subministración adquirida.
 - b) Procedemento abreviado (PA): Neste procedemento prescindirase da comparecencia do persoal actuario na sede da entidade, pois enténdese que a evidencia razoable de que a actividade se realizou consonte ao acto de concesión e con respecto ás normas legais e regulamentarias aplicábeis pode obterse mediante a verificación documental; non obstante, se á vista desta documentación non se puidese obter esta evidencia, estenderase unha diligencia facendo constar as insuficiencias das comprobacións realizadas e, logo da súa notificación aos interesados, realizarase a comparecencia no domicilio social da persoa beneficiaria para realizar as comprobacións complementarias que resulten precisas.
2. O procedemento abreviado utilizarase na tramitación dos expedientes que teñan por obxecto a verificación dos pagamentos de subvencións destinados á realización de actividades, sempre que o importe pagado non exceda de 6.000 €, ou á adquisición de equipamento, sempre que o seu importe non exceda de 3.000 €.

Artigo 30. Lugar das actuacións.

1. As actuacións dos procedementos de control financeiro poderán executarse nos seguintes lugares:
2. Se o domicilio social da persoa xurídica estivese radicado no mesmo inmovible no que estivese fixado o domicilio dunha persoa física, as comprobacións “*in situ*” serán realizadas na oficina pública provincial ou municipal que estea máis preto. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo representante legal da persoa xurídica no prazo dos dez días hábiles seguintes á recepción da notificación de inicio de actuacións.
3. Se durante a tramitación do expediente as persoas interesadas cambiasen o seu domicilio, deberán comunicalo ao persoal actuario.

Artigo 31. Horario das actuacións.

1. As actuacións que se realicen no domicilio social da persoa xurídica interesada, lugar onde se custodie a documentación ou estea realizado o investimento serán realizadas no horario no que este local estea aberto ao público ou teña dispoñibilidade o representante legal ou apoderado da persoa xurídica interesada. Tendo en conta estas circunstancias, o persoal actuario adaptará o seu horario por necesidades de servizo.



2. As actuacións que se realicen nas oficinas públicas desenvolveranse no horario oficial de apertura ao público que estea disposto regulamentariamente.

Artigo 32. Aprazamento das actuacións.

1. O persoal interventor que dirixa as actuacións de control financeiro en cada expediente poderá conceder, logo da solicitude motivada da persoa interesada, un aprazamento da data previamente indicada na comunicación de inicio de actuacións. En todo caso, non se concederá máis dun aprazamento, a non ser que conorra algunha circunstancia excepcional debidamente acreditada.
2. Para que proceda o aprazamento das actuacións deberán concorrer os seguintes requisitos:
 - a) Presentación de solicitude asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal, remitida electronicamente no prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da notificación de inicio de actuacións.
 - b) Documento xustificativo das circunstancias obxectivas que impidan ou dificulten a realización das actuacións no día e hora indicados na notificación de inicio de actuacións.
3. O acordo de concesión do aprazamento poderá fixar nova data e hora para levar a cabo as actuacións ou, se é o caso, remitirse a unha comunicación posterior. Este acordo non é susceptible de recurso ningún, sen prexuízo de que se poida argumentar contra este no prazo de alegación ao informe provisional.

Artigo 33. As actuacións: a obtención de evidencia.

1. Unha vez iniciado o procedemento, todas as probas, comprobacións e verificacións terán coma finalidade a obtención dalgunha ou todas das seguintes evidencias:
 - a) Evidencia física: a que se obtén da inspección física dos investimentos, equipamentos ou subministracións financiadas con cargo á subvención pagada. Poderá documentarse utilizando medios audiovisuais, memorandos, esquemas, diagramas ou gráficos.
 - b) Evidencia documental: obtida da análise de calquera documento orixinal no que se recolla información de natureza descritiva, gráfica, xurídica ou económica sobre a actividade ou investimento subvencionado.
 - c) Evidencia testemuñal: a obtida mediante o interrogatorio da persoa interesada ou do seu representante legal, das persoas beneficiarias da actividade ou investimento subvencionado ou de calquera persoa que fora testemuña das accións realizadas por mor da actividade ou investimento subvencionados.
 - d) Evidencia analítica: a derivada da análise da información económico-financieira e contable da persoa beneficiaria da subvención ou da obtida dos terceiros que tiveron relación con aquela.
 - e) Evidencia informática: a información e datos contidos en soportes electrónicos e aplicacións informáticas.
2. Para a obtención da evidencia non se admitirá a utilización de presuncións por simples indicios, sendo necesaria sempre a acreditación dos feitos por algún dos medios expostos no apartado anterior.



Artigo 34. Documentación das actuacións.

1. Os documentos emitidos durante as actuacións poderán ter o seguinte carácter:
 - a) Notificación: o acto de comunicación de inicio de actuacións ou de calquera actuación que deba ser posta en coñecemento da persoa interesada.
 - b) Dilixencia: Documento estendido polo persoal actuario no que se deixa constancia de feitos, circunstancias, incorporación de documentos, vista do expediente, envío de comunicacións electrónicas e outras actuacións análogas. Cando as dilixencias sexan estendidas diante de calquera persoa interesada farase constar esta circunstancia mediante a correspondente identificación da persoa comparecente no encabezamento e ofrecendo a posibilidade de asinar no pé xuntamente co persoal actuario. Tamén se fará constar, se é o caso, a negativa a asinar da persoa comparecente.
 - c) Papeis de traballo: notas que poidan emitir tanto o persoal actuario coma o persoal interventor no que se recollen simples resumos, recordatorios ou cálculos á vista da documentación analizada ou das inspeccións físicas. En ningún caso se utilizará este documento para recoller manifestacións dos interesados ou calquera actuación relevante que teña que ser documentada en forma de dilixencia. Estes documentos só serán rubricados polos seus autores.
 - d) Acordo: Acto de trámite que dita o persoal interventor polo que se concede ou denega o aprazamento, suspensión ou ampliación das actuacións.
 - e) Informe: acto de coñecemento ou de xuízo no que, logo das evidencias obtidas, se emiten consideracións e conclusións con fundamento na lexislación aplicábel.
2. O expediente de control financeiro, segundo o disposto no artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, estará formado pola incorporación sucesiva e numerada -segundo unha orde cronolóxica- de todos os documentos que se describen no apartado anterior.

Artigo 35. O remate das actuacións: informes provisional e definitivo.

1. Logo de practicadas todas as actuacións necesarias para obter a evidencia razoable de cómo foron xestionados e aplicados os fondos públicos á finalidade prevista en cada caso, o persoal interventor ao que lle corresponda a dirección de instrución do procedemento emitirá un informe provisional, no que se recollan de xeito separado os antecedentes, a lexislación aplicable, o resumo das actuacións practicadas, as consideracións legais e contábeis ao respecto e, finalmente, as conclusións obtidas.
2. En función do apartado de conclusións, os informes poden ser cualificados do seguinte xeito:
 - a) De conformidade, cando as verificacións realizadas poñan de manifesto a correcta aplicación dos fondos públicos ao fin previsto, co cumprimento por parte da persoa beneficiaria de todas as obrigas formais e materiais impostas nas bases reguladoras, acto de concesión ou convenio regulador. Neste suposto, o informe xa será expedido co carácter definitivo, prescindíndose do trámite de alegacións regulado no apartado 3 deste artigo.



- b) Sen obriga de reintegro, con observacións ou recomendacións tendentes á mellora da xestión documental ou a información contábel, sen que as incidencias apreciadas teñan a importancia suficiente para seren cualificadas como infraccións administrativas.
 - c) De desconformidade, sen obriga de reintegro e con proposta de incoación de expediente sancionador: cando se verifique a correcta aplicación dos fondos á finalidade prevista en cada caso, pero se aprecien incumprimentos formais que puideran ser constitutivos dalgunha infracción leve das previstas na Lei 38/20013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co desenvolvemento regulado nesta ordenanza.
 - d) De desconformidade con obriga de reintegro parcial ou total e proposta de incoación de expediente sancionador, cando se aprecie algunha das causas de reintegro dispostas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e, igualmente, incumprimentos formais ou materiais que puideran ser constitutivos dalgunha infracción das previstas no capítulo I do título IV da Lei xeral de subvencións, co desenvolvemento regulado no capítulo VI desta ordenanza.
3. Os informes provisionais serán notificados ás persoas interesadas, concedéndolles un prazo de quince días hábiles para que poidan presentar alegacións e achegar, se é o caso, a documentación que estimen oportuna ou solicitando a práctica dalgunha proba complementaria. Consonte ao disposto no artigo 97.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, no pé do documento de notificación do informe advertirase expresamente que no ulterior procedemento de reintegro non se admitirán documentos nin probas que, podendo ser realizadas neste procedemento de control financeiro, non se achegaran ou solicitaran a súa práctica.
4. O trámite de prácticas de probas complementarias que se pode solicitar no período de alegacións terá que estar referido a feitos ou circunstancias que non puideron ser verificados polo persoal actuario no desenvolvemento das actuacións practicadas, sempre que puideran resultar relevantes para a conclusión final. En tal suposto, o trámite será acordado polo persoal interventor que dirixa a instrución do procedemento, segundo o disposto nos artigos 77 e 78 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
5. Recibidas alegacións ao informe provisional ou, se é o caso, practicadas as probas complementarias que se acorden, o persoal interventor emitirá o informe definitivo, no que se incorporará un apartado específico de valoración destas alegacións ou das evidencias obtidas coa práctica da proba. No caso de que non se presentaran alegacións, transcorrido o prazo de alegacións, o informe ata entón provisional quedará elevado automaticamente a definitivo.
6. O informe definitivo será notificado ás persoas interesadas, así coma ao servizo ou unidade xestora do expediente de concesión de subvención, no prazo máximo de 12 meses desde que se incoaron as actuacións ou, no caso de ampliación, no prazo máximo fixado no acordo correspondente. No pé da notificación farase constar que se trata dun acto de coñecemento ou de xuízo e, xa que logo, non é susceptible de recurso administrativo ningún, sen prexuízo de que as consideracións e conclusións deste poidan ser refutadas nos procedementos de reintegro ou sancionadores que se tramiten na súa execución.



Artigo 36. A execución dos informes definitivos de control financeiro.

1. Cando o informe definitivo conteña proposta de reintegro ou incoación de expediente sancionador, a Presidencia deberá ditar resolución de incoación de ditos procedementos no prazo dun mes desde que se produza a notificación daquel informe á persoa interesada e ao servizo ou unidade xestora. Para tal efecto, o Negociado de Control Financeiro da Intervención preparará o borrador de resolución e porao a disposición da Secretaría Xeral, para a súa expedición e sinatura.
2. Igualmente, cando no informe definitivo se poñan de manifesto irregularidades que puideran ser constitutivas de delito, o órgano interventor porá os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, achegándolle unha copia do informe emitido. Este acto de comunicación determinará a suspensión do inicio do procedemento sancionador, pero non do procedemento de reintegro.
3. Do mesmo xeito se actuará cando se teña apreciado un presunto incumprimento das obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, comunicando estas circunstancias á administración competente en cada caso e achegando copia do informe emitido.

Artigo 37. Publicación e remisión dos informes de control financeiro.

1. Unha vez rematado o Plan de control financeiro de carácter anual, ademais do informe-resumo que debe elaborar o órgano interventor e remitir ao Pleno consonte ao disposto no artigo 37 do Regulamento de control interno, este documento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no apartado de economía e facenda da sede electrónica da Deputación.
2. O informe-resumo de actuacións de control financeiro será remitido aos órganos de control externo, xuntamente coa relación de reparos que se emitan no exercicio da función interventora.

CAPÍTULO V: O PROCEDIMENTO DE REINTEGRO.

Artigo 38. Órganos competentes.

1. Os expedientes de reintegro de subvención ou doutras achegas serán incoados mediante resolución da Presidencia, ben procedan dun informe de control financeiro ou ben do informe-proposta dalgún servizo. Na resolución de incoación nomearase ao persoal ao que lle corresponda as funcións de instrución e secretaría do procedemento.
2. A instrución de todos os expedientes de reintegro será realizada polo persoal dependente do órgano interventor. O nomeamento das persoas funcionarias que exerzan as funcións de instrución e secretaría recaerá en persoal que pertenza a subescala técnica.
3. Logo da tramitación que se detalle no artigo seguinte, corresponderalle tamén a Presidencia ditar a resolución definitiva de reintegro, así coma aprobar as liquidacións resultantes.



Artigo 39. A instrución do procedemento.

1. Logo de notificado un informe definitivo de control financeiro con proposta de reintegro ou recibido polo órgano interventor un informe-proposta emitido por algún servizo e procedente dun expediente de xestión dalgunha subvención ou transferencia, o persoal adscrito ao Negociado de Control Financeiro e Auditoría prepara o borrador de resolución de incoación do procedemento, para que poida ser emitida e notificada á persoa interesada no prazo máximo dun mes desde que se notificou o informe de control financeiro.
2. No caso de que a persoa interesada ingresara voluntariamente o importe que se ha reintegrar, farase constar esta circunstancia na resolución de incoación, limitándose o procedemento á determinación dos xuros de mora que se teñan devindicado.
3. Da incoación do expediente daráselle traslado a Unidade Central de Tesourería, para o efecto de que poida adoptarse, se é o caso, a medida cautelar de retención de pagamentos a prol da persoa interesada, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei xeral de subvencións.
4. O procedemento tramitarase consonte ao disposto no artigo 42 da Lei xeral de subvencións e, con carácter xeral, na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, dándolle audiencia á persoa interesada por un período de quince días hábiles. Non se terá en conta neste trámite a documentación que, estando dispoñible e podendo ser entregada ou posta a disposición do persoal actuario ao longo da tramitación do procedemento de control financeiro, non se achegara efectivamente.

Artigo 40. Resolución, liquidación e recursos.

1. Logo do período de audiencia e, se é o caso, doutros trámites que se poidan acordar, a persoa instrutora emitirá un informe-proposta, que deberá recibir a conformidade do órgano interventor. Con fundamento nesta a Presidencia ditará a resolución definitiva de reintegro, que deberá ser notificada á persoa interesada.
2. Os actos de liquidación do importe principal que se ha reintegrar e dos xuros de mora serán practicados polo Servizo de Xestión Tributaria, notificándollos á persoa interesada logo de ditarse a correspondente resolución.
3. Contra a resolución definitiva de reintegro e contra a resolución que aprobe as liquidacións correspondentes só poderá interperse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Contra a desestimación, expresa ou presunta, deste recurso, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

CAPÍTULO VI: POTESTADE SANCIONADORA E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

Artigo 41.- Graduación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves

1. Libros sen dilixenciar, contas sen aprobar e conta xustificativa inexacta:

Por cada unha das infraccións seguintes, sendo compatibles entre si:
 INFRACCIÓN 1- Libros sen legalizar
 INFRACCIÓN 2- Contas sen aprobar



INFRACCIÓN 3- Conta xustificativa inexacta INFRACCIÓN 4- Carecer de libros contables INFRACCIÓN 5- Non dispor de inventario	
Subvención percibida	Importe da multa asociada a cada unha das infraccións
Ata 3.000 €	75 €
Entre 3.001 e 5.000 €	150 €
De 5.001 a 10.000 €	300 €
Entre 10.001 e 20.000 €	600 €
Máis de 20.000 €	900 €

2. Non atender a algún requirimento: falla de achega de probas ou non achegar documentos requiridos, negativa á súa exhibición e incumprir a obriga de colaborar e facilitar documentación:

INFRACCIÓN: Art. 61.2 e) e g)		
-Falla de achega de probas e documentos requiridos ou negativa á súa exhibición.		
-Incumprimento da obriga de colaborar e facilitar documentación.		
Subvención concedida ou percibida	Requirimento	Importe multa
Ata 3.000 €	Primeiro	150 €
	Segundo	250 €
De 3.001 € a 5.000 €	Primeiro	200 €
	Segundo	350 €
De 5.001 € a 10.000 €	Primeiro	300 €
	Segundo	450 €
Máis de 10.000 €	Por cada un	500 €

3. Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos:

INFRACCIÓN: Art.61 2.a) Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos	
Operación	Importe multa
Inexactitude na contabilización da subvención	200 €
Omisión na contabilización da subvención	500 €

4. Incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou os rexistros legalmente esixidos:

INFRACCIÓN: Art.61 2.b) Incumprimento da obriga de levar a contabilidade



Importe da subvención concedida ou percibida	Importe multa
Ata 1.000 €	150 €
Entre 1.001 € e 2.000 €	300 €
Entre 2.001 € e 3.000 €	600 €
Entre 3.001 € e 5 5.000 €	800 €
Entre 5.001 € e 10.000 €	1.200 €
Entre 10.001 € e 30.000 €	2.000 €
Máis de 30.000 €	2.500 €

INFRACCIÓN: Art.61 2.b)

Incumprimento da obriga de levar os rexistros legalmente esixidos

Importe da subvención concedida ou percibida	Importe multa
Non levar os libros legalmente establecidos	250 €

5. Levar contabilidades diversas

INFRACCIÓN: Art.61 2.c) Levar contabilidades diversas	
Importe da subvención concedida ou percibida	Importe multa
Ata 3.000 €	150 €
De 3.001 a 5.000 €	750 €
De 5.001 a 10.000 €	1.500 €
Máis de 10.000 €	6.000 €

6. Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde:

INFRACCIÓN: Art.61 2.d) Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde	
Cantidade de contas	Importe multa
Entre 1 e 3	150 €
Entre 4 e 5	750 €
Máis de 5	1.500 €

7. Presentación extemporánea da xustificación:

- Ata un mes de atraso: 75 €
- Entre un e tres meses de atraso: 300 €
- Máis de tres meses de atraso: 600 €

8. O importe das sancións leves impostas a unha mesma persoa infractora por cada subvención non excederá no seu conxunto do importe da subvención inicialmente concedida.

9. En calquera caso, cando á persoa infractora teña que proceder ao reintegro total da



subvención concedida e se lle impoña igualmente unha sanción grave ou moi grave, deixarase sen efecto a imposición das sancións de carácter leve.

Artigo 42.- Sancións pola comisión de infraccións graves

1. Nas normas de rango legal reguladoras das subvencións establécese que as infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do tanto ao dobre da cantidade indebidamente obtida ou aplicada. Dentro deste marco legal, establécense os seguintes tramos para a súa aplicación regulada:

- Ata o importe de 40.000 € de contía indebidamente obtida ou aplicada a multa inicial, sen prexuízo da aplicación posterior das circunstancias agravantes que se regulan no artigo 44, aplicarase no seu grao mínimo, isto é, nun importe igual á contía obtida ou, no seu caso, percibida.
- A partir de 40.001 € de contía indebidamente obtida ou aplicada, a sanción incrementarase nun punto porcentual por cada 1.000 € ou fracción deste importe, ata acadar o importe do dobre da contía que se ha reintegrar.

2. Igualmente, cando o importe do prexuízo económico sufrido pola administración represente máis do 50 por cento da subvención concedida e exceda de 30.000 € , poderán imporse as sancións non pecuniarias previstas legalmente coa seguinte graduación:

- De 30.001 a 60.000 € de subvención: 1 ano de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
- De 60.001 a 100.000 € de subvención: 2 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
- Máis de 100.000 €: 3 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.

Artigo 43. – Sancións pola comisión de infraccións moi graves

1. Na lexislación xeral de rango legal en materia de subvencións establécese que as infraccións que sexan cualificadas como moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada o non xustificada. Dentro deste marco legal, establécense os seguintes tramos para a súa aplicación regulada:

- Ata o importe de 40.000 € de cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a multa inicial, sen prexuízo da aplicación posterior das circunstancias agravantes reguladas no artigo 44, a multa imporase no seu grao mínimo, isto é, no dobre da cantidade que se ha de reintegrar.
- A partir de 40.000 € de contía indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, a multa incrementarase en cinco puntos porcentuais por cada



1.000 € adicionais que se ha reintegrar ou fracción deste importe, ata acadar o importe do triplo da contía que se ha de reintegrar.

2. Igualmente, cando o importe do prexuízo económico sufrido pola administración exceda de 30.000 €, poderán imporse as sancións non pecuniarias previstas legalmente coa seguinte gradación:

- De 30.001 a 60.000 € de prexuízo económico: 3 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
- De 60.001 a 100.000 € de subvención: 4 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.
- Máis de 100.000 €: 5 anos de perda da posibilidade de obter outras subvencións e prohibición de contratar coa administración por igual período de tempo.

3. En calquera caso, atendendo ao límite máximo establecido legalmente, o importe das multas graves e moi graves impostas a unha mesma persoa infractora por cada subvención non excederá no seu conxunto do triplo do importe da cantidade obtida, aplicada ou non xustificada.

Artigo 44.- Gradación das sancións pola comisión de infraccións graves e moi graves

No desenvolvemento do artigo 60 da Lei xeral de subvencións e co fin de concretar o importe das sancións que lle poidan corresponder ás persoas que cometan algunha das infraccións previstas naquela lei, establécense seguidamente as porcentaxes que se han aplicar dentro do abano de posibilidades disposto legalmente.

a) Comisión repetida de infraccións: entre 10 e 75 puntos (só aplicable ás infraccións graves e moi graves).

- Por cada infracción grave que se cometa e aprecie noutro expediente: 25 puntos.
- Por cada infracción moi grave que se cometa e aprecie noutros expedientes: 30 puntos.

b) Resistencia, negativa ou obstrución: entre 10 e 75 puntos: aplicarase sempre un incremento de 35 puntos porcentuais.

c) Utilización de medios fraudulentos: entre 20 e 100 puntos porcentuais.

- Anomalía contable substancial, apreciándose infracción grave: 40 puntos.
- Anomalía contable substancial, apreciándose infracción moi grave: 50 puntos.
- Utilización de facturas falsas ou falseadas, apreciándose infracción grave: 60 puntos.
- Utilización de facturas falsas ou falseadas, apreciándose infracción moi grave: 70 puntos.
- Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade da actividade, cando a infracción sexa cualificada como grave: 30 puntos.



- Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade, cando a infracción sexa cualificada como moi grave: 50 puntos.
- d) Ocultación: entre 10 e 50 puntos porcentuais: en todo caso 30 puntos.

Artigo 45. Tramitación do procedemento sancionador: aplicación de porcentaxes de redución en caso de conformidade do infractor e pagamento en período voluntario

1. O procedemento sancionador será tramitado consonte ao disposto con carácter xeral na lexislación de procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades previstas para os procedementos desta natureza.

2. De conformidade coa habilitación legal conferida polo artigo 85.3 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, aplicaranse as seguintes reducións ao importe da sanción que resulte da aplicación das normas de baremación e graduación contidas nos artigos anteriores:

- a) No caso de que iniciado o expediente sancionador, se a persoa infractora achega un escrito no que recoñece a súa responsabilidade e acepta a sanción que se lle puidera impor, o importe desta será reducido nun 60 por cento.
- b) No caso de pagamento voluntario da persoa infractora con anterioridade a que se dite a resolución, aplicarase unha redución do 30 por cento.

3. Estas dúas reducións serán acumulables entre si, de xeito que o recoñecemento da responsabilidade e pagamento voluntario antes de que se dite a resolución correspondente, implicará unha redución do 90 por cento da sanción que correspondería. En todo caso, a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción, trámite que se poderá realizar mesmo despois de terse presentado alegacións contra o acordo de iniciación do expediente sancionador.

Artigo 46. Competencia para a imposición de sancións.

1. A competencia para resolver o procedemento e impor a sanción resultante correspóndelle á Presidencia da Deputación, logo de vista a proposta emitida pola persoa funcionaria que teña asumido a instrución do procedemento. Tamén lle corresponderá á Presidencia da Deputación a resolución dos expedientes sancionadores que se tramiten por delegación de calquera dos concellos da provincia.
2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución queda fixado en seis meses. No cómputo deste prazo non se terán en conta os aprazamentos de trámites ou dilacións causadas pola persoa interesada.

CAPÍTULO VII: OUTRAS ACHEGAS: COTAS DE SOCIO E TRANSFERENCIAS CORRENTES.

Sección primeira: As cotas de socio ou achegas de patrón.

Artigo 47. A fixación das cotas de socio.



1. Con carácter previo á nova adhesión desta Deputación a calquera asociación privada ou fundación, deberá determinarse a cota anual de socio ou achega de patrón mediante a aplicación de criterios de estrita proporcionalidade entre o importe proposto e a participación desta Corporación no patrimonio e adopción de acordos polos órganos de goberno da entidade participada, con pleno respecto á Lei orgánica reguladora do dereito á asociación ou á lexislación reguladora das fundacións.
2. Antes de que o Pleno da Corporación adopte o acordo correspondente, deberá tramitarse un expediente ao que se incorporen os seguintes documentos:
 - a) Solicitud de adhesión emitida polo órgano competente da asociación ou fundación, achegando os estatutos, memoria da actividade que está a realizar a entidade, as contas anuais do derradeiro exercicio aprobado, un balance de sumas e saldos emitido coa data na que se asine a proposta e, se é o caso, derradeira declaración-liquidación do imposto sobre sociedades. Tamén se achegará un informe explicativo do criterio establecido para a cuantificación das cotas de socio.
 - b) Informe-proposta do servizo competente por razón da materia, no que se valore a relación do obxecto social da entidade con algunha das competencias atribuídas legalmente ás deputacións e a finalidade pública ou interese social que se pretende promover mediante a integración na entidade e a imposibilidade de promover o mesmo fin mediante a aprobación dunha convocatoria pública de subvencións.
 - c) Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral.
 - d) Informe de fiscalización emitido polo órgano de control interno.
3. Despois de completado o expediente, logo do preceptivo ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno adoptará o acordo de adhesión, esixíndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.
4. Neste acordo designarase a persoa deputada que asumirá a representación da Deputación na asociación ou fundación, debendo facer constar neste apartado que o representante non poderá outorgar o voto favorable a prol de acordos adoptados polos órganos de goberno da asociación ou fundación sen que previamente fora autorizado polo órgano competente da Deputación, asumindo unicamente responsabilidade persoal sobre estes acordos cando non cumpra este requisito previo. Con carácter previo á adopción do acordo polo que se autoriza solicitaranse os informes que resulten preceptivos ou convenientes. Na notificación á entidade do nomeamento da persoa deputada que desempeñará a representación farase constar esta advertencia da esixencia de autorización previa para que poida comprometer validamente a vontade desta administración.

Artigo 48. A tramitación e pagamento das cotas de socio ou achegas de patrón.

1. En cada exercicio orzamentario o servizo que resulte competente por razón da materia procederá a instruír o expediente para o pagamento da cota anual, achegando a este polo menos a seguinte documentación:
 - 1 Memoria das actividades realizadas pola asociación ou fundación no exercicio anterior.
 - 2 Contas anuais aprobadas no derradeiro exercicio e, se é o caso, declaración-liquidación do imposto sobre sociedades.



- 3 Orzamento do exercicio corrente e balance de sumas e saldos correspondente ao derradeiro trimestre do exercicio corrente.
 - 4 Extracto das actas dos órganos de goberno no que figure a relación de acordos adoptados no exercicio anterior.
 - 5 Proposta de pagamento da cota resultante e imputación orzamentaria do gasto.
2. Á vista da documentación sinalada no apartado anterior, o órgano interventor emitirá un informe no que, ademais da fiscalización do expediente, valorará os seguintes apartados:
- a) A subsistencia das circunstancias que xustificaron a adhesión da Deputación á asociación ou fundación.
 - b) A sostibilidade financeira da entidade.
 - c) A concorrencia dalgunha das causas de disolución previstas legalmente
3. Cando a achega a prol da fundación teña como finalidade o financiamento dos gastos de funcionamento e o resultado que reflicte a conta de resultados sexa positivo, deberá minorarse a achega da Deputación no importe que resulte segundo a porcentaxe de participación desta Corporación no patrimonio fundacional.

Sección segunda: As transferencias a prol de consorcios.

Artigo 49. A creación dun consorcio no que participe a Deputación ou a incorporación a un xa existente.

1. Con carácter previo á creación dun consorcio no que vaia participar a Deputación ou a incorporación a un ente desta natureza xa existente, deberá determinarse a transferencia que lle corresponderá a esta Corporación para atender o investimento inicial e gastos de funcionamento, mediante a aplicación de criterios de estrita proporcionalidade entre o importe proposto e a participación desta Corporación no patrimonio e adopción de acordos polos órganos de goberno da entidade participada, con pleno respecto á regulación contida nos capítulos I e VI do título II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
2. Antes de que o Pleno da Corporación adopte o acordo correspondente, deberá tramitarse un expediente ao que se incorporen os seguintes documentos:
 - a) Proposta de creación do consorcio, fixándose á administración territorial ou institucional de adscrición, ou solicitude de incorporación emitida polo órgano competente do consorcio xa existente, achegando o borrador de estatutos ou copia dos xa aprobados, memoria da actividade de servizo público que se vai desenvolver ou se está a realizar, as contas anuais do derradeiro exercicio aprobado e un estado de execución do orzamento emitido na data que se faga a proposta de incorporación.
 - b) Informe-proposta do servizo competente por razón da materia, no que se valore a relación do obxecto social da entidade con algún dos servizos públicos que está a prestar a Deputación ou que deberá prestar consonte á lexislación de réxime local vixente en cada momento, analizando polo miúdo se coa creación da nova entidade ou a incorporación á xa existente se vai acadar un maior grao de eficiencia na prestación do correspondente servizo público.



- c) Informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral.
 - d) Informe de fiscalización emitido polo órgano interventor.
3. Despois de completado o expediente, logo do preceptivo ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno adoptará o acordo de incorporación, esixíndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Neste acordo designaranse as persoas deputadas que asumirán a representación da Deputación no consorcio, debendo facer constar neste apartado que estes representantes non poderán outorgar o voto favorable a prol de acordos adoptados polos órganos de goberno do consorcio sen que previamente fora autorizado polo órgano competente da Deputación, asumindo unicamente responsabilidade persoal sobre estes acordos cando non cumpra este requisito previo. Na notificación á entidade do nomeamento das persoas deputadas que desempeñarán a representación farase constar esta advertencia.

Artigo 50. A liquidación da transferencia anual para gastos de funcionamento.

1. En cada exercicio orzamentario, o servizo que resulte competente por razón da materia procederá a instruír o expediente para o pagamento da transferencia anual para gastos de funcionamento, achegando a este polo menos a seguinte documentación:
 - a) Memoria da actividade de servizo público realizada polo consorcio no exercicio anterior.
 - b) Liquidación orzamentaria e conta xeral aprobadas no derradeiro exercicio e orzamento do exercicio corrente.
 - c) Extracto das actas dos órganos de goberno no que figure a relación de acordos adoptados no exercicio anterior.
 - d) Proposta de pagamento da transferencia resultante e imputación orzamentaria do gasto.
2. Á vista da documentación sinalada no apartado anterior, o órgano interventor emitirá un informe no que, ademais da fiscalización do expediente, valorará os seguintes apartados:
 - a) A subsistencia das circunstancias que xustificaron a incorporación da Deputación ao consorcio.
 - b) A sostibilidade financeira da entidade.
 - c) A concorrencia dalgunha das causas de disolución previstas legalmente.
3. Cando da liquidación orzamentaria resulte un resultado positivo axustado, o importe da transferencia deberá minorarse no importe que deste lle corresponda a Deputación, segundo a porcentaxe de participación que lle corresponda a esta Corporación nos gastos de funcionamento da entidade.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: APLICACIÓN RETROACTIVA DA NORMA MÁIS FAVORÁBEL

O réxime sancionador previsto na presente modificación da Ordenanza xeral será de aplicación ás persoas beneficiarias e ás entidades colaboradoras, nos supostos previstos nesta disposición, sempre que o réxime xurídico sexa máis favorable que o previsto na



regulación anterior e non se ditara unha resolución administrativa que sexa executiva e poña fin ao procedemento segundo o disposto no artigo 90.3 da Lei 39/2015.

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, rexeranse pola normativa que no seu momento lle fora de aplicación, en todo o que sexa máis favorable á persoa beneficiaria.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.- DERROGACIÓN DA ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DO CONTROL FINANCIERO E DOS PROCEDIMENTOS DE REINTEGRO E SANCIONADOR DERIVADOS

Coa entrada en vigor desta ordenanza quedará derogada a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, cuxa última modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de marzo de 2024, publicándose o texto consolidado da mesma no Boletín Oficial da Provincia número 127 do 3 de xullo de 2024.

DISPOSICIÓN FINAL: A ENTRADA EN VIGOR

A presente modificación da Ordenanza entrará en vigor, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da devandita Lei, e cando se publique o acordo co texto íntegro da Ordenanza.

SEGUNDO: Consonte ao previsto no artigo 49 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, proceder á exposición pública e audiencia ás persoas interesadas por un prazo de trinta días hábiles, durante os que se poderán presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

No caso de que se presenten reclamacións ou suxestións no prazo conferido para o efecto, o expediente volverá a presentarse perante o Pleno da Corporación, para a estimación ou desestimación destas e aprobación definitiva do texto da ordenanza; noutro caso, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.

TERCEIRO: O texto definitivamente aprobado será publicado no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor aos quince días da súa publicación.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O xefe do Servizo
Manuel Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)

A deputada provincial
Rosa Ana García López (asinado dixitalmente)"

34.- Aprobación da prórroga do prazo de execución e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a Fundación Paideia Galiza para financiar o proxecto "Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo" no marco do Plan de Emprego Local (PEL).



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de aprobación da prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e a Fundación Paideia Galiza para financiar o proxecto "Marketing Dixital, Empregabilidade de Cooperativismo", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), na anualidade 2023, proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1º Aprobar a prórroga do convenio 87/2023, de colaboración entre a Deputación Provincial e a Fundación Paideia Galiza para financiar o proxecto "Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo", cun orzamento total de 173.500,00€, e cunha aportación por parte da Deputación Provincial da Coruña de 86.750,00€ que supón unha porcentaxe de financiamento do 50%, sendo a nova data de vixencia e xustificación do convenio o **31 de outubro de 2025**, e o novo prazo de execución das actividades ata o **30 de setembro de 2025**.

2º Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden dende o 1 de xuño de 2023 ata 30 de setembro de 2025.

2. Rematadas as actividades, a Fundación Paideia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.



4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a correcta e axeitada xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento do xuro legal do diñeiro, computado desde a finalización do prazo de catro meses antes indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciárase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xuño de 2023** ata o **30 de setembro de 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de outubro de 2025**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento."

(O Sr. Calvelo Martínez abandona o Salón de Plenos).

35.- Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da Seguridade Viaria na DP4804 Ponte do Porco a Vilamateo Punto Quilométrico 0+00 - 1+340 (Miño e Paderne) incluído no Plan de Vías Provinciais 2024.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Ausentouse un deputado. Imos esperar á votación, a que se volva incorporar, se vos parece.

(O Sr. Calvelo Martínez entra no Salón de Plenos).

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 1 deputado (PP).

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

"1.- APROBAR TÉCNICAMENTE o proxecto MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP4804 PONTE DO PORCO A VILAMATEO PUNTO KILOMÉTRICO 0+00 - 1+340 (MIÑO E PADERNE) que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2024, cun orzamento total de 927.518,08 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN	CLASIFICACIÓN
2024.1110.0004.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP4804 PONTE DO PORCO A VILAMATEO PK 0+00 - 1+340 (MIÑO E PADERNE)	(MIÑO E PADERNE)	927.518,08 €	12 Meses	G-4-3

2.- INICIAR os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra anteriormente referenciada, ascendendo o orzamento da expropiación e bens afectados á cantidade de *setenta e dous mil quinientos oitenta euros con dous céntimos (72.580,02 €)*."

3.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

4.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

ACTUACIÓN DE CONTROL

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Moi ben. Procedemos a actuacións de control, mocións non hai. Rogos, preguntas?

Sr. Ben Otero

Buenos días. Yo traigo dos ruegos, el primero es referido al conocimiento que hemos tenido del incremento por la aportación de las PIE, un dinero no presupuestado,



digamos, por una cantidad superior a los 40 millones de euros, debido al momento en que ese dinero se va a aportar a la institución, que entendemos que será a finales de agosto-principios de septiembre, más o menos, nosotros lo que pediríamos, por favor, es que ese dinero se destine a un plan específico de gasto corriente con los criterios de distribución que tenemos acordados en esta casa, ¿por qué? Nosotros bien es verdad que esto entra de alguna manera en contradicción con lo que hemos venido pidiendo últimamente, que es planes específicos de abastecimiento y saneamiento, pero, teniendo conocimiento de los argumentos a que el Gobierno provincial, de forma reiterada, alude respecto a la autonomía municipal y demás, sí creemos que sería importante que ese dinero se destine un plan específico de gasto corriente para que los ayuntamientos, en virtud de la autonomía municipal que tienen, puedan abordar los gastos y los excesos de costes que tienen este año porque, de otra manera, ese dinero acabaría inevitablemente yendo a remanente y engrosando aún más la cantidad económica importantísima que ya tenemos en las entidades bancarias, lejos de lo que es su razón de ser, que es estar al servicio de los ciudadanos. Es el primer ruego.

El segundo es referente a una moción que se aprobó por unanimidad a instancia del Grupo Popular en el Pleno de Betanzos el 25 del 6 del año 2024. Y, si me lo permiten, voy a hacer lectura a la misma. La traslado de parte de nuestros compañeros de Betanzos, repito, fue aprobada por unanimidad y dice lo siguiente:

"O Grupo Municipal Popular do Concello de Betanzos, conforme ao disposto no regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, desexa levar ao Pleno municipal a seguinte proposta de moción:

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o pasado 18 de agosto do ano 20 o período 21-30 como o segundo decenio de acción pola seguridade viaria, xa que en 2020 non se alcanzou a meta de 3,6 dos obxectivos de desenvolvemento sostible na Axenda 2030 de redución á metade do número de vítimas mortais e feridos graves en accidentes de tráfico. Trátase dunha oportunidade a nivel mundial para que a seguridade viaria sexa considerada un aspecto para ter en conta nas políticas públicas de todos os países. Os patróns de mobilidade atópanse nun proceso de cambio profundo. Cada vez máis persoas optan por usar a bicicleta e camiñar, xa sexa por consideracións ambientais ou por motivos de saúde e benestar persoais, o cal significa que hai máis usuarios vulnerables e desprotexidos nas estradas. Unhas políticas de mobilidade activa máis firmes poden supoñer un punto de inflexión á hora de reducir as emisións de CO₂, mellorar a calidade do aire e reducir a conxestión do tráfico. Pero as medidas que estimulan estas opcións de mobilidade tamén deben ter en conta de forma sistemática consideracións relativas á seguridade.

Calcúlase que as infraestruturas viarias e os arredores das estradas son o factor que contribúe a máis do 30% dos accidentes de tráfico. Unhas estradas ben deseñadas e adecuadamente mantidas poden reducir a probabilidade de accidente de tráfico, a identificación dos riscos e a cualificación da seguridade de forma sistemática, é dicir, avaliacións proactivas, ademais de análises reactivas máis tradicionais de lugares con alta concentración de accidentes, son ferramentas útiles para avaliar a calidade e seguridade da rede viaria. Ademais, as normas revisadas preparan o terreo para lograr uns niveis máis elevados de automatización nos vehículos ao iniciar os traballos relativos a especificacións para a efectiva sinalización e marcas viarias, incluída a localización, visibilidade e retroreflectividade. O peón é o principal protagonista da mobilidade e debería ser o centro de atención fundamental respecto á seguridade viaria e á comodidade.

Temos constancia de que na DP-0906, estrada provincial que rexistra altos niveis



de tráfico rodado ao seu paso por Caraña, A Serpe e Touriñao, entre outros, a meirande parte dos condutores non respectan os límites de velocidade establecidos, poñendo en situación de risco extremo á veciñanza que utiliza o sistema de transporte público, así como a senda peonil, principalmente nenas e nenos e persoas maiores que se ven na obriga de cruzar a estrada para acceder ás paradas de autobús. Curvas con pouca visibilidade, estado lamentable do firme, inexistencia de pasos de peóns, así como manifestos excesos de velocidade, están a poñer en perigo a seguridade da veciñanza.

A proposta de acordos que se trae, e que se aprobou en Betanzos é a seguinte:

1. Instar a Deputación Provincial da Coruña a proceder a reparar o firme, beirarrúas, así como sinalizar pasos de peóns nas inmediacións das paradas de autobús.
2. Instar a Deputación Provincial da Coruña a establecer un sistema de control da velocidade que garanta a seguridade dos peóns.
3. Instar a Deputación Provincial da Coruña a reforzar a seguridade do vial á altura da estrada que comunica co camposanto municipal.
4. Que a alcaldesa ou o concelleiro no que delegue leve ao fin os citados acordos.

Isto, repito, é unha moción presentada polo Grupo Popular en Betanzos en data 25 de xuño, foi aprobada por unanimidade, e o que facemos aquí é un recordatorio desta iniciativa, que esperamos que o antes posible se poida levar a cabo. Máis nada e grazas.

Sr. Presidente

Contestando aos dous rogos moi brevemente, respecto á primeira proposta de emprego das liquidacións do Estado, das novas achegas que fan as entidades locais, efectivamente estamos xa pensando niso, é dicir, xa á data de hoxe temos o POS máis importante da historia aprobado, entre o POS inicial e o POS adicional 1; haberá un POS adicional 2, veremos en que cantidades porque hai que facer unha serie de axustes, e estamos en conversas xa para levar a cabo a tramitación dun POS adicional 2 que faga o POS máis grande da historia con moita diferenza, e onde prestemos atención basicamente ao gasto corrente dos 93 concellos da provincia e aproveitando esa oportunidade, non?, tendo en conta que o Servizo de Axuda no Fogar, que a dependencia, ten unha carencia enorme e que todas as licitacións destes contratos están superando as previsións de todos nós.

Respecto ao segundo, tomamos nota da proposta aprobada por unanimidade por todos os grupos no Concello de Betanzos que, seguramente, terá a mesma entidade e a mesma importancia, espero que teña o mesmo tratamento tamén por parte da Xunta de Galicia na AC-542, que tamén é unha demanda histórica do Concello de Betanzos, de todos os grupos do Concello de Betanzos, de que conte cunha senda peonil nunha estrada que ten moitísimo máis tráfico, enormemente máis tráfico que a estrada provincial, pero unha cousa non quita a outra e, loxicamente, someteremos a criterio técnico e valoraremos a necesidade, que seguro que está máis que acreditada.

Máis rogos, preguntas? Si.

Sra. García Gorostizu

Gracias. ANHIDA es una asociación sin ánimo de lucro constituida por personas afectadas por TDH, además de profesionales y voluntariado implicados y comprometidos en intentar mejorar las condiciones de vida de las personas que presentan esta patología. Inició su actividad en el año 2010, hace más de 14 años y, aunque su sede se encuentra



en Culleredo, su ámbito de actuación abarca todos los concellos del área metropolitana de Coruña, contando con más de 900 socios. Ha sido también declarada como entidad de utilidad pública en el año 2019 y de utilidad pública municipal en el 2022 y asimismo está acreditada como entidad prestadora de servicios sociales y como entidad sanitaria acreditada por la Xunta de Galicia. También ha sido galardonada con premios de distintas administraciones públicas, como por ejemplo varias convocatorias del premio José Luis Muruzábal del Consorcio das Mariñas. A lo largo del año, realizan numerosas actividades, talleres, cursos, seminarios, asesoramiento. A mayores, también imparten servicios y actividades para socios, forman a profesionales de la educación y el voluntariado y realizan labores de comunicación y difusión.

Para el desarrollo de todas estas actividades, ANHIDA dispone actualmente de un local de 130 m² que resulta insuficiente debido al amplio número de socios y las distintas actividades que imparte. El concello tampoco dispone de un local que se adapte a las necesidades de la entidad y le cede distintas salas deslocalizadas en distintos puntos del territorio. El no disponer de un local grande en el que se puedan agrupar todas las actividades provoca descontrol en los niños, que se desorientan y no saben con quién realizarán la actividad y en qué local, y también provoca que se pierda tiempo en desplazamientos entre una y otra actividad, tanto de los niños como de los profesionales, obligando también en numerosas ocasiones a los padres a tener que esperar entre sesiones para poder llevar a sus hijos de un local a otro, no siendo siempre posible.

Afortunadamente, el local adyacente a donde tienen la sede actualmente ha quedado libre para alquilar. Son 170 m² a mayores, con lo que darían solución al problema planteado. Es por ello que le ruego a la diputada de cohesión social que se reúna con la presidenta de la entidad para la posibilidad, estudiar la posibilidad de firmar un convenio de colaboración de 15.000 €, con el objetivo de que la entidad disponga de los recursos económicos necesarios para el alquiler de este nuevo local y poder ofrecer un servicio de mayor calidad a los usuarios de estos servicios prestados. Gracias.

Sr. Presidente

Vale, pois imos contestarlle brevemente a este rogo. En primeiro lugar, da mesma maneira que lles contestamos ás entidades sociais que veñen á Deputación da Coruña. Como ben sabedes, máis de 800 entidades sociais son soportadas ou semisoportadas pola Deputación da Coruña a través das distintas convocatorias e incluso convenios que temos individuais.

A competencia en materia de protección social é da Xunta de Galicia. Entón, a contestación que sempre lles damos ás entidades sociais e que reciben de bo grado é que a primeira porta á que hai que ir chamar é a entidade competente que sexa, o Estado nalgún caso ou a Xunta de Galicia noutro e o concello noutro. Neste caso é a Xunta de Galicia e, polo tanto, nós ao que nos comprometemos é a que, se a entidade competente na materia fai un esforzo para resolver unha situación que entendemos que é absolutamente imprescindible resolver, nós imos estar aí colaborando en resolver a situación, tamén dando financiamento, ten a entidade o noso compromiso, pero primeiro, para non desvirtuar a competencia e ao final non baleirar de competencia as entidades e non desvirtuar o que é a tarefa institucional, pois loxicamente a primeira porta á que hai que acudir é á Administración competente.

Nós colaboramos en todos os eidos, teñamos competencia ou non teñamos competencia, pero unha cousa é afrontar algo que é da nosa competencia sen ter que chamar á porta de ningún terceiro, e outra cousa é, onde non temos competencia,



afrontar, digamos que individualmente esa tarefa. Eu creo que imos facer as cousas ben, a primeira porta á que hai que chamar é á Xunta de Galicia, se a Xunta de Galicia, a consellería competente, achega unha cantidade, a Deputación da Coruña vai complementar esa cantidade para que iso sexa unha realidade.

Sra. García Gorostizu

A la primera puerta ya se ha llamado, ya parece que se llega a un acuerdo, entonces, bueno, espero que entonces esa segunda puerta que usted ha dejado abierta, pues se llegue a poder firmar ese convenio.

Sr. Presidente

Sexa a través de convenio ou de convocatoria, nós imos estar apoiando ANHIDA, como xa estamos apoiando. En calquera caso, esta porta está aberta para que a directiva poida acudir a unha reunión a esta casa para concretar precisamente as achegas duns e outros.

Sr. Amado de la Fuente

Unha pregunta oral ao Goberno provincial relativa á supresión dos talleres literarios organizados pola biblioteca da Deputación. Hai unhas semanas comezaron a chegar a esta Deputación escritos de queixa pola suposta supresión dunhas actividades e particularmente duns talleres de lectura literaria que dende hai 24 anos viña ofrecendo este ente provincial na biblioteca da Deputación. Segundo refiren os asinantes das queixas, os talleres colleitaron sempre unha moi estimable asistencia de persoas, arredor de 100, e unha gran valoración entre os participantes. Por un elemental respecto aos usuarios deste servizo cultural, estes deberían ter sido informados sobre a suposta supresión destas actividades e sobre as razóns da comentada supresión, e máxime cando, tras non facelo nun primeiro momento, os usuarios se dirixiron ao presidente da Deputación solicitando unha aclaración do sucedido e a continuidade das actividades.

A falta de explicacións e de información sobre a posible supresión destas actividades dá pé ás máis inquietantes suspicacias ou sospeitas por parte dalgúns usuarios que chegan a situar a comentada cancelación das actividades e talleres en contextos históricos e literarios da queima de libros e da persecución da máis variada literatura universal. Así as cousas, e dado que nin a deputada directamente responsable do servizo nin o propio presidente da Deputación transparentan o futuro destas actividades e se negan a informar e a dialogar cos afectados, o Grupo Provincial do Partido Popular formula neste Pleno a seguinte pregunta:

Pode o presidente da Deputación aclarar se se van suprimir esas actividades e talleres literarios que se viñan desenvolvendo na Biblioteca provincial? E pode confirmarse este xeito explicar o alcance dos cambios e a razón deles, así como a falta de resposta dada os usuarios? Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Ben, pois a Biblioteca provincial é unha Biblioteca provincial, non é unha biblioteca do Concello da Coruña nin unha biblioteca municipal. A Rede de Bibliotecas Municipais do Concello da Coruña existe e prestan servizo como bibliotecas municipais, tal como establece a Lei de bases de réxime local, ao Concello da Coruña. Por tanto, a nosa intención non é só, non é reducir o orzamento da Biblioteca provincial, que é un orzamento millonario, é a biblioteca máis cara de toda a provincia, con máis



orçamento de toda a provincia, con máis persoal de toda a provincia, e a única vixiada durante 24 horas, se non é incrementar incluso o orzamento, porque entendemos que ten que prestar unha función provincial.

Eu creo que os talleres de lectura que fai a biblioteca municipal de Trazo, ou de Frades, págao o Concello de Frades, e págao o Concello de Trazo, non os paga a Deputación da Coruña. Polo tanto, entendemos que hai que reorientar a biblioteca a que sexa o que tiña que ter sido dende o principio, que é Biblioteca provincial, non Biblioteca municipal, en calquera caso, independentemente de que preste servizos, pola súa situación, pois a calquera veciño ou veciña da Coruña, que son veciños da provincia tamén e, polo tanto, non se van deixar de prestar os servizos esenciais, non? Pero o que non queremos é incrementar un catálogo de servizos que están destinados única e exclusivamente aos veciños da Coruña, que para iso se prestan en moitos casos de forma duplicada coas bibliotecas municipais. Polo tanto, entendemos que un usuario que pode acudir a calquera das redes de bibliotecas municipais do concello da Coruña que están perfectamente xestionadas, que son amplas, que están modernizadas, que teñen un orzamento importantísimo e un gran persoal, ten ese servizo xa prestándose nelas. Por tanto, entendo que lle poida molestar a un veciño deste distrito camiñar ata Elviña, pero en calquera caso a Deputación ten un carácter provincial, non municipal.

Máis?

Moi ben. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:41 horas.